# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL

## CEIP PLURILINGÜE DE PORTONOVO

CURSO: 2023-24

**DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: Martes, 31 de outubro do 2023**

**DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: Martes, 31 de outubro do 2023**

**DATA REMISIÓN Á INSPECCIÓN: Mércores, 1 de novembro do 2023**

TÁBOA DE CONTIDO


1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO
2. HORARIO XERAL DO CENTRO
    2.1. HORARIO LECTIVO
    2.2. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO
    2.3. HORARIO DE VERÁN
3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIO
    3.1. TRANSPORTE ESCOLAR
    3.2. COMEDOR
    3.3. PLAN MADRUGA
4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE
5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO
6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN
7. ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA
8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO
9. PROXECTO EDUCATIVO
10. CONCRECIÓN CURRICULAR
11. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO
12. PLAN ANUAL DE LECTURA
13. CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL
14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE
15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO
    15.1. RESULTADOS DA ENQUISA SOBRE A LINGUA PREDOMINANTE EN EDUCACIÓN INFANTIL
    15.2. CONSTITUCIÓN DO EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DE LINGUA GALEGA
    15.3. VALORACIÓN DOS PROGRAMAS E ACTIVIDADES PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA REALIZADOS NO CURSO ANTERIOR E PROPOSTAS DE MELLORA PARA O CURSO SEGUINTE
    15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA
    15.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓN
16. PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

16.1. CONSTITUCIÓN DO DO

16.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO. XUSTIFICACIÓN POLO CONTEXTO ESCOLAR E SOCIAL ACTUAL (CURSO 2023-24). NECESIDADES

16.2.1. PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS E SINAIS DE IDENTIDADE DO NOSO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

16.3. FUNCIONAMENTO DO NOSO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

16.4. OBXECTIVOS PARA O PRESENTE CURSO 23-24 EN RESPOSTA ÁS NECESIDADES DO NOSO CENTRO ESCOLAR CONFORME AS LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN. ESTRATEXIAS E ACCIÓNS PARA A SÚA CONSECUCIÓN.

16.5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN NO CURSO 2023-24 EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA ESTE CURSO RESPECTO ÁS NECESIDADES REFERIDAS NO APARTADO 1.

16.6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CURSO 2023-24 E SEGUIMENTO DOS MESMOS

16.7. ANEXOS

17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

18. CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

19. PLURILINGÜISMO

19.1. PROFESORADO RESPONSABLE

19.2. SECCIÓNS BILINGÜES/PLURIINFANTIL

19.3. CENTROS PLURILINGÜES

19.4. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA PLURILINGÜE OU SECCIÓNS BILINGÜES

19.5. MECANISMOS DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO AUXILIAR DE CONVERSA

20. PLAN PROXECTA+

21. CONTRATOS-PROGRAMA: CPINCLÚE, CPINNOVA, PLAN RECUPERACIÓN

22. OUTROS PLANS E PROXECTOS NOS QUE PARTICIPA O CENTRO

23. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

24. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA

25. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

26. PLAN DE ADAPTACIÓN E ACOLLIDA

# 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO

| **Obxectivo:** Promover a motivación e o interés do alumnado e orientar o seu proceso de aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Proporcionar os recursos e as condicións necesarias para facilitar os aprendizaxes. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Mellorar os resultados académicos do alumnado, benestar socioemocional… | | |
| **Responsables** | Mestres/as | | |
| **Recursos e materiais** | Apoios nas aulas, reforzos, talleres, creación espazos lúdicos... | | |
| **Acción 2** | Implicar a toda a Comunidade Educativa no proceso educativo do alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Aumentar o número de persoas que colaboren no centro educativo | | |
| **Responsables** | Claustro, Consello, ANPA... | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

| **Obxectivo:** Potenciar un bo clima de traballo e de convivencia no Centro en referencia a toda a Comunidade Educativa | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Aumentar a participación no centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Aumentar o número de familias que acuden ao centro e facelas participes | | |
| **Responsables** | Equipo Directivo, mestres | | |
| **Recursos e materiais** | Mestres, profesionais, familiares ...que impartan distintos talleres | | |
| **Acción 2** | Fomentar a participación de toda a comunidade educativa na vida do colexio en colaboración coa ANPA e o Concello: | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |

| | |
|---|---|
| **Indicador** | Facilitar toda a información que sexa necesaria., colaborando con organismos e asociacións do Concello, realizar reunións periódicas coa ANPA, promovendo as relacións cos demais centros educativos do Concello. |
| **Responsables** | Equipo Directivo, mestres, ANPA... |
| **Recursos e materiais** | -Recursos propios do centro, asociacións, organismos públicos, etc<br>-Recursos humanos: profesorado, persoal non docente, e profesionais que visitan o centro nas actividades do concello, administración educativa, outras administracións públicas e centro. |

| **Obxectivo:** Potenciar actividades que melloren a coordinación entre Educación Infantil e Educación Primaria é entre os diferentes niveis, ciclos, secundaria… | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T x**☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Desenvolver e impulsar o traballo por proxectos nos ciclos e niveis aproveitando distintos recursos solicitando a colaboración da comunidade educativa: familias, alumnado, ANPA, administración educativa e municipal. | | |
| **Responsables** | Comunidade Educativa | | |
| **Recursos e materiais** | -Espazos do centro e próximos ao entorno: patios, laboratorio, sala de audiovisuais, aula de informática, biblioteca, parque, porto, praia, etc. | | |

| **Obxectivo:** Dinamizar a biblioteca escolar (PLAMBE) | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Crear unha biblioteca activa e dinámica que ademais fomente as iniciativas que potencien a lectura, e que axuden a mellorar o hábito lector entre o alumnado | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Crear bibliotecas activas, bibliotecas de aula, clubs de lectura | | |
| **Responsables** | Equipo Biblioteca, mestres, alumnado | | |
| **Recursos e materiais** | Recursos humanos, novas tecnoloxías, espazos, recunchos activos, radio escolar... | | |

# 2. HORARIO XERAL DO CENTRO

## 2.1. HORARIO LECTIVO

O horario lectivo do alumnado será o seguinte:

| HORARIO ALUMNADO | |
|---|---|
| 08:50 a 13:50 | De luns a venres |

**<u>EDUCACIÓN INFANTIL</u>**

<u>Entrada</u>: entre 8:50h e 08:55h------------------ Cancela do Parque Espiñeiro
<u>Saída</u>: A partir das 13:50h ---------------------- Cancela do Parque Espiñeiro

**<u>EDUCACIÓN PRIMARIA</u>**

Segundo vaian chegando xa van entrando ás aulas no horario de 8:40 – 8:50h

A partires desta hora pecharanse as cancelas do recinto e só se poderá entrar pola entrada de piragüismo.

**ENTRADA: 8:40h - 08:50h**

- Nova Cancela fronte a marquesiña (parada autobús)
- Cancela parque espiñeiro. (patio de primaria)

**<u>SAÍDAS</u>**

<u>1º, 2º e 3º PRIMARIA 13:50H</u>

- Nova Cancela fronte a marquesiña (parada autobús)

<u>4º, 5º e 6º PRIMARIA 13:50H</u>

- Cancela parque Espiñeiro

O comedor celebrarase de 13:50 a 16:00.Os pais terán que avisar a que hora van recoller aos seus fillos.

O curso 2023-24 comeza co Plan Madruga de 7:30 a 8:50 horas

O horario das actividades extraescolares será de 16:00 a 18:00 horas

**<u>HORARIO DO PROFESORADO</u>**: O horario de dedicación do profesorado a actividades no centro será de 30 horas semanais que se reparten así:

• 30 de carácter fixo.

• 25 lectivas

• 5 complementarias fixas para posibilitar a titoría dos pais/nais e as reunións dos equipos e outros órganos de coordinación ( Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, Convivencia, Biblioteca...), sesións de avaliacións, reunións de Claustro e Consello escolar... Destas realízanse os martes pola tarde 3 horas de 16:00 a 19:00 h. e as 2 restantes en gardas das tardes de 16:00 a 18:00 horas, realizadas por dous/dúas mestres/as de luns a venres, días que hai actividades organizadas pola ANPA, Concello e outras Asociacións.

| Gardas recreo Infantil | | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Recreo fóra | Recreo dentro (choiva) | | | | | |
| Entrada | 4º EI | Rosana | Benchara | Esther | Jorge | Chaves |
| Areeiro | 5º EI | AL | AL | AL | AL | AL |
| Campo de fútbol – parte de atrás | 6º EI | Miriam | Rosana | Fernando | Sonia | Miriam |
| Ler | | Sonia<br>Benchara<br>Esther | Miriam<br>Sonia<br>Esther | Miriam<br>Sonia<br>Benchara | Miriam<br>Esther<br>Benchara | Sonia<br>Benchara<br>Esther |

| Gardas recreo Primaria | | Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Recreo fóra | Recreo dentro (choiva) | | | | | |
| Entrada - mesas | Coloquial 1º - 3º | Sefi | Veli | Iván | Veli | Elena |
| Campos-patio cuberto | Coloquial 2º -4º | Antonio | Jéssica | Sefi | Rosana | Currás |
| Arboreda-areeiro | Coloquial 5º- 6º | Charo | Montse | Antonio | Jéssica | Rosana |
| Recreo inclúe | | Luz | Desi | Luz | Desi | Luz |
| Biblioteca | | Ana | Pastora | Ana | Ana | Pastora |

A biblioteca estará aberta todos os recreos.

## 2.2. Horario de atención ao público

**ATENCIÓN ÁS FAMILIAS**

- De luns a venres 9:00h a 14:00h
- Martes de 16:00h a 19:00h

**De forma máis detallada:**

- **TITORÍAS**: Martes de 16:00h a 17:00h e noutras horas con dispoñibilidade dos titores/as ao longo da mañá (de maneira extraordinaria).
- **DIRECCIÓN:** Luns, mércores, xoves e venres de 13:00h a 13:50h

  Martes de 10:30 a 11:20h
- **XEFATURA**: Luns de 10:30 a 11:20h, martes de 9:40 a 10:30h, mércores de 8:50 a 9:40, xoves e venres de 12:10 a 13:00h
- **SECRETARÍA:** Luns, martes, mércores e venres de 9:40 a 10:30h e os xoves de 8:50 a 9:40h
- **ADMINISTRACIÓN**: Luns a venres de 09:00 a 14:00 horas e martes de 16:00h a 19:00h

### 2.3. HORARIO DE VERÁN. MES DE XULLO

- SECRETARÍA/ADMINISTRACIÓN – Luns a venres de 09:00 a 14:00 horas
- EQUIPO DIRECTIVO - Luns a venres de 09:00 a 14:00 horas

## 3. ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### 3.1. TRANSPORTE ESCOLAR

| **Ruta nº 1: CEIP Plurilingüe de PORTONOVO - DEPÓSITO** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **MONBUS** | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: 1 | 5º EI: - | 6º EI: - | 1º EP: 2 | 2º EP: 3 | 3º EP: 2 |
| | 4º EP: 2 | 5º EP: 2 | 6º EP: 3 | | | |
| **Horarios** | **8:40/13:55** | | | | | |
| **Transporte integrado** | Si ☒ | | | Non ☐ | | |

| **Ruta nº 2: CEIP Plurilingüe de PORTONOVO – ARRA POBO** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **UTE SALNES** | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: - | 5º EI: - | 6º EI: 2 | 1º EP: 3 | 2º EP: 5 | 3º EP: 3 |
| | 4º EP: 4 | 5º EP: 2 | 6º EP: 5 | | | |
| **Horarios** | **8:25/14:00** | | | | | |
| **Transporte integrado** | Si ☐ | | | Non ☒ | | |

| **Ruta nº 3: CEIP Plurilingüe de PORTONOVO - CEMITERIO** | |
|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **UTE SALNES** |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: 3 | 5º EI: 3 | 6º EI: 1 | 1º EP: 3 | 2º EP: - | 3º EP: 3 |
| | 4º EP: - | 5º EP:8 | 6º EP:3 | | | |
| **Horarios** | **8:27/14:00** | | | | | |
| **Transporte integrado** | Si ☐ | | | Non ☒ | | |

## 3.2. COMEDOR

| **Instalación: COMEDOR do CEIP Plurilingüe de Portonovo** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **Catering Arelas** | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: 5 | 5º EI: 2 | 6º EI: 4 | 1º EP:11 | 2º EP: 4 | 3º EP: 5 |
| | 4º EP: 2 | 5º EP: 2 | 6º EP: 4 | | | |
| **Horario de uso** | **13:50-16:00** | | | | | |
| **Nome da persoa responsable** | **M.ª Isabel Besada García (presidenta ANPA)** | | | | | |

## 3.3.PLAN MADRUGA

| **Instalación: COMEDOR do CEIP Plurilingüe de Portonovo** | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Entidade que presta o servizo** | **EDUTECA CAMBADOS** | | | | | |
| **Nº alumnos usuarios** | 4º EI: 2 | 5º EI: - | 6º EI: - | 1º EP: 2 | 2º EP: - | 3º EP: - |
| | 4º EP: - | 5º EP: 2 | 6º EP: 1 | | | |
| **Horario de uso** | **7:30-8:40** | | | | | |
| **Nome da persoa responsable** | **M.ª Isabel Besada García (presidenta ANPA)** | | | | | |

# 4. PLAN DE COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

| Nome | Función | Horario |
|---|---|---|
| Teresa Gondar Otero | Administrativo | 09:00-14:30<br>Martes 16:00-19:00 |
| Alfonso Doce | Conserxe | 07:15-14:30 |
| María Dolores Corujo Moruja | ATE | 08:50-13:50 |

| | | |
|---|---|---|
| O persoal de limpeza realiza as súas labores de limpeza no centro polas tardes | Limpeza | 14:30-20:00 |

## 5. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES ORGANIZADAS POLO CENTRO

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Mª Pastora Prado Tirado | 1 | Titora 6º EP |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Jorge Vallejo Bea | | Titor 5º EP |
| Jose M. Currás Otero | | E. Física |
| Mª Fernanda Iglesias Gómez | | Inglés |
| Eva Vidal Maquieira | | AL |

**PLAN DE TRABALLO**

O equipo acordou que, as actividades e conmemoracións, deben seguir realizándose con propostas comúns a todo o centro. Estas actividades poderán porse nas redes sociais do centro, dando a coñecer o resultado final á comunidade educativa, contando sempre, si é preciso, coa colaboración das familias. Todas se solicitarán co horario das 10:00 h para que lle dea tempo o transporte a regresar dentro do horario lectivo.

| PLAN DE TRABALLO | OBXECTIVOS |
|---|---|
| O equipo acordou que, as actividades e conmemoracións, deben seguir realizándose con propostas comúns a todo o centro. Estas actividades poderán porse nas redes sociais do centro, dando a coñecer o resultado final á comunidade | ○ Elaborar o programa anual destas actividades, tendo en conta as propostas dos distintos niveis, as orientacións do claustro e da comisión de coordinación pedagóxica.<br>○ Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.<br>○ Proporcionarlles ós alumnos/as e ós pais/nais a información relativa ás actividades do equipo.<br>○ Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos e a ANPA.<br>○ Coordinar calquera tipo de viaxes, saídas... que se realicen cos alumnos/as. |

| | |
|---|---|
| educativa, contando sempre, si é preciso, coa colaboración das familias. | ○ Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluirá na memoria do centro.<br>○ Colaborar na organización e realización das actividades propostas no calendario oficial para todo o Centro.<br>○ Colaborar na organización dos festivais e actividades que se leven a cabo no Centro.<br>○ Calquera outra actividade que non se contempla pero que, chegado o momento, se considera de interese para o alumnado do Centro. |

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| MAGOSTO | 10-11-23 | Todo o colexio | Todo o profesorado |
| NADAL | 21-12-23 | Todo o colexio | Todo o profesorado |
| ENTROIDO | 09-02-24 | Todo o colexio | Todo o profesorado |
| MAIOS | Sen concretar | Todo o colexio | Todo o profesorado |
| SAÍDAS | Sen concretar | Todos os cursos | Profesorado dos distintos cursos |
| FESTA DE FIN DE CURSO | 21-06-24 | Todo o colexio | Todo o profesorado |

## 6. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN

Se levará a cabo un por trimestre

| | |
|---|---|
| Centro | CEIP PLURILINGUE DE PORTONOVO |
| Dirección | RÚA AREAL, 5 PORTONOVO |
| Niveis educativos | INFANTIL E PRIMARIA |
| Data do simulacro | **PENDENTE** |

| | | | |
|---|---|---|---|
| O simulacro seguiuse seguindo as instrucións | | Si ☐ | Non ☐ |
| Participación do profesorado | Boa ☐ | Media ☐ | Baixa ☐ |
| Observacións | | | |

| TEMPOS REAIS DA EVACUACIÓN |
|---|

| | Tempo controlado | Nº Alumnos evacuados |
|---|---|---|
| Planta baixa | | |
| 1ª Planta | | |
| 2ª Planta | | |
| 3ª Planta | | |
| 4ª Planta | | |
| Soto | | |
| Total do centro | | |
| Observacións | | |

| Resposta do alumnado | | |
|---|---|---|
| Boa ☐ | Mala ☐ | Regular ☐ |
| Observacións | | |

| Capacidade das vías de evacuación | |
|---|---|
| Suficiente ☐ | Insuficiente ☐ |
| **Producíronse interferencias nas vías das diferentes plantas** | |
| Si ☐ | Non ☐ |
| Observacións | |

| Puntos ou zonas de estreitamento perigoso | |
|---|---|
| | |
| Observacións | |

| Valoración do funcionamento eficaz dos medios de emerxencia | | | |
|---|---|---|---|
| Sistema de alarma | Bo ☐ | Deficiente ☐ | Non existe ☐ |
| Alumeado de emerxencia | Bo ☐ | Deficiente ☐ | Non existe ☐ |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Escaleiras de emerxencia | Bo ☐ | Deficiente ☐ | Non existe ☐ |
| **Puideron cortarse os subministros de** | | | |
| Gas | Si ☐ | Non ☐ | Non existe ☐ |
| Electricidade | Si ☐ | Non ☐ | Non existe ☐ |
| Gasóleo | Si ☐ | Non ☐ | Non existe ☐ |
| Auga | Si ☐ | Non ☐ | Non existe ☐ |
| Observacións | | | |

| OBSTÁCULOS ATOPADOS NAS VÍAS DE EVACUACIÓN | |
|---|---|
| | |
| Observacións | |

| INCIDENTES NON PREVISTOS | |
|---|---|
| Accidentes de persoas | |
| Danos no edificio | |
| Danos no mobiliario | |
| Observacións | |

| CONCLUSIÓNS | |
|---|---|
| Balance xeral | |
| Propostas de mellora | |

En Portonovo a...........de .....................................de 20....

O Director/a

## 7.ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

| **Nome Coordinador/a** | **Horas redución** | **Nivel/Especialidade** |
|---|---|---|
| Ana María Ferreiro Giadás PLAMBE | 4 | Relixión Católica |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Miguel Ángel Chaves RADIO E POLOS CREATIVOS | 5 | Especialista Música |
| Désirée Freijanes BIBLIO CREATIVA E RRSS | 2 | Titora 4º EP |
| Sonia Gonzalez PDI do centro | 2 | Titora 6º EI |
| Mª Rosario Pazos | 2 | Titora/Apoios |
| Elena Meis | 1 | Titora 1º EP |
| Esther Llaniera | 1 | Titora 5º EI |
| Manuel Vieitez | 1 | Especialista Inglés EI-EP |

| **Horarios funcionamento biblioteca** | |
|---|---|
| Horario de apertura con atención do equipo de biblioteca en horario lectivo | De 8:50 a 13;50 de luns a venres |

| | |
|---|---|
| Horario de apertura en horario non lectivo. | De 16:00 a 18:00 os luns, mércores e xoves. |
| Horario para a coordinación de biblioteca. | Luns, martes, mércores e xoves de 8:50 a 9:40h |

- O CEIP P. de Portonovo forma parte do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares dende o curso 2022/2023.
- As actividades da biblioteca se realizarán dende unha perspectiva inclusiva e tendo en conta a diversidade do alumando
- Orzamento do centro educativo destinado á biblioteca: 10%
- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo:** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Apoiar, na medida do posible, o labor docente e a aprendizaxe dos alumnos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Empregamos a hora de ler e calquera outra oportunidade para dar visibilidade a lectura como medio e modo de aprendizaxe** | | |
| **Responsables** | Titor/especialista que teña clase co grupo nesa franxa horaria. | | |
| **Recursos e materiais** | Libros da Biblioteca escolar e da Biblioteca de Aula. | | |
| **Acción 2** | Suxerir actividades de fomento da lectura para todos os ciclos: campañas, concursos, encontros, exposicións, dramatizacións ..., empregando a Biblioteca como lugar de referencia e de uso habitual, e potenciar o gusto e interese pola cultura e o saber. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** | **2º T** | **3º T** |
| **Indicador** | **Participamos nas distintas propostas e melloramos con elo o gusto pola lectura.** | | |
| **Responsables** | Equipo da Biblioteca e todo o claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Libros e todo o material da Biblioteca escolar, biblioteca de aula, ordenadores, ... | | |
| **Acción 3** | Aumentar o catálogo da nosa Biblioteca, para ofrecer aos nosos alumnos e alumnas recursos novos e atractivos que fomenten o gusto pola lectura. | | |

| | |
|---|---|
| | **Temporalización : Todo o curso escolar** |
| **Indicador** | **Mercaremos , catalogaremos  e poremos á disposición da comunidade educativa, novos libros e materiais** |
| **Responsables** | Equipo da Biblioteca |
| **Recursos e materiais** | Libros e material audiovisual e xogos e novidades do mundo editorial que poidamos mercar ao longo do curso |
| **Acción 4** | Conseguir achegar a Biblioteca a todos os sectores da comunidade educativa. |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **A comunidade educativa no seu conxunto fai uso das instalacións da Biblioteca Escolar** |
| **Responsables** | Equipo da Biblioteca, equipo directivo e todo o Claustro |
| **Recursos e materiais** | Libros e distitintos materiais audiovisuais e lúdicos da nosa Bilblioteca Escolar |
| **Acción 5** | Avanzar na formación de usuarios, dotando ao alumnado das estratexias e capacidades necesarias para o manexo dunha grande diversidade de recursos e servizos. |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **Os alumnos voluntarios da Biblioteca son capaces de usar os seus recursos e mesmo de aprender a outros usuarios** |
| **Responsables** | Coordinadora de Biblioteca e voluntarios, así como todo o Claustro |
| **Recursos e materiais** | Materiais da Biblioteca escolar e ordenadores da mesma, especialmente o de Meiga |
| **Acción 6** | Fomentar o hábito lector do alumnado. |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **Aumento dos empréstitos e da ilusión pola lectura no noso alumnado** |
| **Responsables** | Todo o claustro |
| **Recursos e materiais** | Libros das nosas bibliotecas, escolar e de aula |
| **Acción 7** | Conseguir que a Biblioteca se converta nun centro de recursos e de información, asegurando así unha ampla gama dos medios impresos, audiovisuais ou multimedia. |
| | **Temporalización Todo o curso** |

| | |
|---|---|
| **Indicador** | **Suscripción exitosa a novos xornais e revistas e o seu uso polo alumnado** |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca |
| **Recursos e materiais** | Xornais, revistas, videos, cd , material multimedia nas nosas bibliotecas, |
| **Acción 8** | Traballar a Radio Escolar como vehículo de comunicación e xerador de recursos escritos para o cole. |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **Publicación de programas de radio tanto en directo como de podcast. O alumnado voluntario de 5º e 6º se forma e é quen de pinchar música nos tempos de recreo** |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca e Coordinado polo mestre de Música |
| **Recursos e materiais** | Aparataxe da radio e materiais para a elaboración dos distintos programas. |
| **Acción 9** | Conseguir que a Biblioteca amplíe os seus espazos creativos con alomenos dous novos recunchos: arte-terapia e bricolaxe. |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **Creación exitosa destes dous recunchos** |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca, coordinado pola titora de 4º |
| **Recursos e materiais** | Mobiliario, ferramentas, artículos de debuxo e pintura |
| **Acción 10** | Conseguir que a Biblioteca se converta na coordinadora de todo o Proxecto PDI |
| | **Temporalización Todo o curso** |
| **Indicador** | **Xerar motivación cara ao Proxecto, mercar libros e materias respecto do PDI para toda a comunidade educativa.** |
| **Responsables** | Equipo de Biblioteca, coordinados pola titora de 6ºInfantil |
| **Recursos e materiais** | Películas, libros, revistas...relacionados co PDI deste curso |

## 8. PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO NO CENTRO

- Descrición dos programas.

| **Actividade formativa/programa:** Metodoloxías activas e propostas de aprendizaxe competencial. Introdución ao DUA e ao SEM | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Introdución ao DUA e ao SEM.<br>Coñecer novas metodoloxías que favorezan a aprendizaxe competencial | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR | | | | | |
| **Participantes** | Rosana, Elena, Fernando, Pastora, Montse, Fernanda, Luz, Antonio, Currás, Sefi, Veli e Charo | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☐ Non ☐ | | |
| **Nome coordinador** | Rosana Díaz Paris | | | | | |
| **Nome asesor externo** | Luís Velay | | | | | |

| **Actividade formativa/programa:** Polos Creativos | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Descrición do programa** | Polos Creativos.<br>Deseño de proxectos multidisciplinares para desenvolver o currículo a través do material do Polo Creativo | | | | | |
| **Tipo** | ☐ Curso | ☐ Grupo Traballo | ☒ Seminario | ☐ Xornada | ☐ Ponencia | ☐ Taller |
| **Horas** | **Temporalización** | | | | | |
| | **1º T** ☒ | | **2º T** ☒ | | **3º T** ☒ | |
| **Responsables** | CFR | | | | | |
| **Participantes** | Rosana, Jorge, Elena, Lorena, Miriam, Manuel, Benchara, Luz, Iván, Currás, Esther, Antonio, Ana, Desi, Charo, Pastora, Sonia e Miguel A. | | | Houbo novas incorporacións respecto ao ano anterior: Sí ☐ Non ☐ | | |
| **Nome coordinador** | Miguel Angel Chaves | | | | | |
| **Nome asesor externo** | Luís Velay | | | | | |

## 9. PROXECTO EDUCATIVO

Nos vindeiros anos, intentaremos que o noso proxecto educativo nos achegue a un centro que teña como fin último o desenvolvemento armónico e integral do alumnado, onde poida convivir, medrar, aprender e desenvolverse como persoas que pensan, se manifestan, deciden, reflexionan, cuestionan, con gañas de seguir aprendendo, responsables, activas e cun gran sentido crítico. Un alumnado que sinta o cole como a súa casa, que se sinta seguro, respectados e acompañados. Ao longo dos cursos anteriores estívose adecuando aos cambios producidos. A importancia da aprendizaxe competencial, da aplicación dos coñecementos adquiridos en situacións reais e próximas ao alumnado para ir introducindo as novidade da LOMLOE. Deste xeito, introducimos os perfiles de área e o competencial, o Proxecto EDIXGAL en 5º e 6º de EP, darlle continuidade as Seccións Bilingües en 3º, 4º, 5º e 6º de EP e Plurilingüe en 1º e 2º. Tamén coa participación do noso centro en Contratos-Programas Inclúe e Innova.

## 10. CONCRECIÓN CURRICULAR

### A) A ADECUACIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DAS ETAPAS AO CONTEXTO DO CENTRO

Neste curso 2023-24, o CEIP Plurilingüe de Portonovo consta de 3 unidades en E. Infantil e 11 unidades en E. Primaria

Por unha banda a Educación Infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social, explotando os recursos e características da contorna do centro.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais (aseo, merenda...)
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e na lectura e a escritura a través de proxectos e xogos manipulativos.

- Iniciarse no movemento, o xesto e o ritmo, tomando conciencia do seu corpo e gozando con el.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

A etapa de Educación Primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática, involucrando a toda a comunidade educativa.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura, tendo en conta a desvantaxe da lingua galega na nosa contorna.
- Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos

xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, a través de proxectos e metodoloxías activas.
- Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico e un uso moderado ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas empregando distintos espazos do centro, e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais, achegando ao alumnado dende a etapa de Educación Infantil.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social, compensando as carencias das familias máis desfavorecidas.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

## B) A contribución á adquisición das competencias clave

O desenvolvemento das competencias abordarase desde todas as áreas curriculares de xeito interdisciplinaria. As competencias que debemos desenvolver son as seguintes nas etapas de infantil e primaria:

- Competencia en comunicación lingüística.

Neste curso traballase expresamente no Proxecto competencial de todos os niveis de primaria, tamén con exposicións, tutoriais, booktubeiros e conmemoracións que se realizan tanto de centro. A Biblioteca Escolar considérase o eixe vertebrador de gran parte do traballo do centro.

- Competencia plurilingüe.

  No curso 2022-2023 convertémonos en centro plurilingüe, coa vista nos vindeiros catro cursos que absorverán a sección biblingüe co que se impartirá unha materia en toda a etapa de EP en lingua estranxeira (inglés).

  Neste curso volvemos a contar con auxiliar de conversa de lingua inglesa, tres días á semana.

- Competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería.

  Metodoloxías activas baseadas no emprego de OAOA (en 5ºEP), material manipulativo como regletas, policubos ...,

  elaboración e creación do laboratorio STEAM, metodoloxías activas nas que se emprega o razoamento lóxico- matemático en situacións da vida cotiá (experimentos, medición de elementos da contorna...)

- Competencia dixital.

  Centro E-DIXGAL, dotación de material TIC en todas as aulas, PFPP cunha liña de formación relacionadas con esta competencia (Polos Creativos)

- Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

  En relación con esta competencia temos varios Contratos-Programa que están relacionados: IGUALA-T, CONVIVE-T, INCLÚE-T

Tamén realizamos unha liña no programa de formación do profesorado en relación a metodoloxías activas para favorecera a aprendizaxe competencial co DUA e SEM

- Competencia cidadá.

O alumnado vive en comunidade, e interactúa con iguais e adultos. Traballarase a través de metodoloxías de traballo cooperativo; colaborando nas actividades sociais da contorna; na resolución dos conflitos de forma dialogada e respectuosa.

- Competencia emprendedora.
  A figura do Consello Escolar Infantil será o motor para facerse escoitar como alumnas/os do centro a toda a comunidade educativa; axudantes da biblioteca para levar a cabo actividades de dinamización e fomento da lectura; exposición dos productos finais do PDI.

- Competencia en conciencia e expresión culturais.
  Emprego do actividades STEAM para a materia de Plástica e Ciencias, elaboración de producións plásticas, exposicións no centro, recopilación de textos orais, escritos e musicais de tradición histórica e cultural da zona para realizar audicións e bailes e favorecer a educación intercultural

## C) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Como aparece no Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, hai elementos transversais que deberán tratarse en todas as áreas, sen prexuízo de que teñan un tratamento específico nalgunha delas.

Os temas transversais traballaranse no día a día da aula mediante os proxectos desenvoltos, así como na PDI elexida polo centro. Durante o curso 2023-2024 contamos cun proxecto de centro chamado "Elemental" facendo referencia aos 4 elementos da natureza (terra, auga, lume e aire). Proxecto no que abordaremos aprendizaxes

fundamentais para a protección do medio ambiente, renaturalizar os espazos, para desenvolver hábitos de consumo responsables, potenciar a reciclaxe, así como hábitos de vida saudables e estilos de vida activos.

Algúns dos elementos transversais salientables son:

– Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible: traballarase ao longo de todo o curso. Poremos en marcha o composteiro e a selección dos residuos xerados no centro. Redución da pegada de cada un.

Colaboraremos co instituto galego de consumo para establecer un espírito crítico nos futuros consumidores. Asemade, o consumo responsable dende o punto de vista do medio ambiente será outro aspecto relevante.

- Educación para a saúde, incluída a afectivo sexual: hábitos de vida saudables, estilo de vida activo. Coñecemento e respecto á diversidade afectivo-sexual.
- Comprensión lectora
- Comprensión oral e comunicación social
- Expresión oral e escrita
- Comunicación audiovisual
- Competencia dixital
- Fomento da creatividade, espírito científico e emprendemento
- Igualdade entre homes e mulleres
- Educación para a Paz e resolución pacífica de conflitos: centrarémonos na convivencia harmónica e respectuosa dentro do noso centro. Na escola coexisten moitas realidades e delas debemos aprender e crecer. A resolución pacífica de conflitos é outro dos eixos salientables no noso proxecto de centro.
- Educación emocional e valores
- Educación para a prevención de condutas enmarcadas na violencia de xénero
- Educación vial: coa colaboración da Policía Local, traballaremos co “Poli PACO” as sinais e normas de circulación para desenvolver hábitos de desprazamentos seguros polas rúas.

- Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

No CEIP Plurilingüe de Portonovo procuraremos que o noso alumando vaia adquirindo o protagonismo das súas aprendizaxes. Impulsaremos situacións de aprendizaxe partindo dos

coñecementos previos, dos seus focos de interese e das realidades máis inmediatas. Este estilo de aprendizaxe activo debe ser reforzado mediante o uso de diferentes formas de presentación da información, é dicir, tendo en conta que non todos aprendemos do mesmo xeito, ao mesmo ritmo e coas mesmas motivacións. O Deseño Universal para Aprendizaxe (DUA) será un punto de partida na procura dunha ensinanza inclusiva, para todos e todas (neste curso será unha liña do noso PFPP). Os recursos manipulativos, dixitais e audiovisuais gañan importancia nesta vertente.

A nosa metodoloxía baséarase nos seguintes puntos:

- Aprendizaxe funcional.
- A aprendizaxe significativa: pretendemos que o neno sexa o protagonista, que sexa activo e axente da súa aprendizaxe.
- A afectividade: proporcionándolle ao neno un ambiente de seguridade para que consiga a formación dunha autoimaxe positiva.
- Favoreceremos o proceso de socialización e comunicación cos seus compañeiros a través do xogo, dos agrupamentos, das actividades de aprendizaxe en interaccion cos outros (Ap cooperativa e colaborativa, titoría entre iguais)
- Aprendizaxe por proxectos que parten tanto do centro (PDI) coma do ciclo ou aula.
- O tratamento da diversidade. Temos en conta a individualidade e características persoais de cada neno/a e as circunstancias contextuais procurando o seu desenvolvemento integral en condicións de inclusión con actuacións de atencióna diversidade a nivel de centro, como de aula e con carácter individual.

O profesorado traballará en equipo para levar a cabo os mecanismo e actuacións de reforzo que se establezan coordinadamente dende a xefatura de estudos e colaboración da xefatura do departamento de orientación, dende o momento en que se detecten necesidades en condicións o máis inclusivas posibles e agotando as medidas ordinarias de atención a diversidade.

## D) OS CRITERIOS DE CARÁCTER XERAL SOBRE OS MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Acordase ter en conta as seguintes directrices xerais para analizar os materiais e recursos a empregar:

- Adecuación ao contexto educativo do centro.

- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.
- A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.
- Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección.
- Seleccionar os recursos o menos contaminantes e máis sostible posibles.

## EDUCACIÓN INFANTIL

Os recursos materiais, ambientais e humanos representan un apoio no proceso de E/A. Cada UD ou proxecto contará coa súa propia lista de recursos materiais co fin de facilitarnos a tarefa de recompilalos e telos preparados para evitar a improvisación e garantir que, ao comezar un determinado xogo ou calquera actividade, contemos con eles na aula. Dentro deste tipo de recursos atopamos o equipamento, o material manipulativo, impreso ou audiovisual. En 4º, 5º e 6º de Ed. Infantil empregan o libro Grafismo Creativo 1, 2 e 3 respectivamente

Debemos ter en conta tamén os recursos ambientais xa que gran parte das actividades a realizar non só se levarán a cabo na aula, senón que moitas se realizarán na aula de psicomotricidade, outras na Biblioteca, outras nos corredores e patio da escola, outras nas saídas...contribuíndo desta forma á apertura a contorna.
En canto aos recursos humanos, ademais das titoras dos grupos, contamos coa colaboración das familias, mestra de apoio, especialista de inglés, música e relixión e os especialistas do DO

## EDUCACIÓN PRIMARIA

Os materiais e recursos empregados serán o mais variados e enriquecedores posible, dando sempre prioridade ao uso de materiais propios do seu entorno cotiá e por tanto mais significativos para os nenos e nenas.
Para o desenvolvemento de todas as materias faremos uso entre outros dos seguintes recursos materiais e dixitais:

- Libro de texto.
- Material funxible.
- Xogos didácticos.
- Material de laboratorio.
- Caderno e fichas.
- Ordenador.
- Pizarra dixital.
- Pantallas en 1º e 2º
- Tablets.
- Láminas específicas.
- Materiais de creación propios para cada unidade.
- Obxectos da vida real
- No terceiro ciclo cada alumna/a dispón de ordenador portátil xa que no noso centro ten o Proxecto E- Dixgal.
- Recursos Dixitais: Canva, Educaplay, youtube, kahoot, genially, padlet, calameo …

Para o proceso de ensinanza aprendizaxe empregaremos os seguintes recursos espaciais:

- Aula ordinarias
- Aula de inglés
- Aula de música
- Aula de relixión
- Fogar.
- Contorna do centro.
- Biblioteca.
- Aula de psicmotricidade
- Aula de Ioga
- Aula sensorial
- Ximnasio.

- Patios exteriores.
- Laboratorio
- Radio
- Aulas de PT, AL e aulas auxiliares

Para un correcto funcionamento dos recursos humanos levarase a cabo unha coordinación continúa entre o profesorado que imparte docencia ao grupo clase. Este profesorado estará formado por:

- Mestre/a titor/a.
- Mestres especialistas das áreas de: Educación Artística, Lingua Inglesa, Educación Física e Relixión.
- Profesorado de PT e AL.
- Xefa do departamento de orientación.
- Ademais son fundamentais a coordinación cos servizos externos, familia e distintas asociacións (as comunicacións cos servizos externos (sanitarios, sociais...) faranse en coñecemento da familia e autorización das mesmas.
- Establecerase un procedemento de comunicación entre o alumnado, as familias e o equipo docente utilizando, preferentemente, as plataformas e medios telemáticos corporativos.

## F) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

- Non procede ó tratarse dun CEIP.

## G) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

Estas actividades considéranse positivas para o desenvolvemento do noso alumnado dado o seu carácter pedagóxico motivacional, relacional e social en condicións inclusivas. Se algunha actividade supón un custo económico, que algunha familia non puidese afrontar, buscarase unha solución para que o alumno ou alumna poidan participar.

Todas as actividades previstas se adecuarán ao cumprimento das seguintes condicións:

- Comunicación á Dirección e á Xefatura de Estudos, coa suficiente antelación, para a súa correcta planificación.
- Que non implique alteración grave no funcionamento do Centro.
- Autorización por parte dos/as pais/nais e/ou titores legais.
- Que haxa suficientes profesores para acompañar a saída e dispoñibilidade horaria
- Que se dispoña de tempo suficiente para a súa organización, así como de dotación económica (no caso de ser necesaria).
- As actividades avaliaranse por parte do equipo docente implicado en cada unha delas.

As actividades complementarias seleccionaranse en función dos seguintes criterios:

- Contribución coa adquisición das competencias clave.
- Relación cos proxectos que se están a desenvolver no centro
- Conmemoracións recollidas na orde do calendario escolar.
- Deben reforzar os aspectos do currículo.

As actividades atópanse concretadas na PXA. Poderán propoñerse outras actividades complementarias e extraescolares durante o curso.

## h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocione con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Trimestralmente se fará seguimento da consecuención da aprendizaxe non acadado no curso pasado e se informará ás familias.

## i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Como referentes lexislativos teremos a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia. O decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade, xunto coa

Orde do 8 de setembro de 2021 recóllense diferentes medidas de atención á diversidade, ordinarias e extraordinarias.

A permanencia dun alumno/a un ano máis no curso considérase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender ao desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe dun alumno ou alumna, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa.
Esta medida deberá ir acompañada dun Plan Específico de Reforzo Educativo organizado polo centro para que, durante ese curso, a alumna/o poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes nas materias pendentes.
O Plan incluirá unha serie de actuacións con este alumnado nas áreas non superadas, co obxectivo de incrementar o éxito escolar.

Será elaborado polo titor/a co que non superou a área e desenvolta no seguinte curso polo profesor da área co asesoramento, se é o caso, da orientadora.

O modelo a cumprimentar do noso centro encóntrase dentro dos anexos do Plan de Orientación (Anexo 10)

## J) OS CRITERIOS XERAIS PARA A AVALIACIÓN, E DE SER O CASO, A PROMOCIÓN E A TITULACIÓN

Os nosos referentes lexilativos serán:
- Orde do 30 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.
- Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

- Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

- Orde do 8 de setembro do 2021 de Atención a diversidade

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa de Ed. Primaria, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada polo equipo docente, tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor/a. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
  O alumnado accederá ao curso ou etapa seguinte sempre que se considere que acadou os obxectivos e o grado de adquisición das competencias clave correspondentes.

Ademais terase en conta:

- Que o/a alumno/a ten expectativas favorables de recuperación.
- Que a promoción beneficiará a súa evolución integral.
- Análise xeral do grupo de referencia e do grupo do que pasa a formar parte.

A permanencia un ano máis no curso considerarase unha medida de carácter excepcional

No caso de que un alumno/a non acade a avaliación positiva nalgunhas das áreas, pode NON PROMOCIONAR cando:

- Teña unha avaliación negativa en dúas ou máis áreas troncais: matemáticas, lingua castelá, lingua galega ou linhgua inglesa.

- Teña unha avaliación negativa en tres áreas independente das que sexan

- Cando o equipo docente estime (tendo en conta a capacidade do alumno/a para seguir as ensinanzas do seguinte nivel, o seu perfil competencial, o interese e esforzo, o nivel de integración e o aproveitamento das medidas ordinarias e extraordinarias) que é convinte a súa promoción ao curso seguinte.

Establecido isto, consideramos que para que o alumno/a poida progresar de nivel debe acadar avaliación positiva nos estándares mínimos fixados para as materias antes citadas.

## K) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O alumnado que obteña un sobresaliente ou máis ao rematar 6º de Educación Primaria, que aprobara todas as materias, que obtivera unha nota media en 6ºEP de 9 puntos ou máis poderá optar á Mención Honorífica (MH). Tamén será considerado para Matrícula de Honra o alumnado que acade un nivel sobresaínte en alomenos en 5/6 competencias clave, sendo unha delas a Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A Mención Honorífica será consignada nos documentos de avaliación da alumna/o.

## L) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

Durante este curso, todos os niveis e etapas do centro deberán elaborar as súas programación no programa Proens atendendo á LOMLOE.

A programación terá un carácter aberto e flexible. Revisarase polo equipo de ciclo cunha periodicidade mensual a través da aplicación PROENS deixando constancia a través das actas de reunión. Esta aplicación tamén se empregará para a súa supervisión por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da inspección educativa.

Na etapa de educación infantil as programacións contarán cos seguintes elementos:

- Introdución.
- Obxectivos da área e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, oa súa secuenciación e temporalización.
- Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

- Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.

- Medidas de atención á diversidade.
- Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.
- Actividades complementarias.

- Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

Na etapa de educación primaria, as programacións contarán cos seguintes elementos:

- Introdución.
- Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave
- Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.
- Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.
- Materiais e recursos didácticos.

- Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.
- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

- Medidas de atención á diversidade.
- Transversal.
    - Concreción dos elementos transversais.
    - Actividades complementarias.
- Práctica docente.
    – Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.
    - Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoevalución.

## M) OS CRITERIOS PARA A PARTICIPACIÓN DO CENTRO EN PROXECTOS, PLANS E PROGRAMAS

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Criterios para a participación en proxectos, plans e programas:

- Análise da situación do centro e adaptación ao contexto educativo.

- Continuidade nos proxectos e programas iniciados, gañando estabilidade.
- Mellora no nivel de adquisición das competencias clave de todo o alumnado.
- Que contribúan ao benestar persoal e social do alumnado.
- Que permitan manter e afondar no uso de metodoloxías activas e no traballo por tarefas/proxectos.
- Actuacións encamiñadas a promover a igualdade e a convivencia implicando a toda a comunidade educativa.
- Que permitan mellorar a competencia profesional no uso de ferramentas dixitais de ensino-aprendizaxe
-

O CEIP Plurilingüe de Portonovo participa nos seguintes proxectos e programas de innovación educativa:

- PLAMBE
- Radio na biblio
- Contratos Programa:
  - Inclúe: Iguala-t, Convive-t, Inclúe-t, Emociona-t
  - Innova: EDUinnova, EDUexcelencia, EDUsaúde, EDUsostibilidade
- PFPP:
  - Metodoloxías activas. DUA e SEM
  - Polos creativos

## N) O PROCEDEMENTO PARA A REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR

- Nas reunións de ciclo farase un seguimento e revisión da concreción curricular, sendo o coordinador de ciclo o responsable de formular as propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas a súa modificación.
- Posta en común na comisión de coordinación pedagóxica, que se encargará da súa redacción.
- A concreción curricular e as súas modificacións anuais serán aprobadas polo Claustro.

## 11.LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

| Curso | Materia | Título libro | Editorial | Idioma | Edixgal | ISBN |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 4º EI | | Grafismo Creativo 1<br>¡Todo es posible! | Edelvives | Castelán | Non | 9788414032336 |
| 5º EI | | Grafismo Creativo 2<br>¡A desmelenarse! | Edelvives | Castelán | Non | 9788414032343 |
| 6º EI | | Grafismo Creativo 3<br>¡Enciende la chispa! | Edelvives | Castelán | Non | 9788414032350 |
| 1º EP | Lingua Galega e literatuta | LINGUA LECTOESCRITURA 1º PRIMARIA CONSTRUÍNDO MUNDOS | Santillana | Galego | Non | 978<br>849<br>185<br>399 |
| 1º EP | Matemáticas | Matemáticas 1 Trim. + Act. Bienvenida+Kit mat. Manipulable (Comunidad Zoom) | Vicens Vives | Castelán | Non | 9788468280998 |
| 1º EP | Lingua Castelá e Literatura | LECTOESCRITURA PRIMEROS PASOS PAUTA 1º PRIMARIA CONSTRUYENDO MUNDOS | Santillana | Castelán | Non | 978<br>846<br>807<br>727 |
| 1º EP | Lingua Extranxeira: inglés | GO FAR! 1 Activity Pack | Richmond | Inglés | Non | 9788466836616 |
| 2º EP | Lingua Galega e literatuta | 2-1PRI Caderno LINGUA Construíndo mundos<br>2-2PRI Caderno LINGUA Construíndo mundos<br>2-3PRI Caderno LINGUA Construíndo mundos | Santillana | Galego | Non | 9788491856993<br>9788491856955<br>9788491856894 |
| 2º EP | Matemáticas | Matemáticas 2. Comunidad Zoom | Vicens Vives | Castelán | Non | 9788468291840 |
| 2º EP | Lingua Castelá e Literatura | 2-1PRI Cuaderno LENGUA PAUTA Construyendo mundos<br>2-2PRI Cuaderno LENGUA PAUTA Construyendo mundos<br>2-3PRI Cuaderno LENGUA PAUTA Construyendo mundos | Santillana | Castelán | Non | 9788414424902<br>9788414424896<br>9788414424872 |
| 2º EP | Lingua Extranxeira: | Go Far! 2 Activity Pack | Richmond | Inglés | Non | 9788466836623 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | inglés | | | | | |
| 3º EP | Lingua Castelá e Literatura | **Lengua 3 (Versión Trimestral)**<br>Lengua 3. Cuaderno 1<br>Lengua 3. Cuaderno 2<br>Lengua 3. Cuaderno 3 | Anaya | Castelán | Non | **9788469899151**<br>9788469899175<br>9788469899182<br>9788469899199 |
| 3º EP | Lingua Galega e literatuta | Lingua 3 (Versión Trimestral) | Anaya | Galego | Non | 9788469899489 |
| 3º EP | Matemáticas | **Matemáticas 3 (Versión Trimestral)**<br>Matemáticas 3. Cuaderno 1<br>Matemáticas 3. Cuaderno 2<br>Matemáticas 3. Cuaderno 3 | Anaya | Castelán | Non | **978-84-698-9961-8**<br>978-84-698-9963-2<br>978-84-698-9964-9<br>978-84-698-9965-6 |
| 3º EP | Ciencias Sociais | Ciencias Sociais 3 | Anaya | Galego | Non | 9788414301272 |
| 3º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 3 | Anaya | Galego | Non | 9788414300312 |
| 3º EP | Lingua Extranxeira: inglés | **Student´s Pack. Go Far! 3º**<br>Go Far! 3 Activity Pack | Richmond | Inglés | Non | **9788466836555**<br>9788466836630 |
| 4º EP | Lingua Castelá e Literatura | **Lengua 4**<br>Lengua 4.Cuaderno 1<br>Lengua 4.Cuaderno 2<br>Lengua 4.Cuaderno 3<br>Operación Mundo | Anaya | Castelán | Non | **9788414319291**<br>9788414319314<br>9788414319321<br>9788414319338 |
| 4º EP | Lingua Galega e literatuta | **Lingua 4**<br>Caderno<br>Operación Mundo | Anaya | Galego | Non | **9788414319635**<br>9788467880144 |
| 4º EP | Matemáticas | **Matemáticas 4**<br>Matemáticas 4. Cuaderno 1<br>Matemáticas 4. Cuaderno 2<br>Matemáticas 4. Cuaderno 3<br>Operación Mundo | Anaya | Castelán | Non | **9788414319802**<br>9788414319826<br>9788414319833<br>9788414319840 |
| 4º EP | Ciencias Sociais | Ciencias Sociais 4<br>Operación Mundo | Anaya | Galego | Non | 9788414321225 |
| 4º EP | Ciencias da Natureza | Ciencias da Natureza 4<br>Operación Mundo | Anaya | Galego | Non | 9788414320969 |
| 4º EP | Lingua Extranxeira: inglés | **Student´s Pack. Go Far! 4º**<br>Go Far! 4 Activity Pack | Richmond | Inglés | Non | **9788466836562**<br>9788466836647 |
| 5º EP | Lingua Extranxeira: inglés | Go Far! 5 Activity PACK | Richmond | Inglés | Si | 9788466836654 |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 6º EP | Lingua Extranxeira: inglés | Go Far! 6 Activity Pack | Richmond | Inglés | Si | 9788466836661 |

## 12. PLAN ANUAL DE LECTURA

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| HORA DE LER | diario | todos | titor/especialista que teña hora co grupo |
| MOCHILAS VIAXEIRAS | Quendas semanais | todos | Titor/a do grupo |
| MARATÓN DE CONTACONTOS | Semana do libro (abril) | todos | Titor/especialista dos distintos grupos |
| BIBLIOTECA SOLIDARIA | Todo o curso | Alumnado voluntario de 5º e 6º | Coordinadora da Biblioteca e titores destes grupos. |
| CLUBS DE LECTURA | 2º E 3º TRIMESTRE DO CURSO | Alumnado de 4º/5º e 6º | Titores destes grupos. |
| RECOMENDACIÓNS LECTORAS | Antes de Nadal e de fin de curso | Todos | Equipo da Biblioteca. |
| PRÉSTAMO | Todo o curso | Todos | Titores /especialistas que estean de garda na biblioteca. |
| SUSCRIPCIÓN A XORNAIS E REVISTAS | Todo o curso | Todos | Todos |
| VISITAS Á BIBLIOTECA MUNICIPAL | Abril/Maio | Todos | Titores |
| APADRIÑAMENTOS LECTORES | Todo o curso | Todos | Equipo da Biblioteca, dirixido pola coordinadora da Biblioteca. |
| DIVERSAS EXPOSICIÓNS,RELACIONADAS COAS CONMEMORACIÓNS ESCOLARES | Todo o curso | Todos | Equipo da Biblioteca, dirixido pola coordinadora da Biblioteca. |
| VISITAS DE AUTORES | Todo o curso | Todos | Titores e Equipo da Biblioteca, dirixido pola |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | coordinadora da Biblioteca. |
| BLOGUE | Todo o curso | Todos | Equipo da Biblioteca, dirixido pola coordinadora da Biblioteca. |
| PDI | Todo o curso | Todos | Titores dos grupos, Especialistas e Equipo de Biblioteca coordinado pola titora de 6ºInfantil. |
| BIBLIOTECA CREATIVA | Todo o curso | Todos | Titores dos grupo,s Especialistas e Equipo de Biblioteca coordinado pola titora de 4º |
| RADIO NA BIBLIO | Todo o curso | Alumnado de 6º | Titores dos grupos, Especialistas e Equipo de Biblioteca coordinado polo Mestre de música |

## 13.CONCRECIÓN ANUAL DO PLAN DIXITAL

- Constitución do equipo

| **Nome Coordinador/a** | **Horas redución** | **Nivel/Especialidade** |
|---|---|---|
| Jorge Vallejo Bea | 0 | Titor/a |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| Jose Fernando Aguín Martínez | | Titor/a EP |
| Josefa Domínguez Seijas | | Titor/a EP |
| Antonio Fernández Miniño | | Titor/a EP |
| Miguel Ángel Chaves Garrido | | Música |
| Esther Díaz LLaniella | | Titora Infantil |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo: Competencia dixital do alumnado / familias** | |
|---|---|
| **Acción 1** | Formar ao alumnado no uso responsable da tecnoloxía e as redes sociais. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Poñer en práctica 2 actividades para aplicar o o coñecemento no bo uso de internet ao longo do curso** | | |
| **Responsables** | Coordinador Tics | | |
| **Recursos e materiais** | Equipos informáticos Materiais elaborados Cuestionario Aula Virtual | | |
| **Acción 2** | Formar as familias no uso responsable da tecnoloxía e as redes sociais. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | **Participar en 1 actividades, charlas, formación,... encamiñadas a coñecer os perigos da navegación para alumnado, profesorado e familias** | | |
| **Responsables** | Coordinador Tics. Equipo de traballo | | |
| **Recursos e materiais** | Equipos informáticos Materiais elaborados Cuestionario Aula Virtual | | |

| **Obxectivo: Infraestructura e equipos** | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Inventariar e optimizar os dispositivos dixitais do centro na aplicación INVENTARIO | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Ter inventariado ao remate do curso, o 60% do material informático do centro na aplicación INVENTARIO** | | |
| **Responsables** | Coordinador TIC | | |
| **Recursos e materiais** | Discos duros Equipo informático. Folla Cálculo. | | |
| **Acción 2** | Mantemento e actualización de tódolos equipos do centro (tanto Edixgal) como ordenadores do centro (coa maqueta Abalar Libre) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | **Un 60% dos equipos do centro estarán actualizados ao remate do curso 23-24.** | | |
| **Responsables** | Coordinador TIC e Coordinador Edixgal | | |
| **Recursos e materiais** | 20 Ultraportátiles e un carro de carga. | | |
| **Acción 3** | Posta en marcha, xunto co coordinador Edixgal, dunha aula dixital móvil con ultraportátiles, para a familiarización do alumnado e profesorado co uso e manexo da maqueta Abalar. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | **Ao remate do 1º trimestre a aula dixital portátil estará operativa** | | |
| **Responsables** | Coordinador TIC e Coordinador Edixgal | | |
| **Recursos e** | 20 Ultraportátiles e un carro de carga. | | |

| materiais | |
|---|---|

| Obxectivo: Desenvolvemento profesional continuo | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Mellorar a competencia dixital do profesorado** | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Un mínimo do 50% do profesorado participa nos cursos de formación encamiñados a desenvolver a competencia dixital nos diferentes eidos propostos (Polos Creativos, Radio na Biblio, Edixgal...)** | | |
| **Responsables** | Coordinadores do PFPP e resto do claustro | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles, equipo de radio da Biblioteca... | | |

| Obxectivo: Desenvolvemento do PDI do centro | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | **Crear produtos finais co uso da tecnoloxía e coa participación do alumnado no proceso.** | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **Cada ciclo creará alomenos 1 producto relacionado co PDI do centro.** | | |
| **Responsables** | Titores | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles, equipamento informático e audiovisual do centro... | | |
| **Acción 2** | **Elaborar cartelería, cuñas de radio, vídeos para o desenvolvemento do PDI ao longo do curso, empregando as novas tecnoloxías** | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | | |
| **Indicador** | **Cada ciclo creará alomenos 1 producto relacionado co PDI do centro.** | | |
| **Responsables** | Titores | | |
| **Recursos e materiais** | Portátiles, equipamento informático e audiovisual do centro... | | |

https://www.edu.xunta.gal/educalidade/BuscaPlanAction?codPlan=1&codConvocatoria=132&codCentro=36008805

## 14. PLAN DE FOMENTO DE HÁBITOS DE ESTILO DE VIDA SAUDABLE

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| EDUsaúde. Contrato-Programa | Todo o curso | Todo o centro | Claustro |
| Semana de froita e leite. FOGGA | Abril | Todo o centro | Claustro |
| Calendario merendas saudables | Todo o curso | Todo o centro | Claustro |
| Patios activos e inclusivos | Todo o curso | Primaria | Mestres/as Primaria |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Psicomotricidade e Ioga | Todo o curso | Infantil | Mestres/as Infantil |

# 15. ADDENDA DO PROXECTO LINGÜÍSTICO

## 15.1. Resultados da enquisa sobre a lingua predominante en educación infantil

Non se realizou.

## 15.2. Constitución do equipo de Dinamización de Lingua Galega

| Nome Coordinador/a | Horas redución | Nivel/Especialidade |
|---|---|---|
| Miriam Rúa Sotelo | 1 | Titor/a |
| **Nome equipo apoio/dinamización** | | **Nivel/Especialidade** |
| José Fernando Aguín Martínez | | Xefe de estudos/Titor 5º |
| Iván Castro Casas | | Titor de 1º |
| Josefa Domíngez Seijas | | Titora de 4º |
| Jésica Bernal Agulla ( Substituta Lorena Abreu) | | Titora de 3º |

## 15.3. Valoración dos programas e actividades para o fomento da lingua galega realizados no curso anterior e propostas de mellora para o curso seguinte

A valoración das actividades do curso pasado ( 2022/2023) foi moi positiva, espectáculos , elaboración de camisetas ( que este ano darémoslle ao alumnado novo), celebración de conmemoracións,...todo moi positivo para o alumnado.

### PROPOSTAS DE MELLORA

- Ampliar o apartado de recurso para fomentar o uso do Galego actual e activo na WEB do centro.
- Crear no DRIVE un apartado con recusos para os docentes atractivos e útilies para usar na aula.
- Incentivar ao profesorado no uso do galego nas aulas pouco a pouco, respectando a lexislatura vixente e lingua vehicular.
- Gustaríanos seguir intentando que a biblioteca fora un espazo máis dinámico e con material actual e motivador.
- Seguir intentando realizar actividades para fomentar o uno do galego sen sobrecargar ao profesorado e aportándolle recursos prácticos e actuais.

•

## 15.4. ACTIVIDADES QUE SE VAN A DESENVOLVER AO LONGO DO CURSO PARA O FOMENTO E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Asignar as conmemoracións por equipos e relacionadas con PDI e contrato programa.
Dende o Equipo de dinamización da Lingua Galega destacamos :

- SAMAÍN (31 Outubro)
- LETRAS GALEGAS (17 de Maio)
- CONSTITUCIÓN E DO ESTATUTO DE GALICIA (30 novembro-4 de decembro) 5º e 6º van ao pleno municipal e visitan o Concello.

**1º TRIMESTRE:**

- SAMAIN *(31 de Outubro)*

**2º TRIMESTRE:**

- RUTA POLOS CRUCEIROS DE PORTONOVO ( Santa Compaña)

**3º TRIMESTRE:**

- LETRAS GALEGAS ( 17 de Maio-Luisa Villalta):

Ideas:

- Creación dun diccionario audiovisual de expresión Galegas de Portonovo,..
- TOPONIMIA da zona
- Traballar e pintar no patio o POEMA dunha muller de Portonovo.
- Festa con música " Os gatiños de Portonovo"

- XORNAL FARO DA ESCOLA ( Alumnado de 5º de Primaria)

**PLANS/IDEAS DE TRABALLO E ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES**

Que o PDI, esté relacionado cos contrato programa que se van a solicitar, e que relacione todas as actividades e conmemoracións anuais de centro.

| **Obxectivo:** Fomentar a cultura, festas e tradicións da zona e de Galicia | |
|---|---|
| **Acción 1** | -Incrementar o uso do galego no noso centro educativo. ( profes, alumnos/as) |

| | Temporalización | | |
|---|---|---|---|
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | Claustro, familias | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | -Dinamizar o apartado de Dinamización lingüística da web do centro | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | **Tics** | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 3** | -Aportar recursos actuáis e innovadores para favorecer a lingua galega. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | 1º T ☒ | 2º T ☒ | 3º T ☒ |
| **Indicador** | | | |
| **Responsables** | | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| | | | |

**OBXECTIVOS QUE QUEREMOS CONSEGUIR:**

- Fomentar a cultura, festas e tradicións da zona e de Galicia
- Incrementar o uso do galego no noso centro educativo. ( profes, alumnos/as)
- Dinamizar o apartado de Dinamización lingüística da web do centro
- Crear un apartado no Drive do centro con recursos/xogos/cancións en galego para as aulas.
- Dotar a Biblioteca de libros /xogos actuáis e atractivos en galego

## 15.5. MODIFICACIÓNS NA IMPARTICIÓN DE MATERIAS EN LINGUA(S) ESTRANXEIRA(S), INFORMACIÓN SOBRE OS CAMBIOS APROBADOS POLO CENTRO E AUTORIZADOS POLA CONSELLERÍA COMPETENTE EN MATERIA DE EDUCACIÓ

| Materia | Curso | Horas semanais | Data autorización |
|---|---|---|---|
| Educación Plástica<br>Sección bilingüe en inglés | 3º, 4º,<br>5º e 6º | 1 | Curso 2011-2012 |
| Educación Plástica<br>Sección plurilingüe en inglés | 1º e 2º | 1 | Curso 2021-2022 |

# 16.PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. CONCRECIÓN ANUAL

## 16.1.CONSTITUCIÓN DO DO

**Constitución do Departamento de Orientación. Curso 2023-24.**

Tal e como quedou recollido na acta da reunión de constitución do Departamento de Orientación celebrada o 7 de setembro de 2023, o Departamento de Orientación do noso centro estará integrado no presente curso académico 2023-24 polas persoas que de seguido se refiren (aínda que naquel día aínda se descoñecían os nomes da persoa sustituta da especialista de Audición e Linguaxe e da mestra titora de 2º de primaria por non estar nomeadas):

| **Nome e apelidos** | **Función e/ou especialidade** |
|---|---|
| Rosana Díaz París | Xefa do Departamento de Orientación |
| María Luz Besada Pérez | Especialista de Pedagoxía Terapéutica |
| Eva Vidal Maquieira (sustituta da titular Lorena Otero Padín) | Especialista de Audición e Linguaxe |
| Esther Díaz Llaniella | Coordinadora do ciclo de educación infantil |
| Iván Castro Casas | Coordinador e representante do 1º nivel de primaria |
| Lorena Abreu Sanmartín (sustituta da profesora titora titular de 2ºB, Jésica Bernal Agulla) | Coordinadora e representante do 2º nivel de primaria |
| Josefa Domínguez Seijas | Coordinadora e representante do 3º nivel de primaria |
| Desirée-Eudoxia Freijanes Martínez | Coordinadora e representante do 4º nivel de primaria |
| José Fernando Aguín Martínez | Coordinador e representante do 5º nivel de primaria |
| Montserrat Sueiro Alves | Coordinadora e representante do 6º nivel de primaria |

## 16.2. Análise da situación de partida actual e valoración das necesidades con relación ao alumnado e á oferta educativa do centro.

**Neste Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación para o curso 2023-24** concretaremos as diferentes funcións e actuacións que cada un dos integrantes deste Departamento no marco das suas responsabilidades individuais, do Departamento de Orientación (ao completo como equipo e dende a acción titorial) e do colectivo docente levaremos a cabo no noso colexio na atención á diversidade do noso alumnado e na atención ás necesidades educativas.

Estas **actuacións na atención ás necesidades** existentes na nosa comunidade escolar artícúlasen **arredor de 4 eixes vertebradores das intervencións educativas e de orientación nos cales se encadran as diferentes necesidades detectadas, a saber:**

**- Atención á Diversidade (PXAD);**

**- Apoio ao Proceso de Ensino-Aprendizaxe (PAPEA);**

**- Acción Titorial (PA)**

**- Convivencia (Plan de Convivencia);**

**Estas actuacións e intervencións virán determinadas polas necesidades detectadas no noso colexio (e que de seguido se referirán no apartado 2.1. e 2.2.), pola lexislación vixente (referida no apartado 2.3.) que regula o sistema educativo actual e moi en particular a atención educativa e á diversidade co decreto 229/2011 e a Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade que desenvolve dito decreto.**

### 2.1. Análise do contexto escolar e social de partida para o curso 2023-24.

No momento actual de comezos do curso 2023-24 atópamonos con **condicións adversas** no eido escolar e social que se constitúen en **Debilidades (internas, na nosa comunidade escolar) e Ameazas (externas, procedentes do contexto sociocomunitario no que desenvolve a sua labor a nosa escola e do sistema escolar e social en xeral). Entre outras as seguintes:**

- ***Debilidades*** (internas):

- fronte ao modelo de intervención sociopsicopedagóxico e integrado polo que se procura funcionar dende este D. de O., aínda perviven no imaxinario colectivo de bastantes familias e algúns docentes a errónea concepción clínica e psicométrica da función da orientación que xa está en desuso. Iso a pesar das diferentes accións nos cursos pasados en relación á sensibilización cara a diversidade, o coñecemento da mesma, así como a divulgación, formación e asesoramento que se levou a cabo a través de accións colectivas (coma o PFPP, as reunións de CCP, charlas, talleres, dinámicas de grupos tanto en situacións formais como informais) que se procurou levar a cabo;

- falta de profesorado especializado nas necesidades educativas especiais e necesidades

específicas que temos no centro;

- falta de consciencia e consenso no uso e importancia que se lle dá a certos recursos para visibilizar o que o centro fai (Instagram, Facebook, redes sociais, etc.) que requiren de inmediatez na captura do contido a elaborar e amosar no tempo, de recursos humanos e tempo. Contribuimos a perpetuar un dos problemas da sociedade actual que ten que ver coa imaxe, a inmediatez, o produto, o crear contido, etc. e ao mesmo tempo incrementamos a presión sobre a creación de contido fronte ao modelo de "slow education";

- escasez de recursos humanos para dar unha resposta educativa verdeiramente inclusiva sen que

iso repercuta no benestar nin na saúde dos que participamos e contribuimos á mesma.

- e ***Ameazas*** (externas):

-redución de recursos humanos para este curso no noso centro escolar: non dispoñeremos dun especialista de PT2 provisional (como tiñamos en anos anteriores) nin compartido, nin mestre de Perfil de PT do Programa Acompaña como sí en cambio tivemos o curso anterior. Isto a pesar de que o solicitamos debidamente no mes de xullo dende o noso centro escolar cumprindo todos os requisitos para solicitalos e dispoñer deles coma en anos anteriores;

-precariedade das condicións dos recursos humanos que se envían: as persoas sustitutas de AL e de titoría para este curso non foron enviadas nin nomeadas ata o mesmo día de comezo das clases dos nenos e nenas co que iso implica na obstaculización e ralentización da organización da atención educativa, da planificación e coordinación axeitada previa ao comezo das clases;

- a estas condicións se sumou o feito de non poder pechar a distribución da atención ao alumnado e os horarios de apoio de PT e AL para o curso ata ben avanzado o mes pois tardou en resolverse a convocatoria do programa Acompaña e outras decisións de recursos humanos que competen á administración educativa que foran tramitadas dende a Xefatura deste D. de O. e Equipo Directivo no meses de xuño e xullo que son de gran trascendencia para a atención á diversidade e o apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe así como para o axeitado desenvolvemento da nosa labor educativa conforme aos principios de integración e inclusión escolar;

- isto fixo que finalmente tras o non ser seleccionados no Programa Acompaña, a pesar de cumplir os requisitos e ter unha alta porcentaxe de necesidades específicas de apoio educativo no noso centro (tanto daquelas que requiren de medidas e apoios ordinarios como daquelas que requiren de apoios e medidas extraordinarias de PT e AL), máis dun 30%, finalmente foi preciso, priorizar niveis, grupos e alumnado con

NEAE, sendo prioritaria a atención por suposto en primeiro lugar do alumnado con NEE;

- incremento de alumnado novo con NEAE e NEE nas novas matrículas, algunhas fóra de prazo pero que aínda así se actualizaron no documento que a Xefatura deste DO enviou á Inspección Educativa en xullo coa previsión de NEAE para o curso 2023-24 e novamente no XADE en setembro tanto para o programa Acompaña como para a Administración Educativa.

Nembargantes, nese sentido non se tiveron en conta nesta ocasión nas resolucións correspondentes as demandas realizadas á administración educativa dende este Departamento de Orientación e Equipo Directivo;

- excesiva burocracia para solicitar, tramitar, xustificar, etc. as demandas e necesidades do centro e escasa resposta ou moi demorada no tempo por parte dos axentes externos ao centro das diferentes entidades da administración, tal e como ocorreu coa solicitude do ascensor que se fixo por escrito cun dossier xustificativo por parte da Xefatura deste Departamento de Orientación e Equipo Directivo anterior (por escrito no pasado curso) así como se fixera dita demanda anteriormente de xeito presencial e verbal ao propósito das necesidades e obras ou reformas anteriores, deixándonos no limbo das respostas a estas e outras solicitudes e trámites feitos debidamente no seu momento pero demorados no tempo. Non foron respostados e/ou resoltos a tempo o cal dificulta aínda máis a organización e funcionamento do centro e nos obriga en varias ocasións a ter que estar invertindo tempo repetidamente para coordinar a organización e funcionamento de persoas, espazos, funcións, tarefas, información e asesoramentos, etc.;

- os sucesivos cambios lexislativos con constantes cambios da administración educativa en termos de política educativa: currículum, avaliación, aplicacións e sistemas de xestión educativa, de cambios tecnolóxicos, etc. que xeran incertidume, cansanzo, impotencia porque antes de ser capaz de formarse neles e adaptarse para aplicarse debidamente por parte do profesorado xa se están cambiando novamente;

- o estrés do alumnado, profesorado e familias como consecuencia do anterior;

-a escasa valoración por parte da comunidade educativa da labor docente;

-o exceso de carga no currículum sin que se exclúa ou suprima nada do que tradicionalmente corresponde ás áreas e materias para dar máis cabida real, efectiva e importancia a aspectos necesarios e novos nos últimos anos (benestar socioemocional, desenvolvemento persoal e competencia de desenvolvemento persoal de aprender a aprender, competencia plurilingüe, competencia dixital, aprendizaxe competencial fronte ao memorístico, linguaxe oral e oratoria, etc.) que cargan máis e máis e incrementa a presión;

- a promoción social dun estilo de vida superficial e rápido que busca a inmediatez e a satisfación

inmediata, en lugar de promover a reflexividade e o pensamento crítico para non deixarse levar polas masas ou a presión de grupo social. Un estilo de vida e unha sociedade, a actual, que coas suas dinámicas e manexo de recursos son o caldo de cultivo nas persoas en xeral e nas persoas máis vulnerables e xeracións xóvenes en particular de "enfermidades", "trastornos" ou "riscos e perxuizos" de difícil solución. Un estilo de vida no que se impón cada vez máis a superficialidade e as apariencias a través das redes sociais (Instagram, Tiktok, Facebook, apps de diferente tipo, o mundo virtual e o "Metaverso", etc. dunha vida social e persoal que na maioría de ocasións non se corresponde coa realidade persoal pero que envía mensaxes erróneas ou distorsionadas ás novas xeracións), o éxito ou a excelencia baseada nas posesións ou apariencias materiais e en relacións sociais líquidas ou no recoñecemento da fama efímera a través de seguidores e likes;

- a devaluación actual, nese sentido, dun modelo preventivo e de intervención directa nas causas a través das debidas accións educativas, gubernamentais, institucionais, empresariais e sociais en xeral para previr esas "enfermidades xeneradas pola sociedade actual", fronte á promoción dun modelo de clientelismo, consumismo e de intervención posterior centrado na amortiguación aparente dos síntomas e/ou das consecuencias perxudiciais;

- á vez, e en relación ao anterior, hai unha gran insuficiencia e inestabilidade de recursos humanos imprescindibles na atención á poboación e á infancia e xuventude nos diferentes eidos da educación, sanidade e servizos sociais: nos colexios e institutos pero tamén na Unidade de Atención Temperá e na Unidade de Saúde Mental Infanto- Xuvenil cos servizos de Psicoloxía, Psiquiatría, Terapia Ocupacional, Logopedia, nos servizos médicos de atención primaria e pediatría, nos centros asistenciais e de servizos sociais, etc. Isto está sendo especialmente grave e limitante para a atención e coordinación dos diferentes servizos na atención socioeducativa e sanitaria no desenvolvemento integral dos nosos rapaces e rapazas porque no noso Concello de Sanxenxo e na atención da zona de Pontevedra faltan prazas de profesionais sanitarios e hai unha gran eventualidade e cambios constantes dos profesionais que interveñen cos nosos rapaces e rapazas, tanto en Pediatría e atención primaria no noso concello como nos servizos de Neuropediatría, Psicoloxía e Psiquiatría da USMIX e de Logopedia, Terapia Ocupacional, Psicoloxía, etc. da UAT;

- a esa insuficiencia e inestabilidade de recursos humanos súmase o incremento na formulación de demandas a estos servizos sociosanitarios e de intervención educativa (de variabilidade e tipoloxía de espectro cada vez máis amplo e con maior número de afectados) tal e como sucede á USMIX, á atención primaria, á UAT e á propia escola.

No caso da escola a esta se lle atribúen unha chea de temas e responsabilidades (cada vez de maior envergadura e cantidade) que na maior parte dos casos son temas, tratornos e problemas que xera a propia sociedade (e mesmo as propias familias de forma inconsciente, ou consciente a pesar de que se lles informe

e advirta de xeito preventivo) sen que nin a sociedade nin as autoridades fagan nada ao respecto para evitar esos problemas novos de saúde: adiccións nocivas para a saúde mental, emocional, persoal e social dos rapaces e rapazas (abuso excesivo de videoxogos, pantallas, consumismo, xogos on line que continúan coa aposta, trastornos de alimentación, ansiedade, inquietude, dificultades atencionais, escasa tolerancia á frustración por dar resposta inmediata aos desexos dos menores, retroceso no desenvolvemento psicomotor, da linguaxe e das funcións cognitivas e executivas nas que inciden negativamente esas prácticas de moda actual, etc.);

-o exceso de crispación, o individualismo, egocentrismo e a diminución de valores de solidadariedade e respecto no trato cos demáis así como o retroceso en valores humanistas da sociedade adulta actual que repercuten directamente nas relacións, no trato entre as persoas que ofrecen/ofrecemos diferentes servizos, na convivencia e no benestar socioemocional e na saúde emocional e mental do persoal docente (incluidos os membros do D. de O.) e persoal non docente: impaciencia, linguaxe e modales inapropiados, presión, falta de corresponsabilidade dos outros axentes, esixencias pero escasa aceptación e asunción de responsabilidades, etc.

-o estado cambiante constante dos contextos externos para os nosos rapaces e rapazas e sobre todo a forma de xestionalos e gradualos pro parte das persoas titoras legais responsables dos menores dun xeito civilizado e de menor dano posible para os menores. Prodúcense situacións moi estresantes e de gran delicadeza emocional para eles, tal e como está pasando coas separacións de pais e nais (que se incrementaron moi considerablemente nos últimos anos), as situacións de violencia de xénero, as dificultades económicas derivadas da crise, así como as situacións de absentismo activo e sobre todo pasivo, etc.

- ao anterior súmanse as cada vez máis esixentes e estresantes circunstancias profesionais que obrigan tanto a proxenitores que están no mercado laboral como a profesorado a estar hiperconectados profesional e telemáticamente en moitos casos todo o tempo (sendo isto un engadido ao tempo e adicación que xa se da presencial no traballo con adicación en tempo e forma a maiores por diferentes canles telemáticas coma o email, teléfono, whastsapp...) con esixencias de inmediatez, con variabilidade constante das propostas, con esixencias e necesidade de actualización constante, etc. Estas circunstancias se constitúen nunhas condicións desfavorables para a conciliación laboral, familiar e persoal de calidade co que iso implica en tempo de cantidade e sobretodo de calidade para cos fillos e fillas, carencia que moitas veces se suple cun modelo educativo permisivo e de abuso de recursos tecnolóxicos de entretemento: pantallas, videoxogos, etc.;

- a precariedade laboral e/ou o carácter estacional de verán e as condicións laborais do sector profesional ao que se adican moitas familias do noso alumnado co que iso implica de conciliación familiar e

laboral nesas datas e/ou a organización das vacacións familiares (e viaxes) coincidindo co período lectivo escolar (ausentándose o alumnado durante ese período lectivo);

-maior movilidade xeográfica de familias e alumnado, recibindo cada vez máis alumnado e familias procedentes doutros países e comunidades en calqueira momento do ano e ao longo de todo o curso o cal nos fixo ter que precisar, coidar e mellorar os procesos relativos ao Plan de Acollida para facelo co maior coidado humano e de trato persoal posible, con celeridade pero con moita reflexividade nas decisións organizativas e curriculares que iso conleva. En bastantes casos esta incorporación ao proceso educativo leva consigo necesidades de intervencións do D. de O. tanto para a valoración inicial e psicopedagóxica como para o deseño e implementación de actuacións e medidas ordinarias de atención educativa (e en bastantes ocasións de medidas extraordinarias) o que supón maior presión para a organización e funcionamento do D. de O. dados os escasos recursos humanos cos que contamos este ano académico no colexio e no departamento.

**Xunto con esas Ameazas e Debilidades da nosa comunidade escolar no momento actual conviven tamén as Fortalezas e Oportunidades das que dispoñemos e que cómpre ter en conta e aproveitar**. Desas Fortalezas e Oportunidades que citaremos a continuación valerémonos no noso propósito dunha atención educativa inclusiva (non só escolar senón tamén social), que respecte e valore a riqueza de todo tipo de diversidade aínda que iso implique importantes retos (polas Debilidades e Ameazas que o obstaculizan) para levar a cabo o ensino centrado na aprendizaxe competencial diversificada do alumnado con arregro ás suas necesidades educativas de diversa índole (NEE, NEAE…), aos seus intereses e motivacións, aos seus estilos e ritmos de aprendizaxe, á igualdade de oportunidades, aos principios de discriminación positiva, ao enriquecimento curricular e á aprendizaxe en interacción cos outros e outras, ao uso de metodoloxías activas favorecedoras da inclusión, a actuacións dende as titorías e a labor orientadora no coidado e desenvolvemento persoal pero tamén como colectivo para o benestar socioemocional do alumnado (e na medida do posible tamén do profesorado, do persoal non docente e das familias) con accións e consideracións que faciliten un bo clima de aula e de convivencia no centro escolar necesarios para funcionar como equipo e como comunidade de aprendizaxe.

**c) *<u>Oportunidades</u>* *(externas)*:**

- A posibilidade que se lle ofrece ao profesorado de formarse nos plans de actuación propostos, a partir non só das liñas prioritarias e obrigatorias determinadas pola administración senón tamén, tralos resultados obtidos a final do curso pasado da consulta con enquisa ao claustro a través de cuestionarios elaborados e proporcionados pola Xefatura do D. de O. en relación á perspectiva e reflexión do profesorado sobre as NEAE nas aulas e as posibles liñas e itinerarios de formación ao respecto, en relación ao DUA e Ensino Multinivel.

Contamos cun Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) no que nos anteriores anos incluimos unha liña relacionada con metodoloxías activas e favorecedoras da inclusión e convivencia como foi o Seminario de Aprendizaxe Cooperativa e Benestar Socioemocional (nos cursos 2019-20, 2020- 21 e 2021- 22) e no presente curso 2023-24 o Seminario de "Introdución ao Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) e Ensino Multinivel (SEM)" co que o profesorado do centro (un total de 12 mestres/as que se anotaron voluntariamente) poderá iniciarse nestas metodoloxías activas necesarias para atender á diversidade nas aulas de modo inclusivo, competencial e favorecendo o desenvolvemento integral de todo o alumnado segundo o seu potencial, necesidades, ritmo e estilo de aprendizaxe.

- A colaboración que dende o centro educativo e os distintos axentes educativos que participamos nel (Equipo Directivo, Xefatura do Departamento de Orientación, coordinadores/as e equipos de dinamización de actividades, etc.) procuramos buscar, entablar e manter coas institucións da nosa contorna tales como asociacións culturais e deportivas (de piragüismo, fútbol, etc.), CIM e Concello, Instituto de Baltar, outros centros educativos, empresas do pobo que acceden a colaborar con nós en diferentes proxectos, a praza de Abastos, Asociación de intervención familiar Avante, a UDIAF de Vilalonga, etc.

**d) *Fortalezas*** (internas):

- Riqueza e variedade de proxecto.

- As ganas de mellorar e de adaptarse aos cambios no ensino.

- A formación do profesorado.

- A implicación do Departamento de Orientación, do Equipo Directivo e prácticamente da totalidade do profesorado.

## 2.2.Necesidades dos diferentes sectores da comunidade escolar conforme ao contexto escolar, a oferta educativa do centro e en arregro á lexislación vixente.

A tenor do indicado anteriormente en relación á análise do contexto escolar e social e do prescrito pola lexislación educativa vixente, as necesidades existentes na nosa comunidade escolar no momento actual (unhas sentidas polo sector afectado e outras non sentidas pero sí existentes e obxectivables polos principios que deben rexir os procesos de desenvolvemento persoal, social, intra e interpersoal, da atención á diversidade no respecto e valor das diferenzas sexa da condición que sexa en base aos principios de inclusión, os procesos educativos, a saúde mental, emocional, social, persoal e integral do noso alumnado, os principios da convivencia na comunidade escolar, as normas de organización e funcionamento do centro, etc.) son as seguintes no caso de cada un dos colectivos da comunidade:

As *<u>NECESIDADES</u>* <u>en relación ao</u> *<u>ALUMNADO</u>* son, entre outras:

- Necesidadades relacionadas co benestar socioemocional e co seu desenvolvemento integral como persoas, en relación coa saúde mental e emocional, e a intelixencia emocional: conciencia emocional, xestión e regulación emocional e condutual, habilidades intrapersoais (tales como axeitado autoconcepto e autoestima, uso da linguaxe interna para consigo mesmos, manexo de expectativas, etc.) e desenvolvemento de habilidades interpersoais tales como asertividade, empatía, habilidades de comunicación social axeitadas.

Entre estas necesidades cabe facer mención especial da situación de vulnerabilidade emocional dos rapaces e rapazas para afrontar situacións cambiantes en cortos períodos de tempo na esfera persoal, familiar e social. Separacións de proxenitores que nos últimos anos – na era postpandemia- incrementáronse exponencialmente entre as familias do alumnado da nosa comunidade escolar e na sociedade en xeral (sendo un fenómeno moi extendido) e que en bastantes ocasións levan consigo non só sufrimento para os rapaces e rapazas polo cambio da estrutura da unidade familiar e o incertidume dos cambios que iso implican no seu día a día senón por ser empregados/as polos seus proxenitores nos seus procesos de litixios dunha parte contra outra e sen que haxa en moitos casos unha civilizada e conciliadora relación e comunicación polo ben do fillo ou filla, ocasionando moita dor, sufrimento e xerando situacións neles de impotencia, rabia, tristeza, incertidume, abandono...

- Necesidades relativas á autonomía e responsabilidade persoal (tanto no que ten que ver cos hábitos relacionados coa escola e o estudo como co seu autocoidado persoal e responsabilidades para coa familia).

Neste sentido, cómpre poñer especial énfase no feito de que nos últimos tempos estanse dando *moitas situacións de dificultades de xestión emocional e condutual nos menores porque en moitos casos non se lles poñen límites e normas dende pequeniños* (coas correspondentes consecuencias que debería levar o seu incumprimento en cada caso) *e non se fixan, establecen e aplican esas consecuencias* en cada caso, e á vez as nais, pais, avós e avoas e a sociedade en xeral evita que se dean situacións de frustración neles (sendo concebido o feito de que non poidan obter o que queren e se frustren como algo negativo e non como unha condición necesaria na vida das persoas dende pequenos para aprender a xestionar a frustración e a regularse nun proceso de axeitado desenvolvemento persoal).

Dese xeito impídese que o neno ou nena experimente situacións de frustración (cando non poden ser as cousas como eles ou ellas impoñen ou pretenden) e se lles priva das oportunidades de poder aprender a xestionar dita frustración con estratexias e recursos persoais (experimentadas e descubertas de forma autodidacta nunhas ocasións pero tamén facilitadas e proporcionadas coa axuda do adulto) que lles serían

de gran axuda ao longo de toda a sua vida persoal, emocional, laboral, familiar e social.

- En relación a ese *desenvolvemento persoal saudable cómpre destacar tamén necesidades dos nosos nenos e nenas e de corresponsabilidade de educación sociofamiliar en relación a*:

* alimentación saudable;

* adquisición de bos hábitos de hixiene do sono;

* facer unha boa distribución e axeitado aproveitamento do tempo de estudo no fogar pero tamén sobre todo do tempo de ocio e tempo libre;

* reservar tempos para máis e mellor actividade física e motórica pero non só a través de actividades extraescolares deportivas (nuns casos por defecto e noutros por exceso de actividades extraescolares que fan das xornadas dos rapaces e rapazas longas e vertixinosas xornadas para chegar a todo) senón de tempo libre non regulado para ir ao parque, relacionarse con outros/as rapaces/zas, para ter a sensación de "aburrirse" e así desenvolver nesos tempos a libre e propia imaxinación, observación, creatividade, etc;

* uso abusivo e inadecuado de pantallas, contido non adecuado para a idade (series, videoxogos, etc.) e sobre todo de videoxogos e redes sociais (tiktok, instagram, etc), que están xerando moito dano non só no desenvolvemento neuropsicolóxico dos rapaces/zas (procesos atencionais, de estimulación sensorial, dificultades atencionais e de focalización, peor desenvolvemento das habilidades comunicativas, lingüísticas e da fala, etc.), senón tamén xerando problemas de ansiedade, adicción, modelos de relacións ou comunicación agresiva como se fose un xogo (pegarse, agredirse verbalmente… como nos videoxogos que manexan);

* dificultades para socializar e desenvolver habilidades de comunicación social;

* sobreprotección e facer as cousas por eles co cal se lles priva de que desenvolvan hábitos de autonomía e responsabilidade facendo por eles determinadas actividades que contribuirían á sua satisfacción persoal, autoestima persoal, motivación, e ao seu mellor desenvolvemento persoal, emocional e intrapersoal;

* necesidade de ver o erro, a equivocación como unha oportunidade de aprendizaxe, mellora e desenvolvemento da resiliencia, etc.;

*prolongación no tempo do uso do chupete, dos biberóns e exposición prematura (antes dos 2 anos) a pantallas (móvil, tablet, videoxogos ou entretemento audiovisual) sustituíndo a fala e comunicación oral coa familia no día a día durante as comidas, os desprazamentos, os tempos de espera nos lugares aos que hai que asistir e agardar a quenda, etc. e que están relacionadas coa adquisición e desenvolvemento da fala

e da linguaxe oral, así como da comunicación oral tanto individual como en interacción social. Estas dificultades de fala e linguaxe oral víronse incrementadas nos últimos tempos por estas prácticas sociofamiliares cada vez máis extendidas na sociedade e fronte ás que moitas familias non toman consciencia e/ou non adoptan unha posición decidida (aínda que vaia contra corrente do que faga a maioría) por razóns de comodidade, cansanzo, ritmo fremético da vida, conciliación familiar e laboral, etc. A esta escasa ou falta inacción familiar preventiva que se observa en bastantes casos, se lle suma un sistema sanitario deficiente para a intervención tanto pediátrica na nosa zona como de atención logopédica e de especialistas sanitarios, de saúde mental infanto xuvenil (USMIX) do SERGAS con insuficiencia de recursos humanos, cambios constantes de persoal que intervén cos rapaces e rapazas, falta de continuidade, ou longas listas de espera (de anos) ou falta de atención asistencial sanitaria axeitada.

- Relacionado co anterior e polas razóns expostas, hai un incremento considerable nos últimos anos (dende a postpandemia) de Necesidades Específicas de Apoio Educativo relacionadas con alteracións da fala (moitas e múltiples dislalias que se extenden no tempo), coa linguaxe (alteracións na estruturación morfosintáctica e concordancia gramatical axeitada, pobreza de vocabulario e léxico expresivo -sobre todo- e comprensivo), e coas habilidades de comunicación social e para a pragmática social que afecta especialmente ao alumnado que neste ano está escolarizado en 2º e 1º de primaria, en 6º de infantil pero mesmo en 3º, 4º e 5º de primaria (con dislalias que se manteñen no tempo).

- Necesidades específicas de algún alumnado relacionadas co uso de recursos de linguaxe non verbal compensatorio das eivas lingüísticas verbais que ao mesmo tempo condicionan o desenvolvemento do pensamento, desenvolvemento cognitivo e condutual así como das aprendizaxes de varios dos nosos alumnos e alumnas: sistemas alternativos e/ou aumentativos da comunicación (Linguaxe de signos, uso de pictogramas e/ou imaxes, etc.), apoios visuais de todo tipo (imaxes e obxectos reais, fotos ou imaxes dos obxectos reais, etc.), organizadores visuais e recursos "Visual thinking" moi útiles para favorecer o desenvolvemento da linguaxe, "Thinking maps" para facilitar o desenvolvemento do pensamento e aprendizaxes de todo o alumnado, e especialmente necesario e imprescindible no caso dalgún grupo-clase con alumnado con NEE ou NEAE que así o requiren (como acontece no presente curso 2023- 24 especialmente nos casos de 1º de primaria, de 4º de primaria, etc.)

- Necesidade de eliminación de barreras arquitectónicas no noso centro que faciliten o desprazamento físico de alumnos/as e profesores/as ante situacións de enfermedades ou limitacións físicas coma poida ser a Enfermidade de Perthes que afecta a un dos nosos alumnos de 3º de primaria, incapacidades temporais ou permanentes que requiran do uso de muletas, cadeiras de rodas, etc.

En concreto o curso pasado procedemos xa a solicitar por escrito cun dossier xustificativo amplo e

exhaustivo aportado pola Xefatura do D. de O. e a Dirección do centro a colocación dun ascensor ou elevador para acceder á pranta de arriba do colexio e que a dirección do centro levaba anos solicitando aos responsables das diferentes administracións a propósito das obras sucesivas no centro e nas instalacións de acceso sen que ata o momento se dese unha resposta nin solución á mesma.

Esta necesidade mantense aínda no curso actual e iso obrigounos a nivel organizativo de centro a modificar aulas e grupos subindo aos grupos de 2º á 2ª pranta do edificio (con dificultades de desenvolvemento motórico leves no caso dun rapaz) para deixar aos grupos de 3º na 1ª pranta dado o caso do alumno coa Enfermidade de Perthes que no momento actual debe facer uso da cadeira de rodas, xunto co cambio doutras aulas e espazos, e en calqueira caso non puidendo acceder aos servizos da pranta superior (tales como laboratorio, aula de audiovisuais, aula de informática).

- Da nosa comunidade escolar tamén forma parte e debe formar parte (nas condicións o máis inclusivas posibles) *alumnado con Necesidades Educativas Especiais* que afrontan barreiras que limitan o seu acceso, a súa presenza, a súa participación ou a súa aprendizaxe (ás que debemos atender) derivadas de condicións de discapacidade (sensorial auditiva, motórica, trastorno do espectro autista...), da comunicación e da linguaxe (como Trastornos do desenvolvemento da linguaxe – TEL-, ausencia de fala e linguaxe oral (que requiren de Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación – SAAC-), Mutismo selectivo, retraso madurativo do desenvolvemento da linguaxe, ou trastornos da conduta, que requiren de apoios e atencións específicas para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe adecuados ao seu desenvolvemento.

No curso actual o alumnado con NEE supera a decena e á vez os recursos humanos cos que contamos neste curso 2023-24 para a súa axeitada atención atención son insuficientes: só temos 1 especialista de AL e PT e non fomos seleccionados no Programa Acompaña na solicitude do mestre de perfil de PT como sí tiveramos o curso pasado, nin tampouco contamos cun especialista de PT2 (compartido como sí tivéramos nos tres cursos anteriores).

- Tamén temos *alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural* por desigualdades derivadas de factores sociais, familiares derivados de factores económicos, culturais, de violencia de xénero, etc. para os cales debemos procurar e garantir unha educación inclusiva, de calidade e en igualdade de condicións co resto de alumnas e alumnos.

- Tamén seguimos recibindo (como en anteriores cursos) *alumnado que presentan NEAE por incorporación tardía ao sistema educativo procedendo doutros países: Irlanda, Londres, Francia, Senegal, República Dominicana, Cuba, etc.* (por escolarizarse tardíamente no noso sistema educativo presentando

dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lles corresponderían pola sua idade) con dificultades que se manifestan no descoñecemento dalgunha ou das duas linguas cooficiais de Galicia e/ou no desfasamento curricular. Este curso temos a situación recente dun alumno irlandés, xunto co alumnado que xa tiñamos anteriormente nesa circunstancia o curso anterior e os anteriores, e outros/as alumnos/as que procedendo do estranxeiro no curso anterior estiveron o curso pasado noutros colexios galegos da zona.

- A maiores tamén temos alumnado con alta capacidade intelectual con acreditación da mesma por parte deste Departamento de Orientación e do EOE do curso anterior e outro que está neste intre en proceso de valoración psicopedagóxica.

- A maiores temos moito *alumnado con NEAE por Dificultades Específicas de Aprendizaxe* (de linguaxe oral, de alteracións na lectura e/ou escritura, comprensión lectora, disgrafía, dislexia, de cálculo mental e aprendizaxes matemáticas, etc) *e/ou por Trastornos de Déficit de Atención e/ou Hiperactividade (TDA-H) con afectación nas condutas na interacción social e en bastantes casos mesmo nas aprendizaxes* que tamén requiren en varios casos non só de actuacións e medidas ordinarias de Reforzo Educativo (segundo os protocolos e cada caso) senón tamén de medidas e recursos extraordinarios como Apoios específicos da especialista de PT, pero tendo prioridade as casuísticas de NEE referidas anteriormente.

- *Necesidades relativas a desenvolvemento de procesos cognitivos básicos para as aprendizaxes* (tales como percepción, atención selectiva visual e auditiva, inmediata e secuencial, memoria inmediata, auditiva e secuencial, memoria visual, memoria de traballo, memoria episódica, memoria a longo prazo, memoria prospectiva, razoamento lóxico verbal e non verbal, razoamento lóxico matemático, etc.)

- *Necesidades relativas a desenvolvemento de funcións executivas* (memoria de traballo, control inhibitorio, organización, planificación, monitorización de tempos, velocidade de procesamento da información, flexibilidade cognitiva fronte a rixidez, revisión, autocorreción, etc.).

-*Necesidades relativas á adquisición e uso de estratexias de pensamento e estratexias de aprendizaxe* xunto con diferentes niveis de desenvolvemento de competencias de aprendizaxe nos grupos clase e aulas (para as cales será fundamental o ensino DUA e o Sistema de Ensino Multinivel).

-*Necesidades relativas a respectar as diferentes vías e modos de procesar a información os rapaces/zas así como diferentes modos para producir e expresar,* é dicir, tanto para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como para garantir o reaxuste de medios, de tempos, instrumentos e procedementos de avaliación, atendendo á súa realidade e circunstancias, con uso de apoios reforzadores visuais, multisensoriais visuais, “thinking maps” e “visual thinking”, etc.

- *Necesidades relativas á adquisición e emprego de técnicas de traballo intelectual (TTI) e técnicas de estudo*.

- *Necesidades relativas á acollida na aula e centro (cando o alumnado procede doutros centros, cando non promociona de curso e se incorpora a un novo grupo, etc.) con cohesión de grupo na aula e actuacións de aula* (xogos cooperativos, actividades de aprendizaxe en interacción cos pares – colaborativas ou cooperativas-, titoría entre iguais, dinámicas de cohesión, etc.) *e centro para favorecer inclusión escolar e social tanto en situacións regradas e formais como informais* (aula, tempos e espazos de patio, recreo, etc.) aproveitando a riqueza que supón a diversidade cultural, ideolóxica, de intereses, diversidade funcional, etc.

- Necesidade de incorporar dinámicas, hábitos, prácticas que favorezan un clima de aula e de centro axeitado para a convivencia escolar e para as aprendizaxes (tanto no grupo como no centro) observándose necesidades na nosa institución escolar en todos os colectivos e axentes que forman parte da comunidade escolar: alumnado, familias e profesorado.

- Necesidade de mellorar a competencia plurilingüe e a competencia comunicativa en todas as linguas que se constitúen como áreas instrumentais do currículum do noso centro (incluida o inglés) conforme aos criterios de promoción e a nosa condición de centro plurilingüe, para o cal puxemos dende hai uns cursos en marcha a nivel organizativo de centro a reserva de tempos das sesións da Hora de ler para que o profesorado especialista de inglés en Primaria poida facer Apoio en inglés semanal ao alumnado que suspenda a área ou que teña un nivel competencial con desfase curricular e moita dificultade.

-*Necesidades relacionadas con baixa motivación, curiosidade e interese por todo aquelo que non sexa audiovisual ou videoxogos e polo tanto por aprender (e especialmente en varios casos pola aprendizaxe da lectoescritura, da lectura, etc.) ou* noutros casos *por afrontar as aprendizaxes e tarefas con expectativas de fracaso* en lugar de éxito ou por ter asumido e interiorizado o erro e a equivocación de xeito negativo e non como unha oportunidade para aprender.

As *__NECESIDADES__* __en relación ao PROFESOR*ADO e AO EQUIPO DOCENTE*__ son, entre outras:

- *Necesidades relacionadas co benestar socioemocional do profesorado tamén* (como lle pasa ao alumnado e ao resto da comunidade escolar e social) *no que incide negativamente a presión de tanto cambio de normativa educativa, currículum, esixencia burocrática, cambios tecnolóxicos, atención educativa* presencial no día a día nas aulas e no colexio pero tamén continuamente a través das canles dixitais e de comunicación coas familias, de sobrecarga no currículum sen que á vez se suprima nada del e con esixencias

e delegación de responsabilidades educativas no profesorado e na escola de todo o resto de axentes educativos sociofamiliares, a través de diferentes programas educativos e liñas prioritarias de actuación nas aulas e centro xunto con conmemoracións e actividades varias, proxectos, etc. que sobrecargan o horario lectivo sen que á vez se suprima nada do currículum.

- Nestas condicións desfavorables para o benestar socioemocional do profesorado como colectivo e individuos incide tamén a presión e esixencias das familias, a presión social, demandándoselle máis e máis e con maior diversidade de NEE e NEAE nas aulas á vez que o centro conta con menos recursos humanos tanto para a atención educativa ás NEAE do alumnado con apoios de profesorado de dispoñibilidade horaria (PDH) nos Reforzos Educativos como insuficiencia de recursos humanos e menos profesorado de PT que en anos anteriores, sen ser tido seleccionados tampouco para o programa Acompaña (co perfil de PT solicitado) como sí ocorrera o ano anterior, mentres a matrícula de alumnado con NEE e/ou NEAE segue a incrementarse.

Neste sentido, e ao igual que ocorre no ámbito da atención sanitaria de saúde infanto xuvenil, tanto os profesionais especialistas do D. de O. como o resto de profesorado titor e especialista temos que atender e intervir nun maior número de casuísticas (máis cantidade) e tamén de maior espectro, variabilidade e complexidade (moitas delas causadas polo estilo de vida da sociedade actual) para as que moitas delas o profesorado non está suficientemente preparado, ou non conta coa colaboración das familias e da sociedade en xeral ou é incapaz coas ratios de aula que temos de dar resposta e atención educativa individualizada e persoalizada á variedade de diversidade e necesidades emocionais, comunicativas, persoais, familiares, etc. que nos atopamos.

-As necesidades derivadas da atención ás reclamacións e demandas burocráticas da administración e a falta de respostas ou de dotación de recursos humanos necesarios para atender ás necesidades educativas e de centro nas condicións e circunstancias actuais, etc. As esixencias que a administración educativa plantexa en tempo e forma de facer estos cambios e adaptacións constantes de planes, programas, regulacións educativas, etc. incorporándoos de modo inmediato sen contar cos recursos materiais, organizativos, formativos e sobre todo cos recursos humanos para poder facelo debidamente, supoñen unha gran presión para o centro escolar e o profesorado a nivel organizativo dando lugar a angustia, ansiedade, nerviosismo, delegacións, crispación… que se traslada ao malestar docente e á convivencia entre o propio persoal docente no uso da linguaxe e dos modales para tratarnos e respectar os tempos dos demáis.

O mesmo acontece cos prazos para as programacións, as ACS e a sua realización no PROENS mesmo cando a aplicación aínda non está debidamente funcionando ao propósito requerido. Este ano de feito, os prazos das ACS (segundo a Orde do 8 de setembro de 2021) non son compatibles cos prazos dados para as programacións PROENS de 2º, 4º e 6º.

- Necesidade de contar con tempos e espazos para o traballo de coordinación e en equipo dos profesionais docentes segundo as responsabilidades de cada un no proceso educativo e de intervención educativa (máis alá das coordinacións de todo tipo das tardes dos martes) fronte ao que nos atopamos o ritmo frenético e de cambios contrarios aos principios pedagóxicos da "slow education" centrada no importante (a pesar do urxente) e a falta de dignidade e estabilidade dos profesionais docentes con falta por parte da administracion educativa de respecto dos tempos precisos para organizarse, programar, coordinarse e traballar en equipo, enviando por exemplo a persoal sustituto xusto cando está comezado o curso (coas dificultades que iso conleva a nivel de acollida, posta ao día, programación e coordinación previa, etc.) ou con cambios de persoal (tramitados externamente en calqueira momento xa empezado o curso ou sen resolver ata iniciado o curso) e relativas a cambios organizativos impostos de fora en calqueira momento do curso que desbotan a organización previa que tanto tempo leva facer no centro aos diferentes responsables de departamento, recursos humanos, espazos, etc. sempre tendo en conta pola nosa parte as necesidades do alumnado e do centro. Isto incide negativamente para os apoios educativos e a atención á diversidade especialmente.

- Necesidade de facer fronte á presión das familias que conciben a educación en termos tradicionais de materias, aprendizaxe memorística, aprender para aprobar e sacar boas notas en base a contidos, e non a desempeño competencial e desenvolvemento persoal e integral. Á vez presión das familias (en diferente dirección unhas e outras) ao profesorado titor tanto de primaria como de infantil en cuestións e decisións puramente pedagóxicas.

-Necesidade de formación conxunta do profesorado en relación a unha inxente chea de liñas prioritarias de actuación: atención á diversidade, metodoloxías activas favorecedoras da inclusión, educación dixital, PLAMBE, currículum e novidades lexislativas en canto a currículum e avaliación, emprego de novos documentos de información e comunicación sobre as medidas de apoio ao proceso de ensino aprendizaxe ou de toma de decisións ao respecto para a sua aplicación (programas de intervención e de reforzo educativo, Adaptacións Curriculares, Informes Finais Individuais das medidas ordinarias de Reforzo Educativo así como Informes das medidas extraordinarias, Plans de Reforzo e Recuperación, etc.), de uso de aplicacións

para o desenvolvemento das funcións docentes tanto na intervención educativa co alumnado e familias (EDIXGAL, etc), como na comunicación coas familias (Abalar, etc.) e na planificación, programación e avaliación educativa (PROENS, XADE, etc.), Benestar socioemocional e convivencia, etc.

- Necesidade de mellorar o noso funcionamento como equipo docente, e de mellorar a convivencia e as relacións entre o equipo docente: cohesión, convivencia, traballo en equipo, titoría entre iguais, compartir as boas experiencias de traballo nos diferentes eidos, usar unha linguaxe positiva para cos outros, autocontrol e regulación emocional e nas interaccións sociais, coñecemento e comprensión da realidade do centro e das necesidades deste e non só das do propio grupo ou docente.

- Necesidade de experimentar en primeira persoa o equipo docente e de modelar ao alumnado en dinámicas, recursos persoais e prácticas de xestión e regulación emocional, prácticas restaurativas e de xestión pacífica de conflitos por medio do diálogo, prácticas de relaxación, dinámicas de cohesión de grupo, de distención, etc. dirixidas a mellorar o benestar socioemocional do alumnado, profesorado e a convivencia nas aulas, no patio e no centro.

- Necesidade de mellorar o cumprimento individual e colectivo dos acordos e decisións que se tomen a nivel de centro.

- Necesidade de unificar criterios pedagóxicos e mesmo metodolóxicos entre os diferentes niveis e etapas educativas para que haxa unhas liñas pedagóxicas de centro e se poida facer fronte conxuntamente e debidamente ás presións e ameazas (que proceden do exterior ou do entorno) e que exercen presión sobre a labor educativa para tratar de non deixarse vencer por elas como comunidade ni caer en enfoques ou decisións contrarias ao correcto dende o punto de vista pedagóxico.

- Necesidade de introducir de xeito máis xeneralizado nos diferentes niveis e centro non só as cuestións e variacións metodolóxicas referidas anteriormente tendo en conta ás necesidades do alumnado de cada grupo- clase e individuais en base ao sistema de Deseño Universal da Aprendizaxe e a atención á diversidade e ás NEAE, senón tamén no relativo aos procedementos e instrumentos de cualificación e avaliación que non poden reducirse a exames ou probas senón que precisa da incorporación de ferramentas dirixidas a valorar a progresión do desenvolvemento competencial do alumnado: portfolio, mapas mentais, diarios ou rexistros diarios de aula, escalas de valoración, rúbricas, debates, etc.

-Necesidade de optimizar as sesións de apoios nas aulas ordinarias (tanto de AL, PT como de profesorado de dispoñibilidade horaria en RE) para un maior aproveitamento dos mesmos e favorecer a atención educativa do alumnado con NEE e NEAE en condicións de normalización, integración e inclusión

escolar.

NECESIDADES en relación ÁS FAMILIAS:

- Necesidade de concienciar ás familias sobre a súa corresponsabilidade e implicación no desenvolvemento dos nenos e nenas en aspectos tan importantes para o desenvolvemento persoal como a a autonomía e responsabilidade persoal, a estimulación da comunicación e linguaxe oral, en hábitos de alimentación saudable, hixiene do sono e descanso, actividade física e movemento, participación en actividades de interacción cos pares fora do colexio, axeitada estruturación do tempo de ocio e tempo de lecer, a importancia do xogo, da estimulación sensoriomotriz e coordinación motora, da educación en normas de convivencia e nas relacións e dos límites e asumción de consecuencias no quebrantamento dos mesmos no fogar, na escola, na rúa, etc.

- Necesidades das familias derivadas de cambios persoais de relevancia para os nenos e nenas e que inciden en moitos casos considerablemente no seu benestar persoal e psicoafectivo e que os poden desestabilizar senón se xestionan e abordan axeitadamente e co debido tempo: separación dos proxenitores (que se incrementaron moi considerablemente na nosa comunidade escolar ademáis de na colectividade social nestos últimos anos postpandemia), movilidade dalgún proxenitor por razóns laborais, cambios profesionais e nas condicións familiares, movilidade de alumnado e familias de centros escolares e localidades por diferentes razóns, nacementos de irmáns pequenos, delegación de responsabilidades educativas no día a día nas figuras dos avós por razóns de conciliación familiar e laboral dos proxenitores, diferentes estilos educativos ás veces moi contradictorios entre os diferentes adultos da familia no referido á crianza e educación do menor, falta de consistencia nos patróns educativos entre os diferentes axentes familiares que interveñen na educación dos rapaces/rapazas, etc.

- Necesidade de mellorar o control parental sobre o uso inadecuado e o uso excesivo en tempo e cantidade das pantallas (tablets, ordenadores, videoxogos, redes sociais, etc.), das redes sociais, dos viedoxogos (moitos deles de compoñente inadecuado para a infancia, etc.)

- Necesidades relativas á conciliación da vida familiar e laboral para ofrecer aos seus fillos e fillas tempos e atencións de calidade, de compartir e convivir no día a día.

- Necesidades de inclusión e integración social, laboral e comunitaria na nosa comunidade escolar e na comunidade social do noso concello/entorno das familias que proceden de fora e se incorporan durante o curso, de diferentes culturas, nacionalidades ou idiomas.

- Necesidades relativas á eliminación de barreras mentais e actitudinais relacionadas coa diversidade funcional, diversidade cultural, etc. a través de actuacións de sensibilización e formación sobre Diversidade funcional (Autismo, Enfermidade de Perthes, Discapacidade sensorial ou física, Trastornos do Desenvolvemento da Linguaxe, etc.).

- Situacións colectivas e particulares e individuais de procesos de duelo por perda de seres queridos, mascotas, etc. ou por procesos de enfermidade así como outras situacións vitais que xestionar no seu afrontamento por parte do menor tendo en conta a sua idade, madurez, características e particularidades persoais (carácter, recursos persoais, emocionalidade, etc.) e que requiren de asesoramento en canto a como xestionalo cos seus fillos e fillas e colaboración ao respecto.

- Necesidades relacionadas coa convivencia na comunidade social: familias que consciente ou inconscientemente estigmatizan a determinados nenos/as nas actividades de parques, extraescolares, etc. aleccionando aos seus fillos e fillas de que non se relacionen ou xoguen con algúns por diferentes motivos ou por problemas derivados das relacións entre xeracións adultas anteriores entre unhas e outras familias e que repercuten nas relacións entre algúns nenos/as no eido escolar estando a sua orixe no eido sociofamiliar e non na escola.

- Necesidade de modificar concepcións desfasadas das familias en relación a que aprender e como aprender, e a metodoloxías, recursos, etc. Falta de información e formación axeitada sobre novas correntes educativas e pedagóxicas que van na liña competencial, de educación e xestión emocional e desenvolvemento persoal, de aprendizaxe cooperativa, de filosofía para nenos, de educación multisensorial, educación slow, aprendizaxe dialóxico, OAOA, Visual thinking e Thinking Maps, novas metodoloxías activas favorecedoras da inclusión, etc. e que se alonxan das aprendizaxes memorísticas academicistas e tradicionais, do traballo e aprendizaxe a base de libros e fichas, do exceso de deberes, do individual, da aprendizaxe memorística predominantemente para os exames, das aprendizaxes de datos e contidos (e non de procesos, habilidades e competencias), de avaliación e cualificación en base a exames puramente… que coinciden coas concepcións das familias máis asociadas a unha educación e ensino tradicional como o que viviron con eles hai décadas na escola.

### 2.3. Xustificación das intervencións e actuacións na atención ás necesidades conforme á lexislación vixente.

**As accións educativas, orientadoras e titoriais na atención á diversidade, convivencia, acción titorial e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe no noso centro que se concretan neste documento anual de actividades para o presente curso 2023- 24 teñen en conta as necesidades detectadas e/ou sentidas no momento actual pero tamén a seguinte normativa e documentación:**

**A) Os documentos, programas e plans do noso centro que regulan os diferentes aspectos educativos do mesmo:** NOFC, Protocolo de Absentismo Escolar, Plan de Convivencia, Plans de continxencia, Plan de Acollida, Plan de Acción Titorial, Plan Xeral de Atención á Diversidade, Plan Dixital, Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP) etc.

- **A lexislación vixente con riguroso cumprimento das regulacións normativas que entraron en vigor nos derradeiros cursos**, a saber:

**- Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado en Galicia.**

**-Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o D229/2011 na atención á diversidade do alumnado en Galicia e polo que se actualiza a regulación das diferentes medidas de atención á diversidade.**

**-Decreto 155/2022 do 15 de setembro de 2022 polo que se establece a ordenación e currículo da educación primaria en Galicia** (e diferentes aspectos relativos á función titorial, atención á diversidade, currículo (obxectivos, contidos, criterios de avaliación e orientacións pedagóxicas, etc.)

**-Decreto 150/2022 do 8 de setembro de 2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil en Galicia.**

- **Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria**, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

**-Orde do 30 de maio de 2023 polo que se establece a ordenación e currículo da educación infantil e se regula a sua avaliación (desenvolvendo o D150/2022).**

**-Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de infantil, primaria, secundaria e bacharelato en Galicia.**

-**LOMLOE: Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro polo que se modifica a Lei orgánica 2/2006.**

**Así como a normativa anterior en vigor:**

- **Decreto 120/1998** que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de

Galicia e a **Orde do 24 de xullo** de 1998 que o desenvolve.

**- Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se dictan instruccións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educative e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

**-Decreto 374/1996** que regula a organización e funcionamento dos centros educativos de infantil e primaria.

**- Orde do 22 de xullo de 1997**, pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e O. U.

**- Convención do 13 de decembro de 2006** sobre os dereitos das persoas con discapacidade.

**- A Lei orgánica 2/2006** do 3 de maio de Educación **(LOE) e a sua modificación coa Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, así como o RD 157/2022 do 1 de marzo de 2022 polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da EP.**

**- Lei orgánica 51/2003**, do 2 de decembro , de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

**- Lei 7/2004**, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

**- Lei 27/2007, do 23 de outubro,** pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo-cegas.

**- Lei 13/1982, do 7 de abril,** de integración social dos minusválidos (LISMI)

**- Decreto 74/2011 do 14 de abril polo que se regula a formación permanente do profesorado en Galicia e Orde do 14 de maio de 2013.**

**- Lei 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e tratamento integral da violencia de Xénero.**

**-Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais 3/2018, do 5 de decembro, e Reglamento da UE 2016/679 do Parlamento Europeo y del Consejo de 27 de abril de 2016 relativo á Protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destos datos (polo que se deroga a Directiva 95/46/CE),** polos que todo o equipo docente deberá guiar as súas actuacións, no uso e manexo de información e datos relativos ao noso alumnado.

- ***Resolución do 6 de xuño de 2023,*** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan ***instrucións*** **para o desenvolvemento das ensinanzas** de educación infantil, educación primaria,

educación secundaria obrigatoria e bacharelato **no curso académico 2023/24**.

- ***Orde do 23 de agosto de 2023*** *pola que se establece a* ***figura coordinadora de benestar e convivencia*** *nos centros docentes de Galicia.*

**C) De igual maneira nas actuacións educativas e orientadoras deste Departamento continuaremos aplicando os Protocolos aprobados pola Xunta de Galicia** (no marco da colaboración entre as diferentes Consellerías) para ser activados no caso de que sexa necesario e desenvoltos na sua aplicación por parte dos diferentes axentes educativos, sanitarios e de servizos sociais:

*Protocolo para a Prevención e o control do absentismo escolar en Galicia, concretado no Protocolo para o noso centro educativo no Concello de Sanxenxo.

*Protocolo de prevención e actuación nos ámbitos sanitario e educativo ante o risco suicida infanto-xuvenil. (Plan de prevención do suicidio en Galicia) publicado en outubro de 2022.

*Protocolo na atención educativa ao alumnado con TEA.

*Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.

*Protocolo para a atención educativa do alumnado con Discapacidade Auditiva.

*Protocolo para a atención educativa do alumnado con Síndrome de Down e/ou con discapacidade intelectual.

*Protocolo para a atención educativa ao alumnado con Altas Capacidades Intelectuais en Galicia.

*Protocolo para a prevención, detección e tratamento do Acoso escolar e ciberacoso en Galicia.

*Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional na Atención Temperá.

*Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.

*Convenio de cooperación educativa entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria de Galicia e a ONCE para o establecemento de medidas encamiñadas á atención das persoas discapacitadas visuais.

*Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas de aprendizaxe.

*Guía para o desenvolvemento do Plan de benestar emocional (outubro 2023).

## 16.3. Funcionamento do noso Departamento de Orientación no curso 2023-24:

No apartado 1 do Plan refírense os membros que constitúen o D. de O. para este curso académico. A profesional ATE (Coidadora), Mª Dolores Corujo, non forma parte do Departamento de Orientación pero é unha peza clave para a atención á diversidade no centro e o apoio ao proceso de ensino- aprendizaxe, motivo polo cal se inclúen neste Plan Anual do D. de O. as suas actuacións que se indicarán no correspondente apartado e é tida en conta no funcionamento así como na aplicación dos principios fundamentais polos que guiamos a nosa labor educativa.

### 3.1.Principios fundamentais na atención á diversidade e no desenvolvemento das funcións titoriais e orientadoras deste Departamento de Orientación.

Procuraremos continuar cun <u>enfoque</u> de funcionamento e intervención do Departamento de Orientación de carácter <u>sociopsicopedagóxico</u> (que nos plantexamos dende o ano 2019) que orientará as diferentes labores e actuacións de detección de necesidades, de actuacións e intervencións e/ou relación cos diferentes membros da comunidade escolar (equipo docente, profesorado, alumnado, familias, equipo directivo, persoal do comedor escolar, ANPA, etc) e no noso contexto sociocomunitario (profesionais sanitarios: atención primaria, USMIX (neuropediatras, psiquiatras, psicólogos…), Atención Temperá (UAT), UDIAF, terapeutas do sistema público e privado que participan da intervención co noso alumnado NEAE sexa con beca ou sen beca NEAE do MEC, Servizos Sociais do concello de Sanxenxo, asociacións e entidades culturais e deportivas da zona tanto para orientar cara actividades extraescolares durante o curso escolar que favorezan a inclusión e integración social, cultural, lingüística de certos alumnos/as e familias na nosa comunidade como durante os longos períodos non lectivos do verán, fomentando hábitos de vida saudables, o benestar social e emocional, relacional dos menores, etc.

Iso supón ter que resistir ás presións dirixidas ao que na maioría do imaxinario colectivo todavía pervive respecto ao que se cre que é a labor da Orientación esperando dela unha intervención clínica e psicométrica centrada no individuo e nos puntos febles ou dificultades, e que á vez se debe ao gran descoñecemento da especificidade e á vez globalidade de todas as actuacións da Orientación nos diferentes eidos e cos diferentes axentes.

De forma moi breve referimos que os principios que guían a nosa labor, actuación e intervención son:

- A detección de necesidades comunitaria e grupal (dos diferentes colectivos) e non só individual do alumnado ou alumno/a.

- Valoración de necesidades en relación a todas as dimensións das persoas e dos grupos (non só en aspectos de aprendizaxe académico) sendo moi importantes os compoñentes emocionais, socioafectivos, de interacción social, actitudinais e motivacionais, de benestar e desenvolvemento persoal.

- Nos procesos de valoración e avaliación psicopedagóxica cando se fai unha demanda ao D. de O. de valoración en relación a un alumno/a por parte de profesorado ou familias son obxecto de estudo, observación, valoración, recollida de información e por tanto tamén de intervención e de pautas de actuación as condicións contextuais de centro, de aula, patio (organización de centro, clima de aula, metodoloxía, actuacións educativas, programación….) nas que se están desenvolvendo así como as condicións sociofamiliares e de índole persoal que sexan de relevancia.

-A valoración e detección das necesidades educativas realízase co propósito de orientar e levar a cabo os cambios precisos nas actuacións educativas de centro e aula tanto a nivel organizativo como curricular, e a nivel non só individual co alumno/a senón tamén co grupo, cambios metodolóxicos, de actuación educativa no día a día na aula, nos procesos de aprendizaxe-ensino, de avaliación, etc. así como nas actuacións sociofamiliares e comunitarias que sexan precisas de cara a levar a cabo unha intervención sistémica e integral, determinar as necesidades e propoñer e orientar as actuacións precisas para atender as necesidades educativas detectadas en cada caso e garantir a inclusión de todo o alumnado dende os principios de normalidade, integración e inclusión escolar, de participación equitativa no desenvolvemento integral do/a menor.

É dicir, adecuar a resposta e atención socioeducativa integral ás necesidades do alumnado é a finalidade das valoracións e intervencións de orientación e non a emisión dun diagnóstico clínico.

- A este respecto é clave tal e como indica a Orde de atención á diversidade do 8 de setembro de 2021, a participación do profesorado titor/a nese proceso de recollida de información durante a valoración psicopedagóxica que efectúa a Orientadora tanto coas observacións que esta fai na aula como coas reunións de coordinación e seguimento mensuais (entre Orientadora e Persoa Titora).

- Á vez é necesario que tras a demanda de intervención - valoración psicopedagóxica ao D. de O., e a realización da mesma coa recollida das conclusións, orientacións e actuacións da mesma no correspondente Informe Psicopedagóxico nuns casos, e Informe de D. de O. noutros, a Orientadora teña a oportunidade coa persoa titora (ou mesmo se é o caso co equipo docente que intervén co alumno/a e grupo ao completo) de informar e orientar respecto aos resultados da mesma e sobre todo respecto ás pautas, orientacións e

actuacións concretas en cada caso (grupais e individuais) que procedan, para o cal é fundamental a colaboración da Xefatura de Estudos para facilitar horarios de coordinación e apoiar á orientación neste cometido asesor e orientador na atención á diversidade e nos procesos de apoio ao ensino-aprendizaxe.

-Corresponsabilidade, colaboración e coordinación entre todos os entornos e axentes educativos que interveñen cos nenos e nenas: profesorado, familias, profesionais externos, etc.

-Enfoque sistémico que non centra o problema no rapaz en concreto, senón nas condicións do contexto familiar, social, escolar, e de aula, de xeito que as intervencións e as solucións deberemos propoñelas e levalas a cabo moitas veces e na maioría dos casos para modificar variables contextuais relativas á aula, ao grupo, ao centro e á comunidade escolar e social (sen centrar o foco no individuo).

-O profesorado de Apoio de Audición e Linguaxe e de Pedagoxía Terapéutica se constitúen en recursos fundamentais para a integración e inclusión do alumnado con NEAE e NEE na aula ordinaria co seu grupo (segundo as posibilidades e circunstancias de cada un e os condicionantes contextuais e pedagóxicos de aula) sendo PROFESORADO DE APOIO Á INCLUSIÓN E INTEGRACIÓN do alumnado no seu grupo clase e no centro escolar.

- Isto require dun enfoque respecto aos apoios que permitan que sexan realizados en condicións axeitadas na aula ordinaria para aproveitamento dos mesmos (tanto dos apoios de PT e AL como dos apoios de RE do profesorado de dispoñibilidade horaria) procurando un traballo conxunto entre profesorado titor/a e de área e profesorado de apoio, e camiñando cara o que se nos antoxa aínda lonxano no noso centro a chamada "Docencia Compartida". Estas actuacións de apoios en aula e de docencias compartidas son altamente recomendables para levar a cabo actuacións conxuntas e "en equipo" co profesorado ordinario de aula e na intervención co grupo-clase con prácticas de aprendizaxe cooperativa, interacción e comunicación social, aprendizaxe en interacción cos pares, titoría entre iguais, tarefas integradas de aula e en proxectos, xestión emocional e condutual, etc**.**

- Disposición e actitude proactiva e de compromiso persoal e profesional tamén para co resto do equipo docente e co centro en xeral como comunidade escolar tanto na consecución dos obxectivos, como na asunción de responsabilidades e funcións que en cada caso correspondan para solventar as situacións entre todos conxuntamente e non derivando sen máis. *"Ser parte da solución" e non "Formar parte do problema".*

- Necesidade de empatía, asertividade, coidado da linguaxe verbal e non verbal, de respecto aos outros/as... pois educamos co que facemos, como modelo a imitar pero tamén de empatía, calma, reflexividade individual e colectiva para coñecer, entender, comprender e atender ás diferentes circunstancias que hai en cada situación de necesidade ou dificultade e tomar decisións a levar a cabo con actuacións que deben perdurar no tempo sendo sistemáticos, consistentes e persistentes na súa implementación para que poidan ter éxito e resultar coa colaboración e implicación de todos/as os adultos que interveñen cos nenos e nenas.

-Accións sistemáticas, guiadas en todo o proceso tanto no "que" como no "como", con andamaiaxe e modelaxe. Nese sentido é clave tamén a Titorización entre Iguais entre o profesorado do mesmo xeito que promovemos e queremos empregar esta fórmula tamén con e entre o noso alumnado xunto co traballo en pequeño equipo.

-"Diversidade funcional" e diversidade como unha oportunidade enriquecedora para toda a comunidade social e escolar.

-Escoita activa, comprension e cooperación.

-Búsqueda da colaboración con toda a comunidade educativa e sociocomunitaria do concello, servizos sanitarios, etc. propoñendo e poñendo en marcha actuacións comunitarias conxuntas e reivindicando ou aproveitando os recursos comunitarios existentes no concello e zona, tratando de contribuir á vez a cambios sociais do contexto próximo que o fagan o máis acolledor, xusto, equitativo e solidario posible, tratando de unir as forzas todos os diferentes axentes da comunidade na procura das condicións de máximo benestar posible para os rapaces, rapazas e as súas familias.

-Traballo por programas implementados á súa vez con Tarefas Integradas dende o Enfoque de Aprendizaxe Competencial e o Ensino Multinivel.

-Promoción da Formación Permanente do Profesorado (como equipo e non únicamente como individuos) (PFPP) e de innovación no relativo á diversidade, inclusión escolar e metodoloxías favorecedoras da mesma (Aprendizaxe Cooperativa, Deseño Universal da Aprendizaxe, Ensino Multinivel, Titoría entre Iguais, Educación emocional e convivencia, etc.) a través de investigación en acción na aula (con implementacións) e planificacións, deseños, reflexións conxuntas e postas en común tras as aplicacións en aula e non só con docencias externas ao respecto.

### 3.2.Coordinacións e organización horaria das diferentes reunións de coordinación.

Segundo as circunstancias organizativas e as necesidades actuais do noso centro educativo e sen

deixar de ter en conta o prescrito polo Decreto 120/1998 que regula a orientación académica e profesional en Galicia e a Orde do 24 de xullo que o desenvolve así como a Circular 10/2010, as coordinacións precisas para implementar as intervencións educativas, asesoras, orientadoras, titoriais e o seguimento das mesmas na atención ás necesidades detectadas levaranse a cabo coa periodicidade e nas franxas horarias que de seguido se refiren, a saber:

- ***Reunións do Departamento de Orientación ao completo***: periodicidade mensual, 1 vez ao mes, en horario de martes pola tarde e de forma presencial (preferentemente no 3º martes de mes e previa á reunión mensual da CCP). Estas reunións serán convocadas previamente pola Xefa do Departamento de Orientación (en coordinación coa Xefatura de Estudos polo horario.)

- ***Reunións de coordinación das especialistas do D. de O. coa Xefa do Departamento (Orientadora, especialista de Pedagoxía Terapéutica e especialista de Audición e Linguaxe)***. Terán lugar semanalmente, os venres na 5ª sesión da mañá (de 13,00 a 13,40) agás o 4º venres de cada mes no que se coordinarán as especialistas de PT e AL entre sí (na súa intervención directa común con alumnado con NEE e NEAE) mentres que a Orientadora nesa franxa horaria mensual se coordinará coa mestra titora de 6º de educación infantil.

A primeira hora dos martes pola tarde (de 16 a 17 horas), mentres as persoas titoras teñen atención a pais e nais, destinarase a: labores de colaboración da Orientadora, PT e/ou AL coas persoas titoras na atención a pais e nais (cotitorías), coordinacións e seguimentos das intervencións en relación a medidas ordinarias de centro (como é o caso do programa de reforzo en iniciación da lectoescritura dun pequeno grupo de alumnos de 2ºA e 2ºB), coordinacións e seguimentos en relación ao uso dun comunicador e sistema SAAC para un alumno de 1ºB de primaria (por parte dos especialistas do D. de O., da persoa titora e nun tempo co resto do equipo docente que intervén co rapaz no centro de ser o caso), sesións de avaliación, seguimentos de ACS, reunións de información e asesoramento ao equipo docente de grupo – clase de alumnado para o que se solicitara valoración psicopedagóxica a fin de informar das NEAE e das actuacións e orientacións para levar a cabo co alumno/a e grupo- clase, coordinación docente no seguimento das actuacións con algún alumno/a e grupo- clase, etc.

***-Coordinación da intervención da Orientadora coa persoa titora de cada grupo- nivel: periodicidade mensual (1 vez ao mes).*** O obxecto e propósito destas reunions de coordinación-intervención é o indicado extensamente anteriormente cando nos referimos a elas. Lugar: Despacho do Departamento de Orientación.

Estas reunións non precisan de convocatoria por parte da Orientadora xa que está acordada a súa temporalización e son corresponsabilidade tanto de cada persoa titora como da Orientadora para garantir o intercambio de información, acordos, seguimentos e asesoramento en relación a detección de necesidades

educativas, demandas ao D. de O., asuntos da función titorial e orientación con todo o alumnado, aínda que especialmente en canto ao alumnado NEAE, asesoramento e seguimento de intervencións educativas grupais de carácter ordinario na aula (non só individuais) se é o caso e segundo disposición da persoa titora.

*Os horarios de coordinación-intervención entre Orientación e Titoría quedaron do seguinte xeito para o curso 2023-24 co compromiso e responsabilidade do profesorado titor no seu cumprimento:*

**Horario coordinación Orientación – Titoría:**

| Grupo- clase | Persoa Titora | Día do mes e sesión |
|---|---|---|
| 4º Infantil | Benchara | 1º venres do mes: 2ª hora |
| 5º Infantil | Esther | 1º martes do mes: 4ª hora |
| 6º Infantil | Sonia | 1º venres do mes: 5ª hora |
| 1ºA Primaria | Iván | 2º venres do mes: 4ª hora |
| 1ºB Primaria | Elena | 4º venres do mes: 4ª hora |
| 2ºA Primaria | Antonio | 3º martes do mes: 5ª hora |
| 2ºB Primaria | Lorena | 1º martes do mes: 5ª hora |
| 3ºA Primaria | Sefi | 1º mércores do mes: 2ª hora |
| 3ºB Primaria | Veli | 3º mércores do mes: 2ª hora |
| 4º Primaria | Desi | 2º xoves do mes: 3ª hora |
| 5ºA Primaria | Fernando | 1º venres do mes: 4ª hora |
| 5ºB Primaria | Jorge | 3º martes do mes: 4ª hora |
| 6ºA Primaria | Pastora | 2º xoves de mes: 2ª hora |
| 6ºB Primaria | Montse | 4º xoves do mes: 2ª hora |

***- Reunións do equipo docente do grupo-clase respecto ao que se teña realizada algunha nova valoración psicopedagóxica da Xefatura do Departamento de Orientación (sempre que sexa preciso para a axeitada atención educativa do alumnado, ao igual que a Xefa do D. de O. tamén o fai coa familia)*** independentemente de que esta valoración concretada e concluida no correspondente Informe Psicopedagóxico fose solicitada pola familia, polo profesorado titor, por un docente ou a iniciativa da propia

Xefa do Departamento de Orientación**.** Estas reunións serán convocadas pola Xefatura de Estudos a demanda da Xefa do Departamento de Orientación facendo referencia ás mesmas no documento organizativo do calendario de mes que se remite ao claustro e/ou a través de e-mail.

-***Reunión*** *trimestral* ***coa Xefatura do Departamento de Orientacion do IES de Sanxenxo*** sendo a Xefatura do Departamento de Orientación do IES a responsable de convocala. Cando menos no 3º trimestre do curso 2023- 24 coa fin de garantir a mellor transición posible da etapa de primaria a secundaria para o noso alumnado. (Reunións coa Xefa do D. de O. do colexio e coas persoas titoras dos grupos de 6º de Primaria).

## 16.4. Obxectivos para o presente curso 2023-24 en resposta ás necesidades do noso centro escolar conforme as liñas prioritarias de actuación. Estratexias e Accións para a sua consecución.

Os **Obxectivos Anuais do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación** que se indicarán a continuación **para este curso escolar 2023-24 teñen en conta**:

1.- **As necesidades de centro sinaladas e recollidas no apartado 2.2**.

2.- As **liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación** nos ámbitos de intervención reguladas por:

2.1.- **A *Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, F.P. e Innovación Educativa*** pola que se ditaban as instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional da Comunidade Autónoma de Galicia:

- relacionadas coa inclusión e a atención á diversidade (PXAD);
- relacionadas coa acción titorial (PAT);
- relacionadas coa convivencia e coa educación en valores (Plan de Convivencia);
- relacionadas co Plan de Orientación, co Plan Anual e coa Memoria do curso anterior;
- relacionadas cos procesos de avaliación e calidade;
- relacionadas co Dorienta e DRDADI;

- todas aquelas outras que a administración a través da Inspección Educativa solicite;
- relacionadas co Apoio aos Procesos de Ensino- Aprendizaxe (PAPEA);
- relacionadas co Plan de Acollida.

*2.2.-* **A *Resolución do 6 de xuño de 2023*,** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan ***instrucións* para o desenvolvemento das ensinanzas** de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.

2.3. **As actuacións referidas ao papel da Titoría, Orientación e da atención á diversidade** no capítulo III do Título I do ***Decreto 155/2022 do 15 de setembro de 2022*** polo que se establece a ordenación e currículo da educación primaria, **e do Decreto 150/2022 do 8 de setembro de 2022** polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil en Galicia e a Orde do 30 de maio de 2023 que o desenvolve.

**Obxectivos Anuais do Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación e Estratexias e Accións para a sua consecución:**

A) **Contribuír a mellorar o benestar emocional, social e a convivencia de toda a comunidade educativa**: do colectivo do alumnado, do profesorado, do persoal non docente e na medida do posible do resto dos axentes da comunidade educativa (familias).

***Estratexias:*** Accións de centro e de aula que favorezan a creación de redes de apoio entre o alumnado, entre o profesorado e membros da comunidade educativa dirixidas a incidir no desenvolvemento persoal e coidado e xestión emocional da persoa como: traballar a educación e xestión emocional, a xestión pacífica de conflitos por medio do diálogo e prácticas restaurativas, favorecer a aprendizaxe cooperativa e accións encamiñadas a interacturar (fronte ao illamento), a cohesión de grupo, xogos e dinámicas cooperativas e de distensión, técnicas de respiración, relaxación, de acougo, etc.

En concreto, e entre este Departamento de Orientación, a Comisión de Convivencia da que forma parte a Xefatura do D. de O., e coa persoa nomeada este curso como responsable de Benestar emocional e da convivencia na escola proponse unha actuación de ***modelaxe e entrenamento na xestión pacífica do conflito por medio do diálogo e de prácticas restaurativas*** para ir introducindo dende a Acción Titorial ***co alumnado*** de cada grupo clase de forma sistemática, progresiva e consistente na aplicación por todo equipo docente a nivel de centro nos diferentes contextos (aula, patio, etc.) consistente en: deseñar cunhas sinxelas

pautas e fases unha dinámica concreta de xestión pacífica de conflitos a aplicar cunha perspectiva positiva do conflito como oportunidade para xestionalo a través do diálogo co propósito de restaurar a relación entre os dous alumnos ou alumnas (ou as partes implicadas) con 3 fases nas que cada unha das partes por quendas falará e escoitará activamente:

1ª) as duas partes (cada unha delas terá a opotunidade de dicirlle á outra como se sentiu e sinte co acontecido, e escoitará tamén os sentimentos e argumentos da outra parte;

2º) as duas partes dirán (por quendas) que é o que pediría á outra persoa para restaurar a relación e resolver o desencontro;

3º) cada unha as duas partes (por quendas) dirá a qué se compromete para solventar a situación, facer que ambos/as se sintan mellor e restaurar a relación. Istos compromisos e acordos poderán recollerse por escrito e asinar para darlle maior relevancia na asunción de responsabilidade prospectiva no seu cumprimento.

Este planteamento tratarase na CCP do 1º trimestre para dar as instrucións e pautas correspondentes ao profesorado titor e equipo docente na sua implementación e modelaxe co alumnado (cunha pequena ficha explicativa elaborada polo D. de O. e Comisión de convivencia).

Nas aulas as persoas titoras introducirán ao alumnado nesta práctica de xestión pacífica de conflitos (coas 3 fases) con modelaxe ao seu grupo clase aproveitando un dos conflitos que se dean nese día a fin de ensinarlles a proposta de xestión de conflito ao seu alumnado (role playing, estudo de caso, etc.), as fases, os pasos, o modo de facelo, etc.

Tanto nas aulas como no patio cando se dean situacións de conflito todo o profesorado do centro animará, guiará e axudará ao alumnado implicado a seguir esa práctica de xestión de conflitos… ata que co tempo se teña extendida nas relacións de convivencia e interacción do alumnado e da comunidade escolar.

Poderán (e deberían) habilitarse tanto no interior do colexio preto das aulas (coloquiais ou espazos das titorías) coma no patio algúns espazos tranquilos e con condicións ambientais axeitadas lonxe de fontes de ruido que impidan escoitar e falar con calma e moderación así como con mobiliario, recursos visuais : boca – orella, plantilla, folla de compromisos a asinar, etc para instruir, entrenar e levar a cabo dita práctica restaurativa (a levar a cabo sempre que sexa necesario). Isto pode incluirse dentro da proposta de dinamización dos patios para as interaccións sociais e a convivencia e no PDI de centro relacionado co patio (este curso cos 4 elementos ou con algúns deles relacionados coas emocións nese proceso de conflito: lume – auga – aire -terra) e coa xestión e regulación emocional.

Será preciso tamén a través das titorías grupais coas familias ao longo do curso ou nalgunha convocatoria xeral que se faga dende o D. de O. no 1º ou 2º trimestre do curso informar ás familias e pedir a sua colaboración para que isto sexa efectivo e non se contrarreste con outras accións familiares externas ao colexio que sexan contrarias a este enfoque positivo do conflito como oportunidade para aprender e para mellorar o desenvolvemento persoal e social dos menores e das persoas.

***Outras estratexias:***

*Para coidar do benestar emocional e social do* ***profesorado*** fronte ás diversas presións das que son obxecto, o claustro e o Equipo Directivo acordan ir dando resposta ás diferentes, numerosas e continuas demandas e cambios burocráticos e da administración de forma progresiva ao longo do tempo (con prazos máis axeitados que os que plantexa moitas veces á Admisitración) en función das posibilidades do centro dando prioridade ao importante e sopesando ben e acordando no equipo docente do colexio (claustro, CCP e Equipo Directivo) cales son esas prioridades e urxencias por orde de importancia e relevancia.

Ás divulgacións e posta en práctica con modelado de actividades, dinámicas e recursos por parte deste D. de O. en anos anteriores entre as persoas titoras e o profesorado tanto a nivel individual como colectivo ao respecto (a través dos asesoramentos individuais, dos asesoramentos colectivos e de formación nos seminarios do PFPP de cursos anteriores), á Guía de Benestar emocional publicada pola Consellería no ano 2020 e divulgada por este D. de O. entre o equipo docente durante os anos anteriores, ou a través doutras propostas de intervención en educación emocional (conciencia emocional, regulación emocional, autoestima, autonomía emocional, habilidades para a vida autónoma e o benestar, habilidades socioemocionais, etc.) e social como as propostas do programa Cooperar para Aprender- Aprender a Cooperar, ensino de habilidades de interacción social para nenos e adolescentes, propostas de Educación emocional na práctica de Rafael Bisquerra, etc., súmase agora a actualización da "GUÍA PARA O O DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE BENESTAR EMOCIONAL" (Consellería de Educación, outubro 2023) con 3 focos de accións nas que intervirán as Persoas Titoras, a Responsable de Benestar Emocional e de Convivencia do centro e o Departamento de Orientación.

Así pois levaranse a cabo ***Estratexias dirixidas a***:

4. Alumnado (con accións encamiñadas a Acougar, Restaurar e Interactuar);
5. Profesorado (con accións en relación á Convivencia: Coidarse e Vincularse – fronte á crispación; e en relación á Aprendizaxe: Acompañar e responsabilizar, Confiar e Aceptar);
6. Familias (con accións en relación á Convivencia e Aprendizaxe: Participar, Construír, Transformar).

Dende a Xefatura do D. de O. e a Dirección do centro divulgaranse estos recursos (Guías) e outros máis específicos (con prácticas e dinámicas axeitadas para primaria, xogos e outros recursos de xestión e regulación emocional, etc.) entre as persoas titoras, e de xeito específico segundo cada caso e necesidades de cada grupo clase (a propósito das coordinacións Orientación – Titoría.) Ex. Actividades prácticas para á aula de educación e xestión emocional, de Rafael Bisquerra et all, Xogo do Emopark, etc.

B) **Favorecer a inclusión no grupo-clase do novo alumnado no centro ou de novo alumnado no grupo-clase** (que non promocionou de curso) **e a sua inclusión e integración no centro e na comunidade educativa e social así como** atender á acollida e integración **das suas familias na nosa comunidade escolar e social, especialmente no caso daquelas procedentes doutros países ou comunidades autónomas, ou daquelas en condicións de vulnerabilidade socioeducativa**.

***Estratexias e accións:*** A Xefatura deste D. de O. artellará e buscará colaboracións con institucións, organismos, persoas e entidades da zona para facilitar a sua inclusión social, deportiva, extraescolar, cultural na zona e con outros nenos, nenas e familias, etc. asi como acompañándoos presencialmente na toma de contacto se fose preciso e asesorándoos e orientándoos na procura de facilitarlles as xestións e accións precisas para acceder a unha axeitada atención sanitaria, social, etc. e non só limitándose a acollida escolar no colexio.

**C) Continuar favorecendo a inclusión escolar e social de todo o alumnado con NEE, NEAE nas aulas ordinarias, no patio, no comedor e no centro en xeral.**

***Accións dende o D. de O. encamiñadas*** a que todos os profesionais e persoas responsables das mesmas nesos espazos coñezan as particularidades, fortalezas e pautas a seguir con eles e co resto do alumnado **para facilitar a sua incorporación a novos espazos, actividades, etc. para eles:** proporcionar información, recursos (visuais, materiais) e pautas de acción facilitadoras para a sua integración neses espazos e actividades sociais segundo cada caso, coordinación e seguimentos co persoal de comedor, colaboración da ANPA para facilitalo nas actividades que dependen deles (como comedor, etc.), figura de mestre/a INCLÚE no patio para dinamizar a axuda ao alumnado máis vulnerable na sua inclusión nas actividades de recreo, de tempos de transición, colocación nos espazos correspondentes de imaxes ou recursos visuais de apoio, etc.

D) **Continuar avanzando na eliminación de "barreiras mentais"** aínda presentes nalgúns individuos da comunidade educativa e na sociedade en xeral **en relación ao acceso e inclusión persoal, escolar e social das persoas e alumnado con diversidade funcional.** Tamén das "barreiras arquitectónicas" solventadas de maneira provisional próximamente neste curso co artiluxio elevador á segunda planta do edificio de primaria

que proveerá a administración tras as demandas e solicitudes de ascensor realizadas nos anteriores cursos por este D. de O. e Dirección do centro ademáis da familia.

**Continuar sensibilizando a toda a nosa comunidade educativa (familias, profesorado, alumnado) en relación á diversidade funcional e a calqueira diferenza por condicións persoais da índole que sexa e ao seu respecto**, co seu coñecemento, visibilización e posta en valor dos seus puntos fortes e a riqueza que aporta tanto ao desenvolvemento do individuo como persoa como sobre todo ao desenvolvemento da escola e da sociedade como comunidade.

Continúa sendo necesario levar a cabo **actuacións de sensibilización con toda a nosa comunidade educativa (profesorado, alumnado e familias)** respecto á diversidade funcional dándolle visibilidade así como informar e formar sobre as actuacións e vantaxes da atención educativa en condicións de inclusion escolar con información ou formación específica se fose o caso.

Levaranse a cabo ***acciόns encamiñadas tales como*** campañas informativas e divulgativas a propósito de conmemoracións, charlas, talleres, sesións informativas pero tamén con outras iniciativas a nivel de aula e mesmo de centro como exposicións, etc. (ao modo da que levamos a cabo a final de curso en relación á produción pictórica dun alumno con NEE para potenciar o coñecemento doutras dimensións das persoas con diversidade funcional: "Sente con empatía, mira dende o corazón", o taller de LSE co grupo- clase de 5ºA (quincenal, luns a 2ª hora) contando coa colaboración da Federación de Persoas Xordas de Galicia, etc.

En relación ao **manexo do novo artiluxio** (esperemos que provisional ata contar con ascensor) **lévanse a cabo accións de formación práctica á persoa ATE- coidadora coa propia ferramenta** coa presenza e coñecemento á vez por parte da Xefa do D. de O. e o Director e a axuda do Membro da Empresa facilitadora do mesmo e asistencia do responsable da Unidade Técnica.

**D) Mellorar a competencia de desenvolvemento persoal e de aprender a aprender dos nosos nenos e nenas en especial ao tocante a:** autonomía persoal e hábitos de estudo, estimulación da linguaxe oral, desenvolvemento motórico e psicomotor (coordinación motora, motricidade fina, etc), técnicas de estudo e de traballo intelectual, recursos persoais de xestión emocional e condutual, etc.

Neste sentido, cómpre **promover a toma de consciencia nas familias da nosa comunidade escolar da importancia da sua colaboración e implicación educativa no día a día en especial ao tocante a: autonomía persoal e hábitos, uso e aplicación consistente de normas, límites e consecuencias como prevención de dificultades de regulación emocional e condutual que se veñen dando, estimulación da linguaxe oral, desenvolvemento motórico e psicomotor (coordinación motora, motricidade fina, etc) e control parental de pantallas, videoxogos e redes sociais).**

Levaranse a cabo ***diferentes estratexias e accións encamiñadas ao respecto dende as Titorías e dende a Orientación do centro***:

-trípticos informativos distribuidos polo D. de O. especialmente entre as familias de infantil respecto a pautas de estimulación da linguaxe oral, dos hábitos de autonomía, de normas, límites, consecuencias, de cales son as prácticas contrarias ou perxudiciais polo seu uso e abuso (videoxogos, pantallas, móviles, etc.) respecto a estas fins de desenvolvemento dos menores e a necesidade do control parental debido;

-charlas do Plan Director respecto a Novas Tecnoloxías e Ciberseguridade (para familias e alumnado de 3º ciclo de primaria) e respecto a Acoso escolar (o que é e o que non é en sentido estrito, non coloquial) en colaboración co D. de O. ;

-charla – coloquio "Medrar dun xeito saudable nun mundo dixital" da "Asociación Ecologistas en Acción" dirixida a Familias e Profesorado (2 de novembro de 2023);

-accións encamiñadas á formación e prevención do acoso escolar e ciberacoso (e dirixidas tanto a alumnado como a familias);

-difusión de información entre as familias de Talleres de Técnicas de Estudo (ofertadas polo Concello) para alumnado de 5º a 6º de Primaria (mércores de 16 a 17 horas no noso colexio) e doutras actividades lúdicas, deportivas, culturais, etc. que se estean a ofertar por diferentes entidades e asociación na nosa zona (exemplo, Talleres de dramatización, de teatro, etc).

No caso de alumnado concreto ao que algunha desas accións, dentro da proposta de actuación concreta da Orientadora coa familia do alumno/a lle sexa especialmente relevante e de utilidade para os propósitos de intervención educativa e desenvolvemento integral do/da menor, a Orientadora fará a comunicación de forma individual e persoal coa familia (teléfono, mensaxe, reunión, etc.)

-asesoramento individual ao respecto segundo cada caso ao respecto de valoracións psicopedagóxicas realizadas pola Xefa do D. de O. e se é o caso Reunións de Cotitoría coas familias entre Persoa Titora e Orientadora, etc.

E) **Promover e facilitar ao alumnado no seo da comunidade escolar o acceso a hábitos de vida saudable conforme á sua idade e nivel madurativo, tanto no relativo a alimentación saudable, actividade física e hábitos saudables na vida dixital, etc., como tamén e especialmente na pubertade no acceso a información, formación, coñecemento** compartido axeitadamente con profesionais correspondentes (e cos pares do seu grupo clase) no referido aos cambios hormonais, físicos, emocionais, de interacción social nesa etapa de crecemento e as implicacións que conlevan de autocoidado, de interaccións cos pares, co sexo

contrario, con especial atención a unha axeitada educación **afectivo- sexual**.

***Estratexias:***

- **Accións titoriais en colaboración coa Xefatura do D. de O. en relación a información e formación sobre os cambios a pubertade e adolescencia dos rapaces e das rapazas** (presentación powerpoints, libros axeitados, etc);
- **Taller de educación afectivo sexual para 6º de primaria "Relacións afectivo sexuais saudables para a prevención das violencias machistas" no 1º trimestre do curso** (Igualadas Consultoría y Formación, Concello de Sanxenxo)
- Plan de **"Almorzos/merendas saudables"** igual para ambas etapas educativas (todo o curso).
- **Dinamización da actividade física, lúdica e de interacción social nos tempos de recreo no patio** do alumnado, con atención tamén á inclusión do alumnado con NEE, xunto coa renaturalización do mesmo (areeiro, balancíns, actividades colectivas, mestre/a Inclúe, etc.).

F) **Facilitar a axeitada transición do alumnado entre as etapas de infantil a primaria e de primaria a secundaria.**

***Estratexias e accións que se levarán a cabo en cada caso:***

a) Coordinación entre o profesorado de ciclo ***<u>de infantil e de primaria</u>***.

-Aplicación e implementación das propostas e actuacións recollidas no documento de coordinación da transición de infantil a primaria (elaborado a finais do curso anterior e aprobado a comezos do presente curso).

-No caso do alumnado con NEE e NEAE levar a cabo as accións específicas indicadas no Informe Psicopedagóxico, e se é o caso no Informe Persoal do Ditame de escolarización, realizados pola Xefatura do Departamento de Orientación e aplicar as pautas e orientacións facilitadas pola Orientadora a comezos do curso antes do comezo das clases, e manter o seguimento, asesoramento, e coordinacións conxuntas entre titoría e orientación ao longo de todo o curso.

b) No tocante á ***<u>transición de primaria a secundaria</u>:***

-Coordinación entre a Orientadora do IES de Sanxenxo e a Orientadora do noso CEIP. (Ao longo do curso).

-Visita da orientadora do IES de Baltar e reunión informativa ao alumnado de 6º A e de 6ºB (coa presenza das persoas titoras en cada caso). (3º trimestre)

-Xornada de acollida no IES de Sanxenxo (3º trimestre).

-Posibles actividades de convivencia do alumnado de 6º con alumnado dos outros colexios que tamén van a Baltar (propostas e organizadas nas coordinacións entre directores dos colexios do noso concello).

-Reunión no mes de xuño (finais) entre as persoas titoras de cada grupo clase, a orientadora de primaria e a orientadora do IES para facilitar información individual (emocional, interacción social, puntos fortes, débiles, necesidades, etc.) e respecto a posibles grupos.

-Comunicacións telefónicas e intercambios de información específica entre ambas orientadoras respecto a alumnado NEAE, NEE, continuidade de medidas e accións de atención á diversidade e ás suas necesidades, vulnerabilidades, interacción social, grupos, etc. non só da Orientadora deste Departamento do colexio coa Orientadora do IES de Baltar, senón con persoas orientadoras doutros IES nos que se matricule o noso alumnado (ex. IES de Villalonga).

**G) Ofrecer a mellor atención educativa posible ao noso alumnado e á sua diversidade (segundo as posibilidades limitadas do centro este curso 2023-24 por reducción de recursos humanos do centro respecto aos anteriores anos)** en función das suas características, intereses, estilos de aprendizaxe, gustos e preferencias, puntos fortes e puntos febles, ritmos de aprendizaxe, etc. **atendendo especialmente e prioritariamente ao alumnado con NEE** (en primeiro termo) **e ao outro alumnado con NEAE, e con estratexias e actuacións tanto de acondicionamento de espazos de aula ou comúns e/ou recursos materiais (patio, comedor…) e de recursos humanos como de accións que favorezan a sua inclusión e atendan á sua vulnerabilidade.**

**H) Facer o mellor aproveitamento posible das medidas ordinarias de atención educativa** (Reforzo Educativo do mestre/a titor/a e/ou de área sen ou con apoio e axuda de profesorado de dispoñibilidade horaria –PDH-, apoios de inglés nalgunhas Horas de ler, docencia compartida, programas de reforzo específicos en lectoescritura, etc.) **e das medidas extraordinarias** (apoios específicos de PT e AL, axuda e acompañamento educativo da coidadora ATE, proposta, elaboración e seguimento de Adaptación Curricular nos casos en que sea preciso)

***Accións:*** **Levaremos a cabo as medidas educativas (ordinarias e extraordinarias) máis axeitadas en cada caso e segundo as posibilidades organizativas e de recursos humanos do centro deste curso 2023-24**

**tanto na atención á diversidade como nos apoios ao proceso de ensino –aprendizaxe con arregro á normativa vixente**, agotando as ordinarias antes de proceder ás extraordinarias (segundo recolle o Decreto de Atención á Diversidade D229/2011 e a orde do 8 de setembro de 2021), entre elas:

***MEDIDAS ORDINARIAS:***

a) **Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión de aula ás características do alumnado.**

b) **Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado (e á situación actual dado contexto escolar e social referida nos primeiros apartados do Plan: DAFO e necesidades).**

c) **Metoloxías baseadas no traballo colaborativo, traballo en equipo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

d) **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliaciòn (nos casos en que sexa preciso).**

e) **Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia**.

f) Desdobramentos de grupos.

g) **Reforzo educativo** diferenciando no noso caso:

*RE como medida ordinaria: RE do titor/a ou profesor/a de area que á sua vez poderá contar para o mesmo con:

-Apoio de profesorado con dispoñibilidade horaria (PDH)

-Apoio de Profesorado de Infantil á persoa titora e grupo clase.

*RE e Apoio do profesorado especialista de inglés na área de inglés.

h) **Programas de enriquecemento curricular** (para o que se tén solicitado este curso a intervención do EOE e unha proposta formativa no PFPP de centro dun Seminario sobre Introdución do DUA e SEM)

i) **Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.** (Como o de 2º de primaria e outros específicos e individualizados).

j) **Programas de recuperación.**

Segundo o modelo proposto de centro e o programa para cada un dos alumnos/as que non promocionou de curso (como acontece en dous casos en 2º de primaria) ou que ten algunha área suspensa (como acontece no caso dalgún alumno e alumna doutros niveis educativos de 2º, de 5º, de 6º, etc.) (Ver

**<u>Anexo 10</u>**)

k) Programas específicos personalizados.

l) **Programas de Habilidades Sociais e accións de Benestar emocional, social e de convivencia (Guía)**.

**Neste sentido ademáis das outras medidas ordinarias que estamos aplicando tanto a nivel de centro, como de aula e de nivel individual, caben destacar este curso outras actuacións nas que dun xeito ou outro está a participar o Departamento de Orientación e o equipo docente do centro con gran esforzo dados os limitados recursos humanos do centro e as necesidades este curso:**

- **o Programa do Obradoiro de Estimulación da Linguaxe Oral en Infantil, para este curso de forma diferente e máis secuenciada;**
- **o programa de intervención específica de adquisición do español – castelán (para o 1º trimestre con posibilidade de máis tempo) para un alumno procedente de Irlanda no mes de setembro con descoñecemento das duas linguas.** Na sua aplicación de 7 horas fora da aula ordinaria participan o mestre de inglés, unha profesora titora como PDH, a mestra de PT e a mestra de AL;
- **o programa de intervención de Reforzo da adquisición da lectoescritura no nivel de 2º de primaria** (deseñado, elaborado e proposto polo D. de O.) tras as dificultades e necesidades detectadas coa avaliación inicial nalgúns alumnos e alumnas de 2º A e 2º B, contando coa colaboración da Xefatura do Departamento de Orientación, da Xefatura de Estudos e as especialistas de PT e AL e a implementación por parte do especialista de Música, Miguel Ángel Chaves, para o cal se fará un pequeno agrupamento de 2 sesións semanais (primeira sesión do martes e do xoves) do que se informa ás familias e se lle pide autorización para saír da aula e se informa á Inspección.

***<u>MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:</u>***

a) **Adaptacións Curriculares.**_Respecto ás AC para este curso cómpre sinalar que tra a avaliación inicial se decidiu facer a proposta desta medida e a correspondente elaboración do Expediente de ACS en cada caso para un total de 6 alumnos/as:

1 en 1º de primaria,

1 en 3º de primaria,

2 en 4º de primaria,

1 en 5º de primaria,

e 1 en 6º de primaria.

**Este curso 2023-24 e se plantexa** **<u>como novidade para a súa xestión e tramitación</u>** **dende a Inspección e a Administración Educativa que un dos apartados do Expediente de ACS (o apartado 9 correspondente as áreas adaptadas) se faga na aplicación PROENS e se adxunte. (Profesorado con asesoramento Xefa do D. de O.)**

**Os outros apartados do Expediente de ACS (incluido o correspondente ao nivel de competencia curricular do/a alumno/a: de que é capaz) faranse en documento libre como se fixo sempre ata agora e se adxuntará co resto do** **<u>Expediente da ACS</u>** **(feito segundo a Orde do 8 de setembro e cuios apartados e índice se refiren no** **<u>ANEXO 9)</u>** **na aplicación "aneae" da Consellería (O Director e a Xefa do Departamento de Orientación farán este último trámite na aplicación "aneae".)**

Reunirémonos ao respecto de asesorar e coordinar a elaboración de cada proposta **tendo en conta as instrucións dadas por inspección** e o feito de que:

- **seguindo a Orde do 8 de setembro de 2021, as ACS de 1º, 3º e 5º** sí podemos e debemos tramitalas para a sua aprobación por Inspección antes de finalizar o mes de setembro. Co cal a parte das áreas e dos niveis de competencia curricular deberán estar remitidos á Xefatura do D. de O. a mediados de novembro, para adxuntalo con todos os outros apartados do Expediente de ACS e a información correspondente extraida da valoración psicopedagóxica que efectuará a Xefa do D. de O.
- **No caso das ACS dos niveis de 2º, 4º e 6º de primaria** tamén se poderán elaborar e tramitar nese período pero non serán aprobadas pola Inspección ata non ter aprobadas as programacións didácticas de 2º, 4º e 6º (cuias datas se extenden para o seu peche por parte do equipo docente ata o 1 de decembro).

Deixarase na carpeta do expediente do alumno ou alumna que conte con ACS para este curso unha copia da parte da ACS correspondente ás adaptacións das áreas, metodoloxía, avaliación, cualificación… (non dos outros apartados relativos a información persoal e confidencial do neno/a e familia do Expediente ACS).

Na carpeta do alumno do Departamento de Orientación custodiado pola Xefatura do D.O. sí se deixará unha copia en papel do Expediente íntegro da ACS elaborado conforme á Orde do 8 de setembro de 2021.

Outras medidas de atención á diversidade:

b) Agrupamentos flexibles (neste curso non).

c) Flexibilización da duración do periodo de escolarización.

d) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo

e) Grupos de adquisición das linguas.

i) Grupos de adaptación da competencia curricular.

o) Actuacións de detección temperá das dificultades e N.E.E.

**I) Obxectivo I) e *Accións encamiñadas* respecto a facer mellor aproveitamento das sesiòns de apoio (tanto dos mestres de PDH como das especialistas de PT e AL) nas aulas ordinarias.**

**É preciso modificar/mellorar o uso e <u>implementación desas horas/sesións na aula ordinaria</u>** por parte do/a titor/a ou mestre/a de área para que estas sexan máis proveitosas no camiño a unha Docencia Compartida **procurando <u>que sexan sesións dirixidas a tarefas prácticas</u>, a procesos de produción escrita, obradoiros, talleres, modelaxe e apoio nas actividades de aprendizaxe cooperativa, resolución de problemas e de habilidades de lóxica matemática con recursos manipulativos, gráficos, etc.)** evitando as prolongadas explicacións expositivas ao grupo- clase por parte do profesorado de área e aula ordinaria.

Para informar ás familias (e con copia para o Expediente do alumno) no caso do alumnado que conte con medidas ordinarias de RE, empregaremos o modelo do noso centro elaborado, proposto e aprobado por este D. de O. (con arregro a Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade): <u>*"Informe Individual Final das Medidas Ordinarias de Reforzo Educativo"*. O responsable da sua elaboración será a persoa titora</u> aportando a información dos mestres/as das áreas no caso de que teñan recibido RE noutras áreas (Inglés, etc.). (**<u>ANEXO 6</u>**).

Este informe será entregado <u>ao final do curso</u> ás familias (en soporte papel mentres que non sexa posible facelo dixitalmente) deixando tamén unha copia na carpeta do alumno do expediente de secretaría, ademáis de facilitar á Xefatura do D. de O. unha copia para a carpeta e seguimento das medidas do neno/a (na colaboración entre Xefatura de D. de O. e Xefatura de Estudos para a organización das medidas ordinarias de atención á diversidade).

No caso do alumnado que recibe medida extraordinaria de Apoio de PT e/ou AL este profesorado

elaborará o "Informe Individual Final das Medidas Extraordinarias de Apoio de PT/AL" recibidas polo alumno/a (modelo de centro con arregro á Orde do 8 de setembro de 2021 de atención á diversidade) **(ANEXO 7)** e que será elaborado polo/a especialista de PT e/ou AL segundo cada caso e asinado por este/a e a Xefa do D. de O. facilitando o Informe á familia e deixando unha copia únicamente na carpeta do alumno custodiada no Departamento de Orientación pola Xefa do D. de O.

Trimestralmente tamén se seguirá realizando dito informe por parte do profesorado de PT e AL deste D. de O. segundo o acordado internamente no Departamento, para informar ás familias e garantir a continuidade de ditos apoios en forma e segundo o traballado no caso de que houbese algún cambio de persoal. Nese caso, no Informe trimestral aportarase a información correspondente ata o apartado 4 de observacións. (Modelo ex profeso de centro para **Informe Trimestral de PT e AL** que se facilitará ás familias e á Xefa do D. de O. pero sen sinatura da Xefa do D. de O. **ANEXO 8**)

Terase en conta no caso de alumnado e familias de fala non galega que estos documentos se realicen en castelán, ao igual que toda documentación informativa e persoal posible do/aalumno/a (informes, boletíns de notas, informe psicopedagóxico, informes para especialistas externos, comunicación a través do ABALAR, etc.), e aclararáselle a familia verbal e presencialmente o que se indica neles se é preciso. Para iso elaborouse en relación a cada ANEXO **a versión en Castelán como ANEXO B**, sendo a versión en Galego como Anexo A.

No caso de alumnado con proxenitores separados e que ambos teñan dereito á información e comunicación do relativo á escolarización do seu fillo, remitirase unha copia por separado a cada un dos proxenitores.

Do mesmo xeito cómpre insistir en que cando se leven a cabo medidas de Reforzo Educativo por parte do/a profesor/a de área ou titor/a en cada área como son a atención individualizada e personalizada ao alumno, adaptación do acceso aos contidos con modificacións das tarefas, metodoloxías, recursos, etc. procesos e instrumentos de aprendizaxe e de avaliación diferentes aos do grupo-clase... se rexistren debidamente nas actas de avaliación, no expediente e historial académico do alumno a través do XADE (indicándoo ao lado da cualificación da materia "RE" ao igual que nos casos de ACS se deberá rexistrar "AC").

**J) Mellorar a aplicación coordinada no centro escolar por parte do equipo docente do relativo ás NOFC, aplicación dos partes de incidencia, información ás familias das mesmas en tempo e forma, Protocolo de Absentismo escolar cando sexa o caso, etc.** ***Estratexias e accións*****:** difusión previa ao comezo do curso á comunidade escolar por parte do equipo directivo e titorías das normas de organización e funcionamento e protocolos (a familias, alumnado, profesorado novo, etc.), aplicación coordinada entre os diferentes axentes

implicados en cada caso, asesoramento ao respecto, recollida por escrito dos acordos entre as partes, etc.

**K) Levar a cabo as actuacións precisas recollidas no correspondente Plan de reforzo e recuperación (elaborado pola persoa titora ao finalizar o curso anterior no caso de alumnos/as que non promocionaron de curso ou que suspenderon algunha área), implementalo e realizar as modificacións precisas durante a sua aplicación ao longo de cada trimestre con seguimento trimestral (aproveitando as sesións de avaliación trimestral do equipo docente) e información por parte da persoa titora á familia.**

Do mesmo xeito, ao finalizar o curso, tras a sesión da avaliación final, no caso de **alumnado que non promocione de curso** ou que suspenda algunha asignatura, a persoa titora e profesorado de área suspensa elaborará o **Plan de Reforzo e Recuperación** para ese alumno/a conforme ao modelo remitido por inspección no zip de docs oficiais (e as indicacións da Orde do 8 de setembro de 2021 e as instrucións de inspección educativa). **(ANEXO 10)**

Nel se deberá referir debidamente toda a información que se indica en cada apartado (inclusive o relativo ás persoas que colaborarán na implementación do mesmo, sexan tamén do D. de O. ou non).

**L) Mellorar a formación docente e a práctica educativa na atención á diversidade nas aulas con formación e implementación de metodoloxías activas favorecedoras da aprendizaxe competencial tales como o Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA) e o Ensino Multinivel (SEM)** ademáis de continuar procurando levar a cabo **prácticas educativas favorecedoras da inclusión ou máis activas tales** como Aprendizaxe Cooperativa, Titoría entre Iguais, OAOA, ensino aprendizaxe de destrezas e estratexias de pensamento, de funcións executivas, de educación e xestión emocional, de xestión pacífica de conflitos, Sistemas Alternativos e Aumentativos de Comunicación, etc.

***Accións:*** a través do **"Seminario Introdución ao DUA e SEM"** do Plan Anual de Formación Permanente do Profesorado (**PFPP**), asesoramento dende Orientación a Titoría (nas coordinacións mensuais entre ambas) respecto a prácticas docentes e metodoloxías concretas facilitadoras da inclusión en cada caso (aprendizaxe cooperativa, thinking maps e Visual thinking, SAAC, etc e coordinacións entre profesionais de apoio do DO e Titoría ao respecto das mesmas nas sesións na aula.

LL) **Continuar mellorando a coordinación docente e o funcionamento como equipo**: entre o profesorado do mesmo nivel, entre o profesorado que leva a cabo intervencións de apoio (PT, AL, PDH, Profesorado de Apoio en Infantil, profesorado de inglés nas horas de ler coas persoas titoras e profesorado de aula ordinaria), coordinacións interniveis, e entre etapas, tanto en aspectos referidos a accións e intervencións como en canto a metodoloxías, recursos, respecto de ritmos madurativos e de aprendizaxe, ritmos de traballo, aspectos a reforzar nas áreas instrumentais e no desenvolvemento persoal e integral dos rapaces e

rapazas individualmente e como parte do grupo.

**M) Continuar mellorando a xestión de tempos de coordinacións das diferentes persoas con funcións e responsabilidades diferentes na atención educativa na comunidade escolar e con intervencións con diferentes axentes e propósitos, respectando os tempos destinados ás mesmas** (coordinación Orientación-Titoría, niveis, ciclos, Orientación- Equipo Directivo, comisión, etc.) Todas son igual de importantes ao propósito común que compartimos na escola na atención educativa do noso alumnado.

***Accións:***

Acostumar ao PROFESORADO a facer as demandas ao D. de O. segundo o debido procedemento e a forma (por escrito segundo o formulario de solicitude - derivación de intervención do D. de O. existente como modelo no PXAD, e que foi modificado actualmente para o presente curso – **ANEXO 1-**). Tamén se elaborou pola Xefatura deste D. de O. este curso (e se inclúe neste Plan Anual) un modelo de formulario de solicitude - derivación de intervención do D. de O. para as FAMILIAS (**ANEXO 2** que non había anteriormente).

Cumprimento e aproveitamento dos tempos fixados para coordinación Orientación-Titoría tanto para a correspondente recollida de información e planificación no proceso de valoración psicopedagóxica como para o feedback de ser informado a posteriori dos resultados da mesma, das orientacións, pautas e poder facer os asesoramentos precisos e os debidos seguimentos e toma de decisións entre titoría e orientación).

**N) Continuar coas actuacións desta Xefatura do D. de O. na coordinación e comunicación cos Servizos Externos, de cara á mellor atención educativa, sanitaria, social, comunitaria dos nenos e nenas e das suas familias nos 3 eidos (educativo, sanitario e sociocomunitario):** cos Servizos Sanitarios Públicos (UAT, USMIX, Atención Primaria, UDIAF, etc), cos Servizos Sociais, Asociacións (culturais, deportivas, de intervención familiar, etc.), con outros servizos privados que están traballando cos nosos rapaces NEAE beneficiarios ou non de Beca NEAE en diferentes especialidades: Logopedia, Psicoloxía, Pedagoxía, Terapia Ocupacional, etc. tanto a través de comunicación, informes de seguimento, etc. como a través de **reunións de coordinación presencial entre profesionais internos e externos que interveñen con cada menor**.

Para estas comunicación (tanto de Orientación como se fose o caso de Titoría) con servizos e profesionais externos contarase coa autorización expresa de cada familia asinada debidamente segundo modelo de centro **(ANEXO 12),** igual que asinarán cada vez que se lles facilite un Informe de derivación a algún especialista externo ou de seguimento, etc. (deste DO).

**Accións de mellora**: cómpre insistir aos servizos externos que igualmente fagan ese feedback por escrito ás familias (e a través delas á Xefatura do D. de O.) especialmente cando lles dan de alta (como soe acontecer en Foniatría, na UAT, etc.)

## 16.5. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN NO CURSO 2023-24 EN RELACIÓN AOS OBXECTIVOS PRIORITARIOS PARA ESTE CURSO RESPECTO ÁS NECESIDADES REFERIDAS NO APARTADO 1.

**No apartado anterior, á vez que se indicaron os obxectivos prioritarios para este curso respecto aos 4 eixes de acción educativa do centro educativo e do Departamento de Orientación, a saber:**

**- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD);**

**-APOIO AO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE (PAPEA);**

**-CONVIVENCIA;**

**-E ACCIÓN TITORIAL (PAT)**

**tamén se foron indicando respecto a cada un deles as Estratexias de intervención e accións encamiñadas á consecución de ditos obxectivos.**

Neste apartado faremos referencia polo tanto xa únicamente ás actuacións e responsables das mesmas nas suas diferentes funcións.

### 5.0. ACTUACIÓNS PREVISTAS, RESPONSABLES, DESTINATARIOS E TEMPORALIZACIÓN DAS MESMAS. PAPEA con todos os Apoios. (Táboa).

**PLAN DE APOIO AO PROCESO DE ENSINO APRENDIZAXE (PAPEA). CURSO 2023-24**

**Medidas ordinarias de RE e Extraordinarias de Apoios de PT, AL, ATE para alumnado con NEAE/NEE**

**(<u>Outubro 2023</u>, medidas adoptadas tras a avaliación inicial de curso e cos cambios tidos que decidir pola redución este curso de recursos humanos de apoio de PT cos que contábamos en anos anteriores):**

- Medidas Ordinarias (de Reforzo Educativo da persoa titora e de profesorado de área con axuda de profesorado de dispoñibilidade horaria (PDH) en Docencia Compartida, RE en Inglés na Hora de ler e horas de Apoio de Infantil ao grupo – clase).

- Medidas Extraordinarias (PT, AL, e atención Persoa ATE-Coidadora, ACS)

| ALUMNADO (POR GRUPO) | Como medidas ordinarias | | | | Como medidas extraordinarias | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | RE<br>TITOR/A-Profesor/a de área | RE Titor/a, profesor/a área con axuda Profesorado Dispoñibilidade Horaria Primaria(DC)<br>/Apoio Infantil grupo | RE/APOIO INGLÉS | | PT | AL | ATE<br>ACS |
| 4º Infantil<br>(16 alumnos/as) | | **Apoio Infantil:**<br>5 sesións | | | | | |
| 5º Infantil<br>(19 alumnos/as) | **3 alumnos**<br>P.<br>M.<br>L. | **Apoio Infantil:**<br>5 sesións | | | | **3 alumnos**<br>**P.**<br>**M.**<br>**L.**<br>(1 ses. 50´) | |
| 6º Infantil<br>(22 alumnos/as) | **6 alumnos/as**<br>M.<br>Z.<br>J.<br>E.<br>I.<br>Y. | **Apoio Infantil:**<br>5 sesións | | | **1 alumno**<br>M.<br>(seguimento Or-Tit) | **4 alumnas**<br>Z.<br>E.<br>J.<br>M.<br>(1 ses. 50´) | |
| 1º A Primaria | **6 alumnos/a** | **5 alumnos/as** | | | **4 alumnos/as** | **8 alumnos/as** | |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **(17 alumnos/as)** | s<br>S.<br>P.<br>I.<br>A.<br>M.<br>H. | **S.**<br>**P.**<br>**I.**<br>**A.**<br>**M.**<br>(4ses:1LC,1LG,1Mat,1CCN N) | - | | **P.**<br>**I.**<br>**M.**<br>(2 ses e ½:<br>1 e ½ LC,1Mat)<br>**S.**<br>(1 ses Mat) | **P.**<br>**I.**<br>**M.**<br>**S.**<br>(½ ses 25´)<br>**H.**<br>**N.**<br>**A.**<br>(½ ses 25´) | |
| **1ºB Primaria**<br>**(16 alumnos/as)** | **4 alumnos/ as**<br>A.<br>T.<br>V.<br>F.<br>B. | **3 alumnos/as**<br>**A.**<br>**T.**<br>**V.**<br>(4 ses: 3 Mat, 1 LC) | **2 alumnos**<br>**A.**<br>**T.**<br>(1 ses 25´) | | **3 alumnos/as**<br>**A.** (3 ses e ½: 2LC, 1 e ½ Mat)<br>**V.** (1 ses: LC)<br>**T.** (2 e ½: 1 LC, 1LG, ½ Mat) | **7 alumnos/as**<br>**A.** (2 ses e ½)<br>**V.** (½ ses 25 ´)<br>**T.**<br>**I.**<br>**J.**<br>**C.**<br>**Ai.**<br>(½ ses 25 ´) | ACS<br>(1) |
| **2ºA Primaria**<br>**(19 alumnos/as)** | **6 alumnos/as**<br>A.<br>P.<br>Aa.<br>D.<br>J. | **6 alumnos/as**<br>**A.**<br>**P.**<br>**Aa.**<br>**D.**<br>**J.**<br>**T.**<br>(2 ses: 1 LG e 1 Mat) | **3 alumnos**<br>**A.**<br>**Aa.**<br>(1 ses 25´ con 2ºB) | | **4 alumnos/as**<br>**A.** (2 ses: 2 LC)<br>**P.** (3 ses: LC)<br>**Aa**(2ses:1Mat,1LC) | **8 alumnos/as**<br>**A.**<br>**P.**<br>(1 ses de 50 ´)<br>------------<br>**F.** | **1** |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | T. | | | | | **E.**<br>**S.**<br>**D.**<br>(½ ses 25´) | |
| **2ºB Primaria**<br>**(18 alumnos/as)** | **7 alumnos/as**<br>P.,<br>M.<br>J.P.<br>P.<br>D.<br>J. | **7 alumnos/as**<br>**P.,**<br>**M.**<br>**J.P.**<br>**P.**<br>**D.**<br>**J.**<br>(3 ses: 1 LG e 2 CC)<br>**D.**(Programa iniciación español 1º trimestre: 7 ses. en LC, LG e CC) | **1 alumno**<br>**P.**<br>(1 ses 25´ con 2ºA) | | **4 alumnos**<br>**P.** (3 ses: 2 en LC, 1 Mat)<br>**M.** (3 ses: 1 en LC, 1 Mat e 1 -f-grafom con P-2ºA)<br>**J.P.** (1 ses comp Mat)<br>----------------<br>**D.** (2 ses en esp) | **5 alumnos**<br>**P.**<br>**M.**<br>(2 ses sem)<br>------------------<br>**J.**<br>**J.P.**<br>(½ ses 25´)<br>**D.** (2 ses. esp) | |
| **Grupo de RE en adquisición lectoescritura 2ºA e 2ºB**<br>(co profesor Miguel Ángel Chaves) | **5 alumnos/as:**<br>**Aa (2ºA)**<br>**Pa (2ºB)**<br>**D (2ºB)**<br>**J (2º B)**<br>**P (2º B- só 1 ses xoves)**<br>Temporalización: 2 sesións semanais, martes e xoves a 1ª hora (en L. Castelá) | | | | | | |
Levarase a cabo en cada unha das aulas durante unha sesión semanal por parte das titoras e distribuíndo as actividades ao logo dos tres trimestres.

## 5. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS

O presente obradoiro permitiranos achegar ao alumnado ao desenvolvemento de todas e cada unha das competencias.

- Competencia en comunicación lingüística: potenciando a linguaxe oral e os intercambios comunicativos respectuosos entre os nenos e nenas, para favorecer a expresión de ideas, sentimentos e emocións.
- Competencia plurilingüe: iniciaremos o contacto con linguas e culturas distintas ás familiares, fomentando actitudes de aprecio cara a diversidade cultural.
- Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería: este obradoiro favorece a adquisición de nocións lóxico- matemáticas a través da linguaxe, o xogo, a manipulación e coñecemento de obxectos cotiás.
- Competencia dixital: a través das ferramentas tecnolóxicas tamén desenvolveremos a alfabetización dixital, mediante o acceso á información e comunicación a través de medios dixitais.
- Competencia persoal, social e de aprender a aprender: os nenos e nenas adquirirán nocións básicas que lles permitirán acadar por si mesmos as súas aprendizaxes e descubrir as posibilidades da linguaxe e do pensamento para resolver situacións da vida cotiá. Así mesmo, ao tratar aspectos presentes na nosa sociedade, desenvolverán estratexias como o espírito crítico, que lles permitirán coñecer o mundo que os rodea e desenvolverse na contorna social con progresiva autonomía.
- Competencia cidadá: iniciaranse no traballo cooperativo valorando as aportacións dos diferentes membros do grupo; respectando quendas de palabras e aprendendo a escoitar aos demais. Tamén aprenderán a expresar e xestionar as propias emocións e sentimentos para mellorar a resolución de conflitos nas diferentes situacións.
    - Competencia emprendedora: fomentaremos unha actitude crítica e de respecto ao outro.
- Competencia en conciencia e expresión culturais: a través do pensamento aprenderemos costumes culturais diferentes e tamén empregamos normas de respecto e de relación social.

## 6. METODOLOXÍA

Tratándose dun programa destinado fundamentalmente á prevención de futuras dificultades e ao desenvolvemento de estratexias básicas implicadas no proceso lectoescritor, o **respecto ás diferenzas individuais e ritmos de aprendizaxe** é un piar metodolóxico básico, onde os nenos e nenas gocen da sesión

como un **xogo**. Débese crear **un clima de afecto e seguridade** onde o alumnado senta cómodo e teña confianza para participar e expresarse.

A metodoloxía coa que o profesorado debe guiar o transcurso das sesións debe **ser flexible,** aproveitando a espontaneidade do alumnado ante a presentación das actividades. Desta forma aproveitarase para avaliar e partir do nivel de desenvolvemento do que parte cada neno ou nena.

Polo xeral, as actividades que realizaremos serán en gran grupo e a través do encerado dixital, aínda que en momentos puntuais se promova a intervención individual, ben para observar determinados aspectos á hora de procesar a información, ou ben para promover o desenvolvemento das intelixencias intrapersoal e interpersoal. Especialmente, farase aproveitamento dos pequenos grupos e a intervención individual nos momentos que contamos coa axuda da mestra de apoio.

**7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Como se explicou anteriormente, á hora de achegar ao alumnado ás habilidades de pensamento podemos prestar atención ao grupo en xeral, pero tamén a cada neno/a en particular, para así dar resposta as necesidades concretas de cada un dos nosos alumnos e alumnas.

O material empregado será moi diverso o que nos permitirá adecualo ás características propias de cada neno e nena.

**8. ACTIVIDADES**

A planificación da proposta que se vai a presentar por mes parte do programa "**Comunicarnos (Belinda Haro Castilla)**" e contemplará actividades de distintos tipos:

16. Memoria auditiva ( recordar palabras)
17. Expresión oral. (explicar láminas, articulacións)
18. Comprensión oral (seguir instrucións sinxelas)
19. Conciencia léxica (contar de palabras, ordenar frases).
20. Conciencia silábica ( atopar, adiviñar e formar palabras)
21. Conciencia fonémica (rimas, palabras encadeadas)

**Outras actividades propostas para os tres niveis**: xogos de construción para a aprendizaxe de conceptos (cores, formas xeométricas, cantidades...), libros con imaxes para imaxinar historias, cancións con movementos, "vexo vexo", diferentes "memorys", xogos de roles, "quen son?", xogos de seguir instrucións, dados ou pedras para contar historias, as rimas de Tamara Chubarovsky, os xogos coa ruleta (conciencia fonolóxica e léxica), boquiletras cos articulemas, lotos fonético – fonolóxicos, etc.

<u>**Exemplo de planificación mes de novembro**</u>

| **MES DE NOVEMBRO** | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **TEMPORALIZACIÓN** | SEMANA 1 | SEMANA 2 | SEMANA 3 | SEMANA 4 |
| **4° DE INFANTIL** | **16. Vídeo canción con movemento.**<br>**17. Memoria auditiva: Recorda ( 2 palabras)**<br>**18. Expresión oral: explicar láminas ou fotos** | **19. Memoria auditiva: recorda(2 palabras)**<br>**20. Conciencia léxica: contar palabras.**<br>**21. Rimas con movemento** | **22. Expresión oral: explicar láminas ou fotos**<br>**23. Exercicio de sopro**<br>**24. Nos relaxamos un pouco** | **25. Memoria auditiva: recorda(2 palabras)**<br>**19. Seguimos o ritmo: Exercicio musical** |
| | **26. Vídeo canción con movemento.** | **29. Memoria auditiva: recorda(3 palabras)** | **32. Expresión oral: explicar láminas ou fotos** | **35. Memoria auditiva: recorda(3 palabras)**<br>**36. Conciencia** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 5° DE INFANTIL | a auditiva: Recorda ( 2 palabras)<br>28. Expresión oral: explicar láminas ou fotos | 30. Conciencia léxica: contar palabras e ordenar frases.<br>31. Rimas con movemento | 33. Exercicio de sopro<br>34. Nos relaxamos un pouco | léxica: ordenamos frases<br>20. Seguimos o ritmo: Exercicio musical |
| 6° DE INFANTIL | 37. Vídeo canción con movemento.<br>38. Memoria auditiva: Recorda ( 4 palabras)<br>39. Expresión oral: explicar láminas ou fotos | 40. Memoria auditiva: (que palabra falta)<br>41. Conciencia léxica: Ordenar e inventar frases.<br>42. Rimas con movemento | 43. Exercicio: Sílaba inicial silaba final<br>44. Exercicio de sopro<br>45. Nos relaxamos un pouco | 46. Memoria auditiva: recorda(4 palabras)<br>▪ Sumamos palabras para facer unha nova<br>21. Seguimos o ritmo: Exercicio musical |

Por último, a especialista de Audición e Linguaxe do centro tamén actualizará unhas orientacións para o desenvolvemento da linguaxe oral na contorna familiar, que as titoras farán chegar ás familias. No caso das familias de 3 anos estas xa foron facilitadas pola Xefa do Departamento de Orientación directamente ás familias na primeira reunión conxunta de información ás familias levada a cabo pola Titora (setembro 2023).

## 9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Levaremos a cabo unha avaliación global, continua e formativa que nos permita comprobar se as capacidades expresadas nos obxectivos propostos se acadan por parte do alumnado.

O método de avaliación basearase na observación directa e sistemática dos nenos e das nenas, tendo en conta as características xerais de cada grupo, así como as necesidades individuais que presente cada alumno ou alumna.

Avaliaranse as actividades propostas, a planificación das mesmas, a adecuación da intervención e o progreso do alumnado en relación á consecución dos obxectivos propostos.

Os criterios de avaliación que teremos como referentes serán os seguintes:

- Actuar con respecto durante as conversas e coloquios.
- Manter actitudes de respecto cara as opinións dos compañeiros e compañeiras.
- Expresar axeitadamente sentimentos e emocións, propias e dos demais.
- Identificar diferentes ideas e sentimentos das compañeiras e compañeiros.
- Amosar unha actitude positiva ante o emprego de xogos de linguaxe oral e de dramatizacións.
- Gozar co emprego dos diferentes textos e expresar o que transmiten.
- Gozar co traballo en grupo e cooperativo.
- Manter unha actitude crítica e propoñer ideas e sentimentos propios.

## 10. CRITERIOS PARA AVALIACIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN

- Grado de consecución dos obxectivos e coherencia da mesma.
- Flexibilidade temporal, espacial, material e das propostas.
- Dificultades atopadas.

## 5.9. Programa de reforzo de inicio da adquisición da lectoescritura para un grupo de alumnos/as de 2º de primaria.

**Programa de Reforzo Educativo na Adquisición da Lectoescritura**

**para un grupiño de alumnos e alumnas de 2º A e 2º B. Curso 2023-24.**

## 1. XUSTIFICACIÓN

Na **avaliación inicial concluida a principios do mes de outubro** detectouse un nivel de lectoescritura moi por debaixo do "normativo" do seu grupo- clase e para o nivel académico (comezos de 2º de primaria) no caso de varios/as alumnos/as que tiñan aprobadas todas as áreas no anterior curso de 1º e a competencia en comunicación lingüística (á excepción dunha destas alumnas).

Tanto para 2ºA como para 2ºB tras o final de curso anterior e das actuacións previas, xa a nivel de centro prevéramos e destináramos como medidas ordinarias organizativas a axuda e apoio de profesorado de dispoñibilidade horaria (PDH) para os Reforzos Educativos da persoa titora e responsable das áreas instrumentais nestos dous grupos clase, contando dende comezos de curso con 2 sesións no caso de 2ºA e 3 sesións no caso de 2ºB. Solicitáranse/recomendáranse previamente dende a Xefatura de Orientación (por razóns de historia escolar previa dalgún/ha alumno/a e circuntancias pedagóxicas previas) máis sesións para levar a cabo dita medida ordinaria (4 para cada grupo clase de 2º) pero por insuficiencia na dispoñibilidade de recursos humanos de centro este curso e por razóns organizativas de centro non foi posible contar con máis sesións nin cun determinado perfil de profesorado de PDH que combinase requisitos relacionados co ámbito lingüístico, pedagóxico e dinámico para ditos reforzos na aula.

Nesas circunstancias citadas (xunto coas outras dificultades de aprendizaxe e NEAE ás que atender na aula entre ellas de alumnado novo no centro) estas actuacións de reforzo nas aulas ordinarias de 2ºA e 2ºB por parte dese profesorado de PDH na axuda á persoa titora e que se están levando a cabo dende o comezo do curso, por sí mesmas vense ineficaces e insuficientes.

Así pois, a Xefatura de Estudos e a Xefatura do Departamento de Orientación (en coordinación coas persoas titoras de ambos grupos) vemos **necesario tomar a decisión de facer un Grupiño de Reforzo Educativo específico para asentar debidamente o inicio da lectoescritura como medida ordinaria de centro e nivel.**

Alumnado participante neste programa de adquisición da lectoescritura destinatario da medida ordinaria de RE en grupo fora da aula ordinaria:

A. (2ºA)

D. (2ºB)

P. (2ºB)

J. (2ºB)

P. (só os xoves, 2ºB)

No caso deste último alumno con NEE ao igual que no caso doutro alumno con NEAE do mesmo grupo clase (nas que na base das dificultades de adquisición da lectoescritura hai dificultades na linguaxe oral e fala e outras) están tendo atención educativa con medidas extraordinarias de Apoio das especialistas de PT e AL coincidindo organizativamente no tempo polo que se lle da prioridade a esa intervención específica coa especialista de PT e AL participando soamente deste programa o alumno P. na sesión dos xoves.

## 2. ANÁLISE DO PUNTO DE PARTIDA TRAS A AVALIACIÓN INICIAL DE CURSO.

Aínda que con diferencias e variabilidade individual, o alumnado proposto para participar neste programa de reforzo da adquisición da lectoescritura presenta **dificultades e confusións** na conciencia fonolóxica, no ten asentada a correspondencia fonético – fonolóxica / grafema – fonema dos sons consoánticos e letras traballadas previamente, dificultades na conciencia silábica e léxica, na grafomotricidade (orientación, direccionalidade inadecuada, trazo, escritura en espello, etc.), na decodificación e codificación, na lectura e escritura de sílabas e palabras, na comprensión lectora de palabras e frases breves e sinxelas, na decodificación de enunciados sinxelos, etc. **estando descartados nos seus casos dificultades ou problemas de retraso da linguaxe oral ou alteracións da fala que puidesen incidir na mesma** (agás no caso do alumno P.G.T. que só participará de dito programa e grupo os xoves).

No caso de varios/as dos alumnos/as ademáis se dan **outros compoñentes** de falta de iniciativa persoal e motivación para iniciar e executar tarefas de aprendizaxe en xeral e de lectoescritura en particular.

**Lingua** materna e vehicular **de comunicación e de aprendizaxe** deste alumnado: o castelán.

## 3. ASPECTOS E CONTIDOS A TRABALLAR.

- Procesamento fonolóxico: Conciencia fonolóxica.

- Conciencia silábica.

- Conciencia léxica.

- Asociación e correspondencia fonético – fonolóxica, grafema – fonema, das consoantes (non das vogais; xa adquiridas).

- Grafomotricidade: trazo, direccionalidade, orientación espacial axeitada previndo e incidindo nos erros de escritura en espello ou con inversións. Coordinación grafomotriz e óculo-manual.

- Discriminación auditiva.

- Discriminación visual.

- Análise e síntese: sílabas, palabras e frases.

- Comprensión lectora de palabras e pequenas frases. Escritura de palabras e pequenas frases.

## 4. TEMPORALIZACIÓN.

**2 sesións semanais**: martes e xoves á 1ª hora da mañá (de 8,50 a 9,40 horas).

**Comezo e duración**: comezo o xoves 19 de novembro. Duración: ao longo do 1º trimestre de curso e ao longo do curso mentres sexa preciso en función do seguimento que se faga do mesmo e da evolución na adquisición da lectoescritura de cada un dos alumnos e alumnas participantes no mesmo.

## 5. METODOLOXÍA E RECURSOS MATERIAIS.

**Seguirase unha secuencia na que se adique suficiente tempo a cada son consoántico – letra** (e as suas correspondentes asociacións coas vogais en sílabas directas, palabras que conteñan as sílabas directas e frases curtas con esas palabras) **e se asegure a sua adquisición e asentamento-consolidación antes de pasar ao seguinte son consoántico – letra**.

Por iso, e entre toda a variedade de recursos existentes a este respecto, decantámonos pola **secuencia de "Aprendo a escribir" e "Aprendo a leer"** empezando polo "l" (n.º 2), "m" (n.º 3), "t" (número 4 xunto cos artigos "el" e "la"), "s" (n.º 5), "p" (n.º 6), "d" (n.º 7), "b" (n.º 8) e así sucesivamente.

**MOI IMPORTANTE:**

**1. Seguirase unha metodoloxía na que se traballe simultáneamente e á vez asociando no caso de cada letra as 3 canles (auditiva, cinestésica – motora e visual), é dicir, o son (co axeitado punto de articulación), o xesto correspondente asociado ao mesmo (sempre) e a imaxe visual.** Para iso, como base empregarase **o Método Lamela** (Material do Conto de Pepita e Miguel, cos xestos, sons e puntos de articulación, tarxetas e imaxes visuais do mesmo) e o material de "Aprendo a escribir" e "Aprendo a leer".

**2. Traballaremos primeiro únicamente as sílabas directas** de todo o alfabeto, e unha vez adquiridas e asentadas as sílabas directas, pasaremos ás sílabas inversas en secuencia.

Convén darlle tamén un enfoque lúdico variando ao longo de cada sesión a tipoloxía de actividade e combinando diferentes tipos de actividades e xogos, pero sempre respectando a secuencia indicada anteriormente e a simultaneidade do traballo indicado.

Na intervención con este programa **empregaremos a lingua castelá** (tanto a nivel oral como escrito) dado que é a lingua vehicular de comunicación destos nenos e nenas e que o propósito do programa é a adquisición da lectoescritura para a comunicación e acceder ao resto de aprendizaxes así como a sua motivación e interese pola aprendizaxe da mesma.

RECURSOS MATERIAIS:

- *Material do Método Lamela: "Conto de Pepita e Miguel"*, cos xestos, sons e puntos de articulación. Tarxetas e imaxes visuais do mesmo e outras que se poidan facer a propósito do mesmo.

- *"Aprendo a escribir" e "Aprendo a leer"* empezando polo "l" (nº2), "m" (nº3), "t" (número 4 xunto cos artigos "el" e "la"), "s" (nº5), "p" (n.º 6), "d" (nº7), "b" (n.º 8) e así sucesivamente. (Edit. Grupo Editorial Universitario).

A maiores suxírense como complemento algúns outros materiais, pero sempre seleccionando únicamente aquela parte, actividade, imaxe, páxina, etc que sexa interesante ao propósito perseguido e segundo cada neno/a e a sua dificultade para consolidar, do xeito que se considere máis oportuno: exemplo unha ficha con imaxes que se poida plastificar para traballar a asociación fonolóxica coa imaxe, a discriminación visual, auditiva, etc., ou para traballar con rotu e borrar o trazo da letra, do seu enlace coas vogais, etc.:

- "*Xogo Fonodil- 1*". Edit. Nardil.

- *"Lecturas comprensivas" Material de atención á diversidade,* do Grupo Editorial Universitario. Caderniños 1 e 2 (con sílabas directas), 3 (con sílabas trabadas)...

-*"Método Diverlexia. Actividades para aprender a leer n.º 2 e 3"*

## 6. RECURSOS HUMANOS E ESPAZOS.

**Profesor responsable de implementar o Programa:** Miguel Ángel Chaves.

**Espazo**: aula de PT 2 (2ª pranta). Mentres non se habilite dita aula utilizarase a biblioteca.

## 7. IMPLEMENTACIÓN, COORDINACIÓN, SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DO PROGRAMA. INFORMACIÓN ÁS FAMILIAS.

**Colaboran no seu deseño, proposta, asesoramento e coordinación inicial** as profesionais do Departamento de Orientación: Orientadora (Rosana Díaz París), especialista de PT (Luz Besada Pérez) e especialista de AL (Eva Vidal).

Este programa será incluido no Plan de Apoio ao Proceso de Ensino – Aprendizaxe (PAPEA) de centro para este curso 2023-24 a través do Plan Anual de Actividades do D. de O. e polo tanto na PXA.

**Seguimento e coordinación periódica da implementación do mesmo e da evolución do alumnado:** entre as persoas titoras de 2ºA (Antonio Fernández Miniño), de 2º B (Lorena Abreu, sustituta da titora titular Jésica Bernal), o mestre que implementa o programa, Miguel Ángel Chaves, e o Xefe de Estudos (Fernando Aguín).

No caso de que estes o estimen convinte poderán contar tamén coa colaboración e participación do Departamento de Orientación para o seguimento, avaliación e propostas de mellora.

**Información ás familias**: As familias do alumnado participante e destinatario do programa foron informadas por escrito das condicións nas que se desenvolverá dita medida ordinaria de Reforzo Educativo (individualmente no modelo de documento de centro) debendo asinar dito documento individual autorizando así a sacar fora da aula ordinaria aos seus fillos e fillas nesos tempos para traballar con dito programa.

Igualmente, serán informadas da evolución e seguimento dos seus fillos respecto ao programa ao longo do curso a través das titorías, e ao final de curso tamén por escrito a través do Informe individual final de medidas ordinarias de Reforzo Educativo (modelo de centro, conforme á Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade e as medidas de atención á diversidade).

CEIP Plurilingüe de Portonovo, 18 de outubro de 2023

## 16.5 CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN DO CURSO 2023-24 E SEGUIMENTO DOS MESMOS.

### 1 Seguimento e avaliación.

O seguimento do Plan Anual de Actividades do D. de O. realizarase ao longo do curso escolar 2023-24 a través das diferentes reuniόns do Departamento de Orientación, entre Xefatura do D. de O. e PT - AL, entre todos os membros do D. de O. a través das reuniόns mensuais do D. de O. ao completo (cos coordinadores de cada nivel e ciclo en representación das persoas titoras) e a través das coordinacións e seguimentos entre a Xefatura do Departamento de Orientación e o Equipo Directivo (Xefatura de Estudos especialmente, e Dirección).

O seguimento deste Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación para o curso 2023-24 realizarase cunha avaliación formativa das actuacións levadas a cabo en relación aos diferentes obxectivos propostos cos diferentes colectivos da comunidade escolar e actuacións de centro e aula tanto no tocante á atención á diversidade, ao apoio ao proceso de aprendizaxe-ensino como á acción titorial e á mellora da convivencia en relación ás propostas implementadas con toma de novas decisións e propostas consensuadas de ser o caso. Será un proceso de reflexión compartido, no que se teña en conta aos distintos axentes da comunidade educativa responsables da sua implementación e participantes no seu desenvolvemento, con accións de reflexión e análise conxunta como son as sesións de coordinación da CCP, claustro, coordinacións de nivel, sesións de avaliación trimestrais e sesións de avaliación final, actividades formativas do PFPP, etc.

Ao remate do curso farase unha avaliación que permita determinar se foron acadados os obxectivos para este curso, se se levaron a cabo as actuacións e actividades propostas así como a súa temporalización.

Ademáis coas accións de avaliación final recolléranse datos cuantitativos e sobre todo cualitativos de cuia análise e valoración extraeranse as conclusións e propostas de mellora para o vindeiro curso concretadas na Memoria correspondente do Departamento de Orientación. Esta Memoria xunto coa previsión de NEAE para o seguinte curso serán tidas en conta nas orientacións para as propostas organizativas de centro e de aulas para o curso 2024-25.

## 2. Criterios de avaliación do Plan Anual do D. de O.

Serán tidos en conta a efectos de Criterios de Avaliación deste curso o cumprimento das actuacións propostas e postas en marcha para a consecución dos obxectivos prioritarios formulados polas necesidades actuais no noso contexto social e escolar durante este curso 2023-24 cos diferentes destinatarios das mesmas (alumnado, familias, profesorado e centro e comunidade escolar) na Atención á diversidade, Acción Titorial e Orientadora, Convivencia, Organización Escolar e Apoio ao Proceso de Ensino- Aprendizaxe e o grao de consecución de ditos obxectivos.

Así serán **criterios de avaliación**:

- Incrementouse o benestar emocional, social e de convivencia de toda a comunidade educativa, levándose a cabo algunhas das estratexias de actuación co alumnado, profesorado e familias (cando menos).

Por exemplo, dinámicas de aula e de centro para a xestión pacífica de conflitos mediante o diálogo (a través da proposta da Comisión de Convivencia e do D. de O. para a modelaxe dende as titorías ao respecto a aplicar tamén no patio polo alumnado e todo o equipo docente), dinámicas de cohesión de grupo e/ou actividades de aprendizaxe cooperativa o de traballo en equipo etc. dirixidas a favorecer a interacción entre o alumnado, círculos ou prácticas restaurativas nas aulas (para acougar, restaurar, etc), accións de coidado, confianza e aceptación entre o profesorado (de vinculación, uso de linguaxe axeitado fronte á crispación, etc.), accións de participación das familias na convivencia e aprendizaxe respecto ao benestar emocional, social e convivencia, etc.

-Implementouse o Plan de Acollida co alumnado novo de incorporación ao centro en calqueira nivel.

-Leváronse a cabo accións de acollida a nivel de centro/e ou de aula e integración no grupo-clase do novo alumnado no centro ou de novo alumnado no grupo-clase.

-Leváronse a cabo accións de acollida e de integración das familias na comunidade escolar e social, no caso especialmente daquelas procedentes doutros países ou comunidades autónomas, ou daquelas en condicións de vulnerabilidade socioeducativa.

-Leváronse a cabo dende o centro escolar, as Titorías e a Orientación varias das estratexias e accións propostas no Plan Anual en relación á mellora da estimulación da linguaxe oral (Programa de Fomento da Linguaxe Oral nas aulas de infantil, trípticos para as familias, Programa Competencial en Primaria centrado en dinámicas e prácticas secuenciadas para promover a linguaxe oral, etc).

-Leváronse a cabo dende o centro escolar, dende as Titorías e a Orientación varias das estratexias e accións

propostas no Plan Anual en relación á mellora da competencia de desenvolvemento persoal do alumnado e de aprender a aprender tanto co alumnado, como co profesorado e coas familias en relación a: hábitos de autonomía persoal, hábitos de vida saudable (alimentación, actividade física, interacción social, benestar emocional, uso axeitado das NNTT, etc.), estimulación da linguaxe oral, uso consistente de normas, límites e consecuencias, de recursos persoais de regulación emocional e condutual, de toma de consciencia respecto aos riscos do uso inadecuado e abusivo de pantallas, móviles, videoxogos, novas tecnoloxías, redes sociais, condicións de ciberseguiridade, etc.

-Leváronse a cabo actuacións educativas e de sensibilización do alumnado, familias e profesorado no referido ao uso das novas tecnoloxías, pantallas, redes sociais e os riscos do seu abuso ou mal uso. (Charlas do Plan Director para alumnado 3º ciclo e familias, e Charla coloquio "Medrar dun xeito saudable nun mundo dixital" de Ecoloxistas en Acción para familias e profesorado).

- Aplicáronse varias das accións propostas no Plan para este ano na consecución do obxectivo de favorecer a inclusión escolar e social de todo o alumnado con NEE, NEAE non só nas aulas ordinarias senón tamén no patio, no comedor e no centro en xeral.

-Leváronse a cabo accións de sensibilización, de información e/ou formación e asesoría, de titoría e orientación para os diferentes axentes da comunidade educativa en canto á Diversidade Funcional, o respecto á mesma e ás outras diferenzas, respecto á Atención á diversidade, etc. (coas familias, profesorado e alumnado).

- Facilitouse o acceso do alumnado con movilidade reducida á segunda pranta do edificio de primaria sempre que foi preciso co uso e manexo axeitado do artiluxio elevador (provisional para este curso) na intervención directa da persoa coidadora ATE.

-Fíxose satisfactorio aproveitamento do taller de LSE para o alumnado de 5ºA (quincenalmente, os luns a 2ª hora ) contando coa colaboración da Federación de Persoas Xordas de Galicia.

-Leváronse a cabo as actuacións educativas referidas á educación afectivo-sexual co 3º ciclo de primaria e en especial o Taller de Relacións afectivo sexuais na prevención de condutas machistas, co alumnado de 6º.

-Mellorouse a calidade das condicións de aula ordinaria para a realización e aproveitamento debido das medidas de Apoio de PDH, Apoio de Infantil, Apoios d PT e AL.

-As clases nas que se levaron a cabo os apoios dentro da aula ordinaria se dirixiron aos aspectos máis prácticos nos que os nenos tiñan necesidades educativas específicas: talleres de producción de textos escritos, actividades de comprensión lectora, actividades de organización e planificación de tarefas ou

material de estudo, actividades de razoamento lóxico-matemático de diferentes graos de pensamento, actividades de traballo en pequeno equipo incidindo en HHSS e comunicativas, autorregulación da conducta, atención e metaatención, realización de tarefas integradas, funcións executivas, cohesión de grupo, actividades de aprendizaxe cooperativa, etc.

-O propio profesorado de aula ordinaria nas súas mesmas clases levou a cabo Reforzos educativos (sen apoio doutros profesionais) adaptando materiais ou recursos, flexibilizando os tempos, levando a cabo cambios nos procesos e instrumentos de avaliación, segundo o indicado en cada caso nas orientacións dos Informes Psicopedagóxicos ou do D. de O. O profesorado de aula ordinaria e área fixo cambios organizativos, de xestión da aula, de estruturación dasactividades, de uso doutras metodoloxías diferentes ás que viña usando.

-Cumpríronse os apoios dentro da aula ordinaria segundo o tratado e acordado en cada caso polas NEAE, NEE, ACS.

-Houbo celebración das reunións mensuais de todo o D. de O.

-Tiveron lugar coa periodicidade indicada as reunións de coordinación (semanais) da Orientadora, AL e da especialista de PT.

-Mellorouse a xestión dos tempos de coordinacións, etc.

-Cumpríronse/respetáronse por parte das persoas Titoras os tempos reservados no horario da Orientadora para as coordinacións mensuais da Intervención Orientación-Titoría (segundo o acordado).

-Realizáronse debidamente os Informes Individuais trimestrais e finais das Medidas Extraordinarias (PT, AL) conforme ao Modelo elaborado para o centro segundo a normativa actual de atención á diversidade. (Anexo) na información ás familias e con copia na carpeta do alumno no D.O.

-Realizáronse debidamente os Informes Finais Individuais das Medidas Ordinarias de Reforzo Educativo para as familias de alumnado NEAE (deixando copia nas carpetas dos nenos e nenas do DO e de Secretaría) conforme ao modelo elaborado para o centro segundo a normativa actual de atención á diversidade.

-Organizouse debidamente a documentación recibida doutros axentes e producida polo D. de O. de cada neno NEAE do DO. e custodiouse debidamente ademáis de facer uso dela debidamente para a axeitada resposta e atención educativa ao alumnado.

-Leváronse a cabo os Plans de Recuperación e Plans de Reforzo propostos ao final do curso pasado segundo cada caso, fíxose o seu seguimento trimestral e correspondente avaliación nas sesións de avaliación

trimestral en relación ás materias suspensas do curso anterior.

-Ao final do curso elaboráronse e propuxéronse os correspondentes Plans de Recuperación e Reforzo para o seguinte curso no caso de alumnado repetidor ou con asignaturas suspensas.

-No caso de alumnado sobre o que o profesorado fixo demanda ao D. de O. para valoración e intervención, celebrouse tras efectuar dita valoración a reunión informativa das NEAE e condicións a ter en conta así como das pautas, orientacións, actuacións e adaptacións non significativas ordinarias e curriculares, RE, etc. a levar a cabo polo profesorado de aula ordinaria do alumnado (ademáis de polo profesorado especialista de apoio se fose o caso este último tamén).

- A organización dos apoios de especialistas de PT, AL, PDH e de Apoio en Infantil foi axeitada e flexible tendo en conta a priorización dos nenos con NEE, NEAE, das súas necesidades, na configuración dos horarios e incorporando os cambios necesarios pola detección doutras NEAE, etc.

- O profesorado en xeral mellorou no cumprimento dos compromisos e decisións acordadas a nivel de centro.

-Leváronse a cabo os Programas de Fomento da Linguaxe Oral en Infantil (PELO), Programa de adquisición de castelán para un alumno con descoñecemento das duas linguas cooficiais, Programa de Reforzo da adquisición da lectoescritura para 2º de primaria, programas de intervención específicos, etc.

-Cumpríronse os indicadores recollidos no FPROFE de implementación na aula e centro e de impacto na aula do PFPP deste curso escolar: tanto do itinerario de Polos Creativos e Radio Escolar como do itinerario de Metodoloxías activas para a aprendizaxe competencial coa introdución do DUA e SEM.

-Traballouse coordinadamente por parte do profesorado do centro, equipo directivo, etc. na aplicación das NOFC, aplicación do protocolo de absentismo escolar, etc.

- Realizáronse Programacións de Aula reais e adaptadas ás necesidades detectadas nos grupos-clase este curso (citadas).

- Fíxose reflexión entre o equipo docente (claustro) sobre como e que estamos facendo no centro no desempeño das funcións titoriais e revisouse e actualizouse o Plan de Acción Titorial de centro (PAT).

- Empregouse a plataforma EDIXGAL para 5º e 6º de primaria.

-Leváronse a cabo as titorías necesarias entre Persoa Titora e Familias (mesmo coa colaboración nas mesmas doutros profesionais: Orientadora, profesores/as de áreas, especialistas de apoios, etc.) segundo foi preciso.

-Empregáronse as canles telemáticas acordadas para a comunicación coas familias por parte de todos os profesionais do centro implicados e difundíronse a través das diferentes vías as accións e actividades de centro encamiñadas ou dirixidas ás familias.

-Houbo coordinación de nivel e de ciclo.

-Houbo coordinación entre infantil e primaria.

-Agotáronse as medidas ordinarias precisas en cada caso antes de adoptar as medidas extraordinarias necesarias a menos que as NEE detectadas o requerise.

-Houbo seguimento e avaliación trimestral das medidas extraordinarias empregadas (ACS, Apoios PT, AL…)

-Fíxose seguimento da atención educativa ao alumnado con NEAE trimestralmente na reunión do DO ao completo.

-Houbo boa coordinación entre a Xefatura de Estudos e a Xefatura do DO na organización dos horarios das medidas ordinarias, flexibilidade dos mesmos con opción a introducir cambios de ser necesario, en relación a actuacións organizativas da centro, na convocatoria do equipo docente pertinente para a reunión de información e asesoramento co Xefatura do D. de O. a propósito das valoracións psicopedagóxicas efectuadas, etc.

-Leváronse a cabo as medidas ordinarias recollidas no presente Plan Anual.

-Leváronse a cabo as actuacións e dinamizacións propostas por parte da Comisión de Dinamización de Convivencia do noso centro e conforme ao Plan de Convivencia para este curso escolar.

-Implementouse o Plan de Acollida do alumnado de infantil de 3 anos.

-Leváronse a cabo actuacións de detección temperá na etapa de infantil.

-Houbo coordinación, comunicación fluida e colaboración entre o DO e os Servizos Sanitarios (neuropediatría, psicoloxía e psiquiatría da USMIX, foniatría, etc) e intercambio de información a través dos correspondentes informes de seguimento (do D. de O. para os servizos sanitarios) e da USMIX para a familia e centro educativo, así como cos Servizos Sociais de ser o caso.

-A xefatura do D. de O. levou a cabo accións coas asociacións deportivas e culturais, etc. da zona dirixidas a favorecer a inclusión comunitaria e social do alumnado e das suas familias, inclusive para o períodos estival (campamentos) levando a cabo as xestións oportunas.

-Houbo coordinación e intercambio de información entre o D, de O. do centro educativo e a Xefatura do IES de Sanxenxo para facilitar a transición do alumnado de 6º de primaria á etapa de secundaria.

-Houbo bo aproveitamento e uso dos recursos humanos cos que contamos na atención á diversidade e, en especial, na atención e inclusión do alumnado con NEAE.

-Rexistrouse de xeito máis axeitado en documentación de grupo (actas de avaliación), Informe Individual de RE no expediente do neno/a, no XADE, etc. en canto ás medidas de atención á diversidade aplicadas en cada caso (RE, AC, EC de ser o caso…).

-Adecuouse no idioma ou lingua vehicular da familia, a documentación persoal (informes, boletíns, etc.) e de comunicación oficial (ABALAR…) no caso das familias de alumnado non galego.

-Fixéronse e aprobáronse modificacións no formulario de demanda de intervención ao D. de O. para que proporcione máis información relevante en relación a condicións contextuais de aula, tipos de metodoloxías empregadas de xeito sistemátivo e mantido no tempo, tipos de organización da actividade na aula, puntos fortes e febles da mesma, así como incorporar en relación ao alumno a nivel particular datos relativos a intereses, gustos, puntos fortes, observacións e conductas en diferentes contextos, etc.

-Leváronse a cabo os Apoios en Inglés na Hora de ler co alumnado con dificultades na competencia comunicativa en inglés ou coa área suspensa segundo as necesidades detectadas ao comezo do curso en todo o centro e incorporáronse de ser o caso ao longo do curso o alumnado no que xurdiran ou se detectaran novas necesidades ao respecto.

-Tivéronse en conta as necesidades trasladadas por parte da Xefatura do D. de Orientación á Xefatura de Estudos en canto a organización de horarios máis axeitados para as áreas instrumentais naqueles grupos con máis necesidades, dificultades de manter a atención polo esforzo, conforme se trasladou a final e comezo de curso para adecuar os horarios organizativos de centro para o curso.

-Dado o elevado volume de demandas de intervención ao DO (polo profesorado e as familias), priorizáronse os casos (suficientemente xustificados e urxentes con demandas formuladas con moita concreción, rigor...) a ser obxecto de valoración psicopedagóxica cun propósito e intencionalidade clara de situacións como as que recolle a normativa (dictames de escolarización, propostas de ACS, ou outras necesarias, etc.).

-No caso dos Informes psicopedagóxicos elaborados informouse do seu contido e das orientacións propostas neles aos demandantes e/ou corresponsables de dita atención educativa ás necesidades do neno ou nena (titor/a, profesorado e familias).

-Elaboráronse e redactáronse Informes (non psicopedagóxicos) para solicitar intervención de outros Servizos Externos e ou a demanda deles, ou para comunicar o seguimento e progresión do alumno a nivel escolar no caso de alumnado NEAE, sempre e cando foi preciso e ao caso segundo se establece nos protocolos, as actuacións xa previas, etc nos casos de UAT, EOE, USMIX, UDIAF, etc.

-Solicitouse autorización ás familias para levar a cabo valoracións, medidas extraordinarias e se recibiu debidamente asinado o documento integrado de información previa de todos os apoios ordinarios e extraordinarios que ía recibir o alumno no centro (apoio PDH, programas de reforzo específicos, Inglés, e de PT, AL).

-Fixéronse Informes non psicopedagóxicos pero sí necesarios para seguimento de intervención de servizos externos extrictamente, e empregáronse os documentos do D. de O. para que a familia asinase conforme recibiu Informe do D. de O. de seguimento e comunicación co profesional correspondente (USMIX, neuropediatría, pediatría, oftalmoloxía, otorrino, foniatría, atención temperá, etc.)

-Leváronse a cabo actuacións de coordinación co profesorado de nivel que traballa co mesmo alumno ou alumna no caso de ser necesario seguir unhas determinadas pautas e actuacións de forma consistente e unánime por parte de todos eles exprofeso para un alumno/a determinado/a segundo as necesidades detectadas e as propostas de actuación recollidas no Informe do D. de O./Informe Psicopedagóxico.

-Fixéronse as xestións oportunas para poder contar cos recursos específicos ou extraordinarios na atención educativa máis axeitada ao alumnado con NEE segundo cada caso (adaptadores, comunicadores, etc.) e as coordinacións precisas entre familias, equipo docente e profesionais externos para o mellor uso e aproveitamento dos mesmos.

-Empregáronse as aplicación “PROENS” e “aneae” da Consellería de Educación para a elaboración, xestión e tramitación das medidas de atención á diversidade correspondentes.

## 16.7.- ANEXOS

CEIP Plurilingüe de Portonovo, a 24 de outubro de 2023

Asdo: Rosana Díaz París

Xefa do Departamento de Orientación

## 17. CONCRECIÓN PLAN DE CONVIVENCIA

- Constitución do equipo.

| Nome Coordinador/a | Nivel/Especialidade |
|---|---|
| Avelina Lorenzo Parada | Titor/a |
| **Nome equipo dinamización de convivencia** | **Nivel/Especialidade** |
| Luz Besada Pérez | PT |
| Benchara Sabucedo Bestilleiro | Titor/a |
| Antonio Fernández Miniño | Titor/a |
| Montserrat Sueiro Alves | Titor/a |
| Rosana Díaz Paris | Xefa do DO |

- Concreción anual dos obxectivos marcados no mesmo e actuacións que se van desenvolver ao longo do curso.

| **Obxectivo 1:** Dar acollida ao alumnado de nova incorporación no centro | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Presentación dos compañeiros, coñecemento das instalacións do centro e acompañamento durante os primeiros días. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O alumnado de nova incorporación é acollido polo centro. | | |
| **Responsables** | Departamento de Orientación e titores | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Xornada de portas abertas, entrevistas coas familias, acompañamento dos alumnos e as familias nos primeiros días | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | **O alumnado de 4º de EI acollido no centro** | | |
| **Responsables** | Titores/as de EI e mestres/as de apoio | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

| **Obxectivo 2:** Mellorar o autoconcepto e autoestima do alumnado en xeral e traballar a educación afectivo-sexual. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Talleres de benestar socioemocional | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Crear redes de apoio entre o alumnado | | |
| **Responsables** | Equipo docente | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Taller “Relación afectivo sexuais saudables para a prevención das violencias machistas” | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☐ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | O alumnado teña maior coñecemento relacionado coa educación afectivo_social. | | |
| **Responsables** | Igualada, consultoria e formación. | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

| **Obxectivo 3:** Sensibilizar á comunidade educativa na igualdade entre homes e mulleres para previr posibles situacións de violencia de xénero e na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Actividades para conmemorar datas relacionadas coa igualdade e a non violencia | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Sensibilizar a comunidade educativa na igualdade entre sexos. | | |
| **Responsables** | Equipo docente | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Charlas, contos, libros, visualización de vídeos que fomenten a non discriminación por razón algunha. | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |
| **Indicador** | Traballase para que non exista discriminación por ningunha razón. | | |
| **Responsables** | Equipo docente | | |
| **Recursos e materiais** | | | |

| **Obxectivo 4:** Fomentar a adquisición de habilidades e competencias sociais para o alumnado tales como: a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar e ciberacoso. | | | |
|---|---|---|---|
| **Acción 1** | Solicitar charlas do Plan director (riscos de internet, acoso e ciberacoso) | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☐ | **2º T** ☒ | **3º T** ☐ |
| **Indicador** | Sensibilización familias, profesorado e alumnado. | | |
| **Responsables** | Asociación ecoloxistas en acción. | | |
| **Recursos e materiais** | | | |
| **Acción 2** | Promover a resolución pacífica de conflictos | | |
| | **Temporalización** | | |
| | **1º T** ☒ | **2º T** ☒ | **3º T** ☒ |

| | |
|---|---|
| **Indicador** | Que o profesorado modele o alumnado e que haxa alumnado o empregue ese proceso de maneira espontánea. |
| **Responsables** | Equipo docente |
| **Recursos e materiais** | Habilitación de espazos para a resolución pacífica de conflictos no patio e no interior. Folla detallada de cómo proceder para facelo todos do mesmo xeito. |

# 18.CONCRECIÓN PLAN DE IGUALDADE

| Actividade | Data prevista | Curso implicado | Profesorado responsable |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

# 19.PLURILINGÜISMO

## 19.1 Profesorado Responsable

| Nome Coordinador/a | Horas redución |
|---|---|
| Manuel Viéitez de la Fuente | 1 |
| **Nome profesores AICLE/CLIL** | **Nivel/Especialidade** |
| Montserrat Sueiro Alves | Titor/a |
| María Fernanda Iglesias Gómez | LE: Inglés |
| | Seleccione |
| | Seleccione |

## 19.2.Seccións Bilingües/PluriInfantil

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Nº alumnado nova incorporación | Autorización escrita dos pais | Materias | Lingua estranxeira |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |
| 3º EP | 2 | 35 | | Si ☒ Non ☐ | Ed. Artística: Plástica | Inglés |
| 4º EP | 2 | 21 | | Si ☒ Non ☐ | Ed. Artística: Plástica | Inglés |
| 5º EP | 2 | 30 | | Si ☒ Non ☐ | Ed. Artística: Plástica | Inglés |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 6º EP | 2 | 39 | | Si ☒ Non ☐ | Ed. Artística: Plástica | Inglés |
| | | | | | | |

## 19.3.Centros Plurilingües

| Curso | Nº grupos | Nº alumnado total | Materias | Lingua na que se imparte |
|---|---|---|---|---|
| 1º EP | 2 | 32 | Ed. Artística: Plástica | Inglés |
| 2º EP | 2 | 37 | Ed. Artística: Plástica | Inglés |
| Seleccione | | | Seleccione | Seleccione |
| Seleccione | | | Seleccione | Seleccione |

## 19.4.Mecanismos de seguimento e avaliación do programa plurilingüe ou seccións bilingües

A observación directa e a toma de notas no anecdotario será o principal mecanismo de seguimento e avaliación. Dadas as características da asignatura impartida, “ Educación artística- Plástica “, a análise do proceso de elaboración e realización de actividades manuais , atendendo ás indicacións orais , tanto na lingua materna coma na estranxeira, servirá de avaliación e seguimento.

Para facer un bo seguimento do proxecto iremos valorando aspectos como:

- Organización do centro: adecuación, cambios, melloras a introducir, …
- Progreso na consecución de obxectivos.
- Adecuación e secuenciación dos contidos, da metodoloxía, instrumentos de avaliación, e se é necesario, reformular os criterios.
- Adaptar o traballo do profesorado para desenvolver o proxecto: organización, colaboración, reunión…
- Incidencia no centro: resposta do profesorado implicado, das familias, doutros aspectos…

**Avaliación inicial:**

Diagnóstico da situación inicial, toma de contacto cos alumnos/as, coñecer os seus intereses, observar a súa autoimaxe para, a partir da realidade, ir construíndo neles unas expectativas ilusionantes, convencéndose da posibilidade de comunicarse noutra lingua ademais de facer tarefas moi motivadoras.

**Avaliación continua:**

